


orçamentos
2017

INFORME
ECONÓMICO E FINANCEIRO



INFORME ECONÓMICO E FINANCEIRO

CONTIDO

I.	GARANTÍA DE ESTABILIDADE FRONTE ÁS FORTES INCERTEZAS	9
II.	CONTORNA ECONÓMICA	21
II.1.	EVOLUCIÓN RECENTE E PERSPECTIVAS	23
II.2.	O CONTEXTO INTERNACIONAL	24
II.3.	ECONOMÍA ESPAÑOLA	33
II.4.	ECONOMÍA GALEGA	38
II.5.	ESCENARIO MACROECONÓMICO	45
II.6.	O ESCENARIO FINANCEIRO. SITUACIÓN MONETARIA E FINANCEIRA.	54
II.6.1.	TIPOS OFICIAIS DE REFERENCIA	55
II.6.2.	TIPOS DE XUROS INTERBANCARIOS	57
II.6.3.	MERCADO DE DÉBEDA PÚBLICA	58
II.6.4.	MERCADOS BOLSISTAS	61
II.6.5.	MERCADOS DE DIVISAS	62
III.	O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2015-2020.	65
III.1.	PRINCIPIOS TRANSVERSAIS DO PEG	68
III.1.1.	O RETO DA DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	68
III.1.2.	PULO Á CULTURA DA INNOVACIÓN E DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	71
III.1.3.	FOMENTO DO EMPREENDEDURISMO E DA INTERNACIONALIZACIÓN.	77
III.1.4.	COHESIÓN TERRITORIAL E FIXACIÓN DA POBOACIÓN NO MEDIO RURAL.	80
III.2.	EIXES DE ACTUACIÓN DO PEG 2015-2020.	85
III.3.	EIXE 1: EMPREGABILIDADE E CRECEMENTO INTELIXENTE.	87
III.4.	EIXE 2: BENESTAR DAS PERSOAS E AS FAMILIAS E COHESIÓN SOCIAL.	89
III.5.	EIXE 3. CRECEMENTO SUSTENTABLE, TERRITORIO, MAR, AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.	92
III.6.	EIXE 4. SOCIEDADE DIXITAL, LINGUA, CULTURA E REFORZO DO PESO DE GALICIA NO SEU ENTORNO.	95
III.7.	EIXE 5. ADMINISTRACIÓN MODERNA, EFICIENTE E DE CALIDADE.	96

III.8. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO 2015-2020__ 98

IV. ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2017 _____ 103

IV.1. GRANDES CIFRAS _____ 105

IV.1.1. EVOLUCIÓN DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO. TEITO
DE GASTO E CAPACIDADE DE GASTO _____ 105

IV.1.2. INGRESO CONSOLIDADO. _____ 107

IV.1.3. AUMENTO DO GASTO NON FINANCEIRO NUN 2,7% _____ 108

IV.1.4. MANTEMENTO DUN IMPORTANTE AFORRO BRUTO
E SALDO PRIMARIO A PESARES DO IMPORTANTE
ESFORZO EN GASTO CORRENTE NO QUE SON
INTENSIVAS AS ÁREAS SOCIAIS _____ 108

IV.1.5. FORMACIÓN DE CAPITAL: 855 MILLÓNS DE EUROS _____ 109

IV.1.6. FONDO DE CONTINXENCIA: 36 MILLÓNS DE EUROS _____ 109

IV.1.7. NECESIDADE DE FINANCIAMENTO AXUSTADA Á
SENDA DE CONSOLIDACIÓN FISCAL: 298 MILLÓNS DE EUROS __ 110

IV.1.8. PRINCIPAIS POLÍTICAS DE GASTO PRIORIZADAS NO
ORZAMENTO 2017 _____ 111

IV.1.9. CRECENTE RELEVANCIA DO GASTO SOCIAL _____ 111

IV.1.10. REFORZASE O FINANCIAMENTO ADICIONAL DA
ADMINISTRACIÓN LOCAL _____ 113

IV.1.11. FINANCIAMENTO DAS UNIVERSIDADES _____ 114

IV.1.12. INVESTIMENTO EN I+D+I _____ 115

IV.1.13. GASTO CON PERSPECTIVA TERRITORIAL _____ 117

IV.1.14. INGRESOS E NOVAS MEDIDAS TRIBUTARIAS _____ 118

IV.1.15. DISTRIBUCIÓN POR CONSELLERÍAS E ORGANISMOS
ESTATUTARIOS _____ 120

IV.2. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO NOS
ORZAMENTOS PARA 2017. O PLAN ESTRATÉXICO DE
GALICIA 2015-2020 _____ 122

V. SOSTIBILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA _____ 127

V.1. REGRAS FISCAIS E ORZAMENTO 2017 _____ 129

V.1.1. REGRA DE GASTO _____ 130

V.1.2. LÍMITE DE DÉBEDA. _____ 133

V.2. EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN FINANCEIRA AUTONÓMICA. _____ 135

V.2.1. EVOLUCIÓN ORZAMENTARIA _____ 135

V.3. EVOLUCIÓN DO ENDEBEDAMENTO: POSICIÓN RELATIVA _____ 150

V.4. TRANSPARENCIA _____ 153



GARANTÍA DE ESTABILIDADE FRONTE ÁS FORTES INCERTEZAS


I. GARANTÍA DE ESTABILIDADE FRONTE ÁS FORTES INCERTEZAS

Os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017 constitúen unha fonte de estabilidade e un piar sólido para continuar a consolidar a senda de crecemento iniciada a finais do 2014 e a sostibilidade das finanzas públicas autonómicas.

En efecto, fronte as fortes incertezas internas (orçamento xeral do estado prorrogado) e externas (impacto do Brexit, fin das políticas de expansión cuantitativa pola, problemas xeopolíticos que afectan ao funcionamento dos mercados de materias primas e muda do modelo de crecemento chino) que empeoran as expectativas e ameazan o crecemento, a presentación e aprobación do plan financeiro que constitúen os orzamentos da comunidade autónoma para 2017 constitúen unha nova etapa do itinerario marcado polo plan estratéxico de Galicia 2015-2020 (en diante PEG 2015-2020).

Se as bases sólidas e saneadas das finanzas da nosa comunidade autónoma posibilitaron apoiar o crecemento económico con forza no 2016 ata chegar a superar a taxa de crecemento nacional nas datas nas que se redacta esta memoria, tamén posibilitan como efectos de segunda rolda o crecemento do emprego e a mellora da recadación tributaria, o que posibilita absorber as baixas impositivas e a senda de consolidación fiscal e aumentar a capacidade de gasto ao tempo, en preto do 3% no 2016. Ademais o aproveitamento das mellores condicións dos mercados financeiros proporcionan aforros de preto de 40 millóns de euros (entre gastos financeiros do perímetro de consolidación orzamentario e de entes instrumentais), aportan novos recursos para o financiamento das políticas de gasto prioritarias en función do establecido polo antedito plan estratéxico.

Gráfico I: Evolución do PIB e paro rexistrado.




Se ben o bo ritmo de crecemento económico é unha noticia salientable, resulta aínda máis interesante a consolidación trimestral de bos ritmos de crecemento, nun contexto de prezos controlados e de saldo exterior crecentemente positivo, o que denominamos crecemento san e a mellor garantía da sostibilidade do mesmo.

No que atinxe aos estados orzamentarios, a mellora das dispoñibilidades financeiras autonómicas se acompasa co remate do proceso de consolidación fiscal de Galicia -que practicamente xa elabora e liquida o seu orzamento en equilibrio estrutural-, o que permite financiar as políticas de gasto precisas para impulsar un novo modelo de crecemento económico concretado no PEG 2015-2020 e dar un novo pulo ao gasto social.

Estas notas son as que caracterizan as contas que se presentan e explican a evolución das mesmas en termos de clasificación económica do gasto, cun importante aumento do gasto de transferencias correntes vencellado ás axudas a familias e persoas nas áreas de política social, emprego, educación e sanidade, o aforro en gasto de funcionamento da administración para gastar máis nos cidadáns a través da educación, benestar e sanidade.

Gráfico II: variación do gasto en bens e servizos.



Todo elo sen abandoar o esforzo investidor e o impulso á execución dos fondos estruturais da unión europea que permitan modernizar a nosa estrutura produtiva e mellorar a produtividade e a creación de emprego na nosa comunidade autónoma.

Para elo, como se indica no PEG 2015-2020 e nos pasados orzamentos, Galicia precisa mudar de xeito gradual o seu modelo de crecemento económico hacia outro xe-

rador de empregos con maior resiliencia á crise e de máis valor engadido na comunidade autónoma.

Consciente de que non se pode pedir compromiso, axuda e financiamento perante as administracións centrais de España e Europa sen previamente tomar pasos decididos para resolver os principais problemas da nosa comunidade autónoma, o paro e o devalo demográfico, a Xunta aprobou primeiro unha senda estratéxica que logo está a desenvolver ano a ano, para dar resposta a os mesmos. Se ben é sabido que as dúas eivas non se poderán superar a curto prazo, compre comezar xa a dar pasos decididos para a implantación das actuacións que leven a reverter os dous problemas, os orzamentos da comunidade autónoma son unha valiosa ferramenta ao impulso dos cambios pretendidos a través das políticas de fomento industrial e innovación, máis tamén de educación e emprego no que atinxe ao desemprego e de concienciación, conciliación e mellora da política familiar no que atinxe ao devalo demográfico.

Todo elo sen descoidar a faciana social dos orzamentos tanto polas importantes competencias da comunidade autónoma na materia, como por que a recente crise económica e a destrución de emprego que conlevou, afectaron dun xeito especial ás persoas e familias máis desfavorecidas, polo que se precisará aínda de importantes medidas paliativas, de apoio e de axuda a inserción no mercado laboral.

A técnica de orzamentación

Galicia leva anos intentando consolidar un novo modelo de gobernanza económica baseado no autogoberno, a responsabilidade e a transparencia. Os instrumentos básicos para desenvolvelo son a planificación estratéxica, a elaboración e implementación dos orzamentos e a avaliación dos resultados.

Autogoberno económico implica elaborar e liquidar unhas contas públicas con rigor e que permitan cumprir os obxectivos financeiros da comunidade autónoma preservando a súa capacidade para decidir a composición das principais magnitudes de gastos e ingresos do orzamento autonómico.

Responsabilidade económica significa manter os niveis de solvencia da comunidade autónoma nunha posición igual ou mellor que o anterior, tendo en conta as vicisitudes do ciclo económico e a asimetría de necesidades ás que da lugar.

Transparencia económica significa mostrar de xeito detallado, claro e sinxelo o destino das dotacións económicas do orzamento e dos obxectivos pretendidos coas mesmas, e a rendición de contas sobre o desempeño do goberno e o nivel de éxito para acadar os obxectivos fixados.

No que atinxe á orzamentación, a elaboración dunhas contas partindo de cero cada ano e priorizando as actuacións precisas para acadar os resultados previstos no PEG 2015-

2020 supón unha auténtico novo plantexamento do proceso de orzamentación ao que non están afeitos os principais axentes destinatarios do orzamento (familias, empresas, xestores de gasto de gasto..)

Por elo, a contención do gasto improdutivo e a preservación das magnitudes propias dunhas finanzas sans continúan a ser prioritarias no esquema financeiro da comunidade autónoma, o que non é incompatible con impulsar ao máximo os investimentos produtivos e as políticas de gasto que posibiliten o sinalado nos parágrafos anteriores no que atinxe ao novo modelo produtivo e ao gasto social.

Se ben os orzamentos de crecemento moderado son máis difíciles de implementar que os incrementalistas (onde todo cabe) por ser preciso un esforzo de axuste e priorización do gasto. Esta forma de orzamentar veu coa crise para quedarse, porque as necesidades superan e superarán con moito aos recursos da comunidade. No entanto, a disciplina fiscal permite manter a Galicia entre as comunidades autónomas que realizan un maior esforzo investidor.

É por elo que a orzamentación de cara a resultados, onde cada xestor debe acreditar que resultados vai acadar cos fondos que solicita, convertese nun elemento esencial do proceso de orzamentación e de desenvolvemento do PEG, que debe evolucionar cara á rendición de contas aos cidadás dos resultados acadados e á reformulación continua das estratexias priorizadas no PEG.

Todo o anterior debe acompañarse dun cambio nas formas tradicionais de xestión pública na liña indicada, pulando pola xestión encamiñada a resultados, promovendo un xiro hacia a cultura dos obxectivos e a transparencia e a rendición de contas, así como a revisión das políticas de gasto cando non acaden os resultados esperados.

Baixo este principio, de novo todo o proceso de elaboración dos orzamentos estivo orientado por unha revisión polo miúdo dos programas de gasto, analizando todos e cada un dos proxectos, revisando a súa denominación e contido e cuestionando a súa necesidade e valorando o impacto dos mesmos e o grao de aportación aos obxectivos establecidos. Este proceso reflíctese no catálogo de indicadores que acompañan a cada programa orzamentario.

Os indicadores recollidos nos orzamentos están totalmente revisados e en liña cos obxectivos a curto e medio prazo do PEG, tamén están coordinados cos recollidos nos programas operativos de fondos europeos, o que permite aliñar a estratexia da comunidade autónoma coa da unión europea e aproveitar as valiosas leccións aprendidas coa xestión de indicadores dos programas europeos. Estes indicadores permiten non so orientar a asignación de recursos públicos, senón que axudan ao xestor público a analizar os fallos na provisión de bens e servizos públicos e propoñer o cambio de procedementos ou de actuacións de gasto cara a outras de máis impacto no cidadán. Tamén permitirán seguir a

consecución dos obxectivos estratéxicos fixados no PEG 2015-2020 e reformular as liñas de actuación que non sexan efectivas de cara á consecución dos mesmos.

II. Como nos exercicios anteriores, as grandes cifras do orzamento parten da garantía do financiamento dos servizos sociais, que consolidan os altos niveis acadados nos últimos exercicios, mantendo unha adicación a estas políticas de gasto case 8 euros de cada 100 do gasto non financeiro. O que supón un aumento de máis de 220 millóns de euros respecto da magnitude financeira do orzamento anterior.


Así, reforzase as políticas sociais de maiores, aumentando máis de 13 millóns de euros o gasto corrente vencellado á dependencia, nunha serie de medidas de apoio á dinamización demográfica. Ademais, potenciase a inclusión, adicando recursos adicionais á RISGA e para desenvolver os itinerarios de integración laboral dos seus preceptores, e consolidando o plan de loita contra a desigualdade, a mellora das políticas de inclusión tentan, como se ten indicado, paliar os efectos da crise nos que a padecen con máis intensidade, loitando contra a pobreza e o desemprego, porque se ben a crise ten rematado aínda permanecen parte dos seus efectos en forma de desemprego e desigualdade. Tamén destíñanse recursos adicionais á os outros tipos de persoas en risco de exclusión, os discapacitados, os menores e as mulleres que sofren a violencia machista, todas elas contan con recursos adicionais no orzamento que se presenta.

O resto das políticas son parte dun paquete de actuación integral para a dinamización demográfica, un dos principais eixes transversais do plan estratéxico de Galicia, este plantexamento parte da convicción de que non só con medidas natalistas vaise invertir a dinámica demográfica da comunidade autónoma, senón que compre remover todos os atrancos que nos diversos eidos da actuación da Xunta de Galicia afectan á decisión de ter fillos. (emprego, renda familiar, conciliación). Para elo se prioriza o investimento en casas-niño e escolas 0-3, ao que se orzamentan máis de 12 millóns de euros, xunto con outras medidas de conciliación e que tentan axudar á dinamización demográfica.

No eido de educación, dótase de novos recursos a comedores e transporte escolar e a adquisicións de material escolar, pero tamén a infraestruturas e á contratación e formación do profesorado.

Por último, o gasto sanitario aumenta 100 millóns de euros, rematando os plans directores e marcha e iniciando outros novos (Ampliación do Hospital de Montecelo, nova facultade de medicina), así como proxectos de compra pública innovadora.

Gráfico III: Evolución do peso das políticas sociais.



As contas de 2017 contan con maiores recursos que permitirán reflectir mellor a aplicación de recursos ás políticas de gasto prioritarias, afondar no cambio de modelo de crecemento á vez que se impulsa a dinamización económica e a xeración de empregos a curto prazo, así como o sostemento do gasto social prestando especial atención á loita contra a desigualdade e á loita contra o devalo demográfico.

No que atinxe ao destino das magnitudes financeiras adicadas ao emprego, cambio de modelo produtivo e desenvolvemento económico, a asinación funcional das cifras orzamentarias amosan a aplicación das liñas estratéxicas contidas no PEG 2015-2020, que aposta por un modelo de crecemento intelixente e inclusivo que tenta responder a os principais retos que afrontará a nosa comunidade autónoma a medio prazo.

No que atinxe ao emprego, compre salientar as novas liñas de axuda para información, orientación e busca de emprego, formación de desempregados e de ocupados, integración laboral de persoas con discapacidade e outros colectivos vulnerables e incentivos á súa contratación, así como as de fomento da empregabilidade entre a mocidade

Por elo, se aposta con máis recursos polas políticas de innovación, I+D e o sistema universitario de Galicia.

No eido do fomento empresarial, a constatación de que aínda existen importantes atrancos para o acceso ao financiamento das empresas, polo miúdo das pequenas e das innovadoras, fai acentuar os esforzos do IGAPE e GAIN na implementación de instrumentos financeiros públicos que cubran ese fallo de mercado, ademais se consolidan as

políticas de subsidiación de tipos de interese, e deseñanse novas liñas de actuación que tentan estender a base de empresas exportadoras, así como outras para impulsar o desenvolvemento da iniciativa empresarial e a creación de emprego, poñendo especial énfase no apoio aos autónomos.

Se segue a promover os investimentos en materia de eficiencia enerxética para aforrar custes a familias e empresas aumentando a súa competitividade e ao tempo desenvolver o sector en Galicia e se preserva o medio ambiente.

Se impulsa a acción do IGVS apostando pola rehabilitación e a volta á construción de VPP para dinamizar o sector e aumentar a oferta de vivendas dispoñible.

A axencia galega de infraestruturas e augas de Galicia continúa co seu esforzo investidor co gallo de dar cumprimento á directiva marco da auga e pechar o mapa de infraestruturas de Galicia. Tamén Portos de Galicia aumentará os seus investimentos de cara a manter plenamente operativas as dársenas galegas. Por último impulsáronse con novos fondos sectoriais os investimentos no eido forestal e agrogandeiro.

Por último máis non menos importante destaca o importante esforzo investido da Axencia de modernización, que pasa a integrar todas as TIC da Xunta agás as do SERGAS, e desenvolve novas medidas de fomento do sector TIC, ademais do forte pulo da propia administración como sector tractor neste eido, co que tentará que Galicia avance no seu desenvolvemento dixital logrando unha administración e unhas empresas máis eficientes.

Recollese un novo paquete de actuacións referentes á iniciativa de emprego xuvenil, que se estende ata mozos de 30 anos. Respecto aos restantes fondos europeos, os Orzamentos para 2017 consolidan as principais operacións previstas nos programas operativos que desenvolverán o marco 14-20.

No marco 14-20, por primeira vez a comunidade autónoma presenta un programa operativo rexional de FEDER e FSE que xestionará en solitario, ademais de participar nos plurirrexionais xestionados pola Administración Xeral do Estado.

O PEG 2015-2020 integra e adapta ás prioridades estratéxicas de Galicia os obxectivos e liñas de actuación dos programas operativos de fondos.

Compre por último salientar o papel vertebrador e artellador da asignación dos investimentos no territorio, así como a solidariedade interadministrativa, se ben xa no 2010 a Xunta blindou a participación da participación dos consellos nos tributos autonómicos a través do FCL e do FCA, no presente exercicio a disciplina financeira mantida nos últimos exercicios permite que este volte a medrar en máis de tres millóns de euros.

Xa para rematar, estes Orzamentos proporcionan ao resto dos axentes públicos e privados que operan en Galicia, a definición das orientacións da administración autonómi-

ca nas liñas de crecemento pretendidas, diminuíndo incertezas e incorporando expectativas racionais. Pretenden con elo vertebrar e impulsar a gobernanza conxunta entre sector público e sector privado, institucións e cidadáns, intensificando a presenza e capacidade de cooperación entre os axentes sociais na elaboración, execución e resultados dos programas e proxectos de interese común.


III. E todo isto sen renunciar ao saneamento das finanzas públicas autonómicas reducindo o recurso ao endebedamento.

O Cadro seguinte mostra a senda de consolidación fiscal realizada ate 2015 e autorizada a partires da devandita data, tendo en conta que o reparto entre a administración xeral do estado e a seguridade social é unha estimación propia.-

Cadro I: Capacidade (+) / Necesidade (-) de Financiamento (% PIB) das aapp

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Administración central	-8,7	-5,9	-5,1	-4,1	-4,5	-3,5	-2,6	-2,1	-1,5	-1,1	-0,9
Comunidades Autónomas	-2,0	-2,9	-3,3	-1,8	-1,5	-1,7	-1,7	-0,7	-0,6	-0,3	0,0
Corporacións Locais	-0,5	-0,5	-0,5	-0,2	0,5	0,5	0,4	0,0	0	0,0	0,0
Seguridade Social			-0,1	-1,0	-1,0	-1,1	-1,3	-1,8	-1	-0,8	-0,7
TOTAL	-11,2	-9,3	-9,0	-7,1	-6,5	-5,7	-5,2	-4,6	-3,1	-2,2	-1,6

Gráfica IV.Comparativa do diferencial do déficit recente. Galicia vs sector público autonómico.




A gráfica superior mostra como o realismo na orzamentación de Galicia e o rigor na liquidación dos orzamentos durante a crise favoreceu unha senda de consolidación máis suave que a do resto de comunidades autónomas e un menor recurso ao endebedamento.


A actual mellora da conxuntura económica non debe dar lugar á compracencia xa que o paro e a débeda son aínda altos polo que deben continuarse os esforzos de reforma estrutural e control das finanzas públicas para garantir o impulso do emprego e a actividade económica e unha situación financeira saneada que permita recorrer ao endebedamento cando se precise e a un custe razoable.

Estes orzamentos continúan a rota marcada e permiten visualizar como o rigor financeiro permite apoiar con forza as políticas de impulso económico e recuperación retributiva ao tempo que se consolida a posición financeira da Xunta de Galicia. Esta forma de actuar é a mellor garantía de futuro, da sostibilidade das finanzas públicas e a única garantía do mantemento dunha autonomía real, allea a os programas de axuste que obrigan ás administracións incumpridoras do pacto de estabilidade e crecemento da Unión Europea.

Como indican os cadros seguintes esta dinámica orzamentaria permite presentar unhas contas coa mellor relación de gasto adicado a financiar investimentos e provisión de bens e servizos públicos fronte os precisos para atender o servizo da débeda dende que comezou a crise e sen comparación con outras finanzas autonómicas.

Gráfica V :Incremento Débeda/PIB 2011-2017





CONTORNA ECONÓMICA

II. CONTORNA ECONÓMICA

II.1. EVOLUCIÓN RECENTE E PERSPECTIVAS

A evolución das perspectivas mundiais nos últimos meses reflicte unha combinación de factores a curto prazo e forzas a máis longo prazo.

Os factores a curto apuntan a unha moderación do crecemento mundial no 2016 seguida de unha recuperación paulatina, así como a riscos á baixa. Algunhas destas forzas son novos shocks, como a saída do Reino Unido da Unión Europea como resultado do referendo celebrado o 23 de xuño 2016—; outras son realiañamentos en curso, como o de China ao a adaptación dos países exportadores de materias primas a unha menor demanda e diminución prolongada dos termos de intercambio; e outras son, tendencias de lento movemento, como os factores demográficos e a evolución do crecemento da produtividade; así como outros factores non económicos, como a incerteza xeopolítica e política.

Esa tímida recuperación tamén contribúe a explicar a debilidade do comercio mundial e o persistente baixo nivel da inflación.

Do lado positivo, alén de unha forte depreciación da libra, contivéronse polo xeral reacción de alcance nos mercados ao voto a favor do brexit, e por tanto efectos de segunda rolda na economía real.

Ben é certo que, na medida en que os datos macro post brexit son moi limitados ata o de agora, persiste a incerteza en torno ao seu impacto, de xeito especial Europa. Área na que persiste un crecemento moi lento, e fortes dúbidas sobre a necesidade de saneamento das institucións financeiras dalgúns países.

A actitude dos mercados cara as economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento ten mellorado grazas á disipación das inquiredanzas en torno ás perspectivas a curto prazo de China, novidades macroeconómicas lixeiramente favorables procedentes doutras economías de mercados emerxentes nos últimos meses, unha certa recuperación dos prezos das materias primas, e expectativas á baixa das taxas de interese das economías avanzadas.

Así o crecemento proxectado a partir de 2017, atribuíble case na súa totalidade ás economías de mercados emerxentes e en desenvolvemento. Isto é debido a dous factores: a normalización gradual das condicións macroeconómicas de varios países que están a experimentar profundas recesións e o crecente peso dos países en rápido crecemento pertencentes a este grupo dentro da economía mundial.

Por último, salienta que segue a causar sorpresa a falla de cumprimento das expectativas de saída da crise das economías máis desenvolvidas, malia que de xeito dispar, o

saneamento macro das economías avanzadas vese afectado por tendencias subxacentes relacionadas co avellentamento da poboación e un menor crecemento da produtividade. É posible que a combinación de estes factores máis profundos contribuíran ao deterioro das expectativas de crecemento do produto potencial e da rendibilidade no futuro, así como á debilidade da demanda actual e a unha taxa de xuro real de equilibrio máis baixa. Como resulta evidente, as taxas de equilibrio máis baixas, á súa vez, limitan o grao no que se pode estimular a demanda rebaixando as taxas de política monetaria.

II.2. O CONTEXTO INTERNACIONAL

O crecemento da economía mundial previsto para o ano 2016 estará entre o 2,9% e o 3,1% segundo os principais organismos internacionais elaboradores de previsións. Este prognóstico significa unha moderación no crecemento da economía mundial, cun crecemento lixeiramente inferior ao do ano anterior. Para o ano 2017 espérase unha mellora máis significativa, os tres organismos coinciden nun crecemento mundial do produto interior bruto dunhas tres décimas superior ao do ano anterior. Estas previsións, nas que coinciden basicamente o Fondo Monetario Internacional (FMI), a Organización para a Cooperación y el Desarrollo Económicos (OCDE) e a Comisión Europea, suxiren un crecemento máis moderado no ano 2016 e un repunte nos anos seguintes, o que significa que a recuperación económica mundial continúa pero a un ritmo máis moderado, motivado polo débil crecemento das economías avanzadas, que non se compensa co fortalecemento das economías dos mercados emerxentes. Esta fragilidade débese principalmente a unha menor demanda, polo crecemento máis lento do comercio internacional e a unha continuada baixa inflación. As previsións para os próximos anos están suxeitas a riscos importantes á baixa, como proceso de abandono do Reino Unido da Unión Europea e as tensións xeopolíticas.

Cadro II: Previsións macroeconómicas

Previsións macroeconómicas. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI (outubro 2016)		OCDE (setembro 2016)		Comisión Europea (novembro 2016)	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017
PIB Mundial	3,1	3,4	2,9	3,2	3,0	3,4
Área Euro*	1,7	1,5	1,5	1,4	1,7	1,5
Francia	1,3	1,3	1,3	1,3	1,3	1,4
Alemaña	1,7	1,4	1,8	1,5	1,9	1,5
Italia	0,8	0,9	0,8	0,8	0,7	0,9
Portugal**	1,0	1,1	1,2	1,3	0,9	1,2
España**	3,1	2,2	2,8	2,3	3,2	2,3
Reino Unido	1,8	1,1	1,8	1,0	1,9	1,0
Estados Unidos	1,6	2,2	1,4	2,1	1,6	2,1
Xapón	0,5	0,6	0,6	0,7	0,7	0,8
Marrocos	1,8	4,8	--	--	--	--
México**	2,1	2,3	2,6	3,0	2,0	2,2
Brasil	-3,3	0,5	-3,3	-0,3	-3,1	0,9
China	6,6	6,2	6,5	6,2	6,6	6,2
India	7,6	7,6	7,4	7,5	7,4	7,4
Comercio mundial de bens e servizos**	2,3	3,8	2,1	3,2	--	--

Fonte: FMI, OCDE e Comisión Europea

(*) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 15 países

(**) No Interim Economic Outlook de setembro da OCDE non se inclúen as previsións destes países

Os crecementos esperados para o conxunto da economía global encerran diferenzas significativas por áreas. Utilizando como fonte de información o FMI, as economías avanzadas crecerán un 1,6% en 2016 e un 1,8% en 2017, con diferenzas entre os distintos países:

Estados Unidos, logo dun crecemento no 2016 inferior ao do ano anterior, volverá no 2017 a taxas superiores ao 2% e Canadá e Xapón manterán unha senda crecente. En senso contrario prevese unha desaceleración do crecemento na zona euro e Reino Unido, motivado principalmente polas repercusións do brexit. Aínda que as economías emerxentes e desenvolvidas² serán o motor de crecemento da economía mundial, cun incremento en 2016 do 4,2% (dúas décimas máis que o ano anterior), que se incrementará ata o 4,6% en 2017, o crecemento será inferior á media dos últimos anos e a situación moi desigual por países:

Mentres que se prevé unha desaceleración da economía de China, países como Brasil e Rusia están a saír da recesión.

Para o ano 2016, os novos prognósticos do FMI, da OCDE e da Comisión Europea, comparando coas estimacións previas elaboradas polos mesmos organismos e conside-

rando unicamente as principais economías, soamente melloran ou manteñen o crecemento proposto anteriormente de Alemaña, España, Reino Unido, Brasil, China e India.

Cadro III: Variación das previsións.

Previsións 2016. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI		OCDE		Comisión Europea	
	Xullo	Outubro	Xuño	Setembro	Maio	Novembro
PIB Mundial	3,1	3,1	3,0	2,9	3,1	3,0
Área Euro*	1,6	1,7	1,6	1,5	1,6	1,7
Francia	1,5	1,3	1,4	1,3	1,3	1,3
Alemaña	1,6	1,7	1,6	1,8	1,6	1,9
Italia	0,9	0,8	1,0	0,8	1,1	0,7
Portugal**	1,4	1,0	1,2	1,2	1,5	0,9
España**	2,6	3,1	2,8	2,8	2,6	3,2
Reino Unido	1,7	1,8	1,7	1,8	1,8	1,9
Estados Unidos	2,2	1,6	1,8	1,4	2,3	1,6
Xapón	0,3	0,5	0,7	0,6	0,8	0,7
Marrocos	2,3	1,8	--	--	--	--
México**	2,5	2,1	2,6	2,6	2,2	2,0
Brasil	-3,3	-3,3	-4,3	-3,3	-3,7	-3,1
China	6,6	6,6	6,5	6,5	6,5	6,6
India	7,4	7,6	7,4	7,4	7,4	7,4
Comercio mundial de bens e servizos**	2,7	2,3	2,1	2,1	--	--

Fonte: FMI, OCDE e Comisión Europea

(*) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 15 países

(**) No Interim Economic Outlook de setembro da OCDE non se inclúen as previsións destes países

Para o 2017, as previsións máis recentes, as da Comisión Europea (novembro), baixan tres décimas a taxa de crecemento da área do euro sobre a predición anterior, por un peor comportamento das principais economías respecto ao previsto anteriormente. Para Reino Unido a revisión á baixa foi máis forte, do 1,9% ao 1,0%, como consecuencia da incerteza sobre o Brexit.

Cadro IV. Variación das previsións

Previsións 2017. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI		OCDE		Comisión Europea	
	Xullo	Outubro	Xuño	Setembro	Maio	Novembro
PIB Mundial*	3,4	3,4	3,3	3,2	3,4	3,4
Área Euro*	1,4	1,5	1,7	1,4	1,8	1,5
Francia	1,2	1,3	1,5	1,3	1,7	1,4
Alemaña	1,2	1,4	1,7	1,5	1,6	1,5
Italia	1,0	0,9	1,4	0,8	1,3	0,9
Portugal**	1,3	1,1	1,3	1,3	1,7	1,2
España**	2,1	2,2	2,3	2,3	2,5	2,3
Reino Unido	1,3	1,1	2,0	1,0	1,9	1,0
Estados Unidos	2,5	2,2	2,2	2,1	2,2	2,1
Xapón	0,1	0,6	0,4	0,7	0,4	0,8
Marrocos	4,1	4,8	--	--	--	--
México**	2,6	2,3	3,0	3,0	2,4	2,2
Brasil	0,5	0,5	-1,7	-0,3	0,3	0,9
China	6,2	6,2	6,2	6,2	6,2	6,2
India	7,4	7,6	7,5	7,5	7,4	7,4
Comercio mundial de bens e servizos**	3,9	3,8	3,2	3,2	--	--

Fonte: FMI, OCDE e Comisión Europea

(*) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 15 países

(**) No Interim Economic Outlook de setembro da OCDE non se inclúen as previsións destes países

Nos seguintes parágrafos detállanse estas previsións para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións comerciais e que, por tanto, teñen unha maior influencia na economía galega. Estes países son Estados Unidos, Xapón, China, India, os principais da zona euro, Reino Unido e Marrocos. Para o seguimento dos países utilízanse principalmente os datos da Comisión Europea, que publicou o 9 de novembro deste ano e comentáranse as principais discrepancias coas previsións do FMI (actualizadas en outubro) e as da OCDE (actualizadas en setembro agás as de Portugal e España).

As proxeccións informan de que a recuperación económica na zona euro continuará no período 2016-2017, aínda que as taxas de crecemento serán inferiores ás do ano anterior; esta recuperación baséase na mellora da demanda interna, apoiada por unha política monetaria acomodaticia, unha política fiscal favorable, os aínda baixos prezos do petróleo e a mellora no mercado de traballo; en senso contrario prevese que a decisión do Reino Unido de deixar a Unión Europea afecte negativamente, cun descenso nas exportacións, que afectará de distinta forma a cada país segundo os vínculos comerciais que manteñan con este país. En 2016 o FMI e a Comisión Europea coinciden en que o PIB crecerá o 1,7%, tres décimas menos que o ano anterior, e a OCDE estima un crecemento dúas décimas inferior; en 2017 o PIB incrementárase nun 1,5%, dúas décimas menos que o ano

anterior segundo a Comisión Europea e o FMI, mentres que a OCDE prevé un crecemento do 1,4%, unha décima inferior ao previsto para o ano anterior.

Por países dentro da zona euro, as perspectivas da Comisión Europea para 2016 apuntan a un crecemento sostido nas principais economías, co mesmo crecemento que no ano anterior en España (3,2%), Francia (1,3%) e Italia (0,7%), un maior incremento en Alemaña (1,9% en 2016 fronte ao 1,7% en 2015), mentres que Portugal minorará o seu crecemento (0,9%) respecto do ano anterior (1,6%). As previsións da OCDE e do FMI rebaixan as estimacións respecto ás da Comisión Europea para Alemaña, 1,8% e 1,7% respectivamente, e España para a que o FMI prevé un crecemento do 3,1% e a OCDE (xuño) do 2,8%; o FMI eleva unha décima as previsións de Italia (0,8%) e Portugal (1,0%) respecto ás da Comisión.

As previsións para 2017 da Comisión Europea amosan un maior crecemento que no ano 2016 nas principais economías agás en Alemaña e España, onde diminúe con respecto ao ano anterior ata o 1,5% no caso de Alemaña e o 2,3% en España. Así, o crecemento de Francia será do 1,4%, o de Italia do 0,9% e o de Portugal do 1,2%. De novo, as previsións do FMI, baixan estas estimacións para case todos estes países da área euro; o crecemento de Alemaña no 2017 será do 1,4%, o de Francia 1,3%, o de Portugal 1,1%, o de España 2,2% e coinciden na previsión para Italia. En senso contrario, as previsións da OCDE melloran as perspectivas respecto das da Comisión para Portugal e coinciden na previsión para Alemaña e España.

No principal país da UE que queda fóra da zona euro, o Reino Unido, as perspectivas para o ano 2016 son dun crecemento do 1,9%, inferior en tres décimas ao do ano precedente aínda que superior á media da zona euro. Para 2017 o crecemento tamén será inferior ao do ano anterior, 1,0%. As previsións do FMI e da OCDE empeoran as estimacións da Comisión Europea para o ano 2016, con crecemento do 1,8% e no 2017 o FMI prevé un crecemento do 1,1%, unha décima superior ao da Comisión Europea e a OCDE. O abandono do Reino Unido da Unión Europea provocou unha revisión importante á baixa das perspectivas de crecemento da economía británica no ano 2017, baseado nun descenso na inversión así como un crecemento máis lento do consumo privado.

En Estados Unidos as últimas previsións tanto da Comisión Europea como do FMI revisaron á baixa o crecemento para 2016, ata o 1,6%, o que supón un menor crecemento respecto dos anos anteriores, debido principalmente a un descenso na inversión por unha baixada no prezo da enerxía e a apreciación do dólar ademais da incerteza sobre os resultados electorais. Para o ano 2017 prevese unha aceleración no crecemento, 2,1%, a medida que se reduzan os efectos anteriores. As previsións do FMI coinciden para o ano 2016 e superan nunha décima as da Comisión Europea en 2017, 2,2%.

En Xapón as últimas previsións mostran un débil crecemento desta economía nos dous próximos anos; para o 2016, oscilan entre o 0,5% do FMI e o 0,7% da OCDE e para

o ano 2017 os tres organismos prevén un crecemento unha décima superior ao do ano anterior. O retraso na implantación dun imposto sobre o consumo e a política monetaria expansiva favorecen o crecemento da economía nipona mentres que a diminución da poboación e a apreciación do yen exercen o efecto contrario.


A desaceleración da economía china continuará nos próximos anos debido ao proceso de reequilibramento que se está a producir. As últimas previsións do FMI e da Comisión Europea estiman un crecemento do 6,6% en 2016 e a OCDE do 6,5% e un crecemento inferior no ano 2017, 6,2% segundo os tres organismos. Na India as previsións para o 2016 oscilan entre o 7,6% do FMI e o 7,4% da Comisión e a OCDE, mentres que para o 2017 a previsión máis baixa é a da Comisión, 7,4%.

Utilizando os datos do FMI, a economía de Marrocos crecerá o 1,8% en 2016, 2,7 puntos por debaixo do crecemento do ano anterior, e volverá a rexistrar un forte crecemento en 2017, 4,8%.

A Comisión Europea tamén ofrece nas súas previsións o perfil dos crecementos trimestrais. O gráfico 6 presenta o crecemento intertrimestral previsto para as principais economías europeas, Estados Unidos e Xapón para o último trimestre de 2016 e o ano 2017. Para os tres primeiros trimestres de 2016 recóllense as estimacións difundidas por Eurostat (ou OCDE no caso de Xapón) en lugar das previsións.

Gráfico VI: Previsións intertrimestrais 2017

Previsións crecemento intertrimestral do PIB en 2016 e 2017



Fonte: Comisión Europea

Á vista destes gráficos obsérvase un comportamento dispar entre as principais economías avanzadas nos dous anos. Mentres que en Alemaña, Italia e España as taxas de crecemento intertrimestral a principios do ano 2016 son superiores ás de finais de ano, Reino Unido acada o seu maior crecemento no segundo trimestre e Estados Unidos no terceiro para logo diminuír progresivamente ao avanzar o ano. No 2017 as taxas intertrimestrais tenden a estabilizarse, agás en Xapón que amosa máis variacións.

En termos de taxas interanuais os crecementos son os que se mostran no gráfico 7, e obsérvase un comportamento distinto entre as principais economías avanzadas nos dous anos.


Mentres que en España e Reino Unido as taxas de crecemento interanual a principios do ano 2016 son superiores ás de finais de ano, Alemaña, Estados Unidos e Xapón incrementarán o seu crecemento ao avanzar o ano. No 2017 Alemaña, Francia, Italia e Portugal amosan unha senda crecente mentres que España, Reino Unido, Estados Unidos e Xapón diminuirán o seu crecemento a finais de ano.

No gráfico seguinte móstranse as taxas de crecemento interanual previstas pola Comisión Europea.

Igual que no gráfico anterior, os tres primeiros trimestres de 2016 son datos observados.

Gráfico VII: Previsións interanuais 2017

Previsións crecemento interanual do PIB en 2016 e 2017



Fonte: Comisión Europea

II.3. ECONOMÍA ESPAÑOLA

Os datos máis recentes de crecemento económico para España amosan unha fase de ralentización da economía; o PIB rexistrou un incremento intertrimestral no terceiro trimestre inferior ao dos dous trimestres anteriores. En termos de taxa interanual, o crecemento foi inferior en dúas décimas ao dos dous trimestres precedentes. A continuación detállase o comportamento da economía española no terceiro trimestre do ano comparado co segundo trimestre para mostrar a tendencia a curto prazo da mesma.

O PIB xerado pola economía española no terceiro trimestre de 2016 rexistrou un crecemento do 3,2% respecto ao mesmo período do ano anterior, dúas décimas inferior ao do trimestre anterior.

Analizando os dous grandes compoñentes do PIB español dende a óptica do gasto obsérvase unha achega menor da demanda nacional, contrarrestada pola maior achega da demanda externa. Así, por unha parte, a achega da demanda nacional ao PIB é de 2,6 puntos porcentuais, tres décimas menor que á rexistrada no trimestre precedente e por outra, a demanda externa mellora unha décima a súa achega ao crecemento agregado con respecto ao trimestre precedente, situándose en 0,6 puntos porcentuais.

Cadro V: Compoñentes do PIN polo lado da demanda.

España. Produto Interior Bruto e os seus compoñentes. Demanda. Índices de volume									
Datos corrigidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)									
Operacións	2014	2015	2015				2016		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Gasto en consumo final	1,1	2,6	2,1	2,4	3,0	3,1	3,1	2,6	2,4
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	1,6	2,9	2,4	2,5	3,3	3,2	3,4	3,2	2,8
-Gasto en consumo final das AAPP	-0,3	2,0	1,0	1,9	2,3	2,7	2,0	0,8	1,4
Formación bruta de capital	5,4	6,5	5,5	6,6	7,0	6,9	5,6	4,1	3,3
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	1,9	3,3	2,7	3,2	3,7	3,7	3,5	2,9	2,6
Exportacións de bens e servizos	4,2	4,9	4,6	5,0	4,9	5,0	4,1	6,4	2,8
Importacións de bens e servizos	6,5	5,6	4,8	5,5	6,2	6,1	4,8	5,1	0,9
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	1,4	3,2	2,7	3,1	3,4	3,6	3,4	3,4	3,2

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE)

O gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF experimenta un crecemento interanual este trimestre do 2,8%, catro décimas inferior á taxa rexistrada no trimestre precedente, como consecuencia do comportamento conxunto de todos os seus compoñentes.

O gasto en consumo final das AA.PP. rexistra un crecemento do 1,4%, seis décimas superior ao do trimestre anterior.

A formación bruta de capital presenta unha taxa de crecemento do 3,3%, inferior ao rexistro do trimestre precedente (4,1%). Segundo o tipo de activos, a demanda de activos materiais presenta unha taxa do 3,2%, cinco décimas menor que a do segundo trimestre; a inversión en produtos da propiedade intelectual aumenta un 2,6%, 0,9 puntos menos que no trimestre anterior.

A inversión en activos de construción aumenta un 2,0%, manténdose estable respecto do trimestre precedente, debido ao comportamento tanto da inversión en vivenda como en outras construcións.

A inversión en bens de equipo rexistra un crecemento do 5,0% fronte ao 6,2% do trimestre anterior, en sintonía cos indicadores de produción e cifra de negocios industrial e de comercio exterior deste tipo de bens.

A achega da demanda externa da economía española ao PIB trimestral neste período foi de 0,6 puntos porcentuais, unha décima máis que no trimestre precedente; resultado que se produce polo maior decrecemento respecto do trimestre anterior das importacións que das exportacións. As exportacións de bens e servizos minoran o seu crecemento en 3,6 puntos, pasando do 6,4% ao 2,8%; este menor crecemento prodúcese en todos os apartados das exportacións; así, no de bens o crecemento pasa do 5,9% ao 2,5%, nos servizos non turísticos rexístrase un crecemento do 0,1%, seis puntos menos que no trimestre anterior e, por último, as compras dos non residentes rexistran un crecemento do 8,2%, inferior en 1,5 puntos ao dato do segundo trimestre.

Pola súa parte, as importacións creceron un 0,9%, 4,2 puntos menos que no trimestre precedente. As importacións de bens diminúen 5,8 puntos respecto ao segundo trimestre (do 4,6% ao -1,2%); as importacións de servizos non turísticos rexistran unha taxa do 6,8%, co que melloran en 2,4 puntos o rexistro do trimestre precedente; as compras dos residentes no resto do mundo rexistran un crecemento do 24,3% fronte ao 16,5% do trimestre anterior.

Dende a perspectiva da oferta, a nivel de agregado, o sector primario e a construción amosan un mellor comportamento que no trimestre precedente mentres que a industria e os servizos rexistran un crecemento inferior ao do segundo trimestre.

Cadro VI, *Compoñentes do PIB polo lado da oferta.*

España. Produto Interior Bruto e os seus compoñentes. Oferta. Índices de volume									
<i>Datos corrigidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)</i>									
Operacións	2014	2015	2015				2016		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-1,6	-2,9	-6,5	-4,3	-4,3	3,9	4,3	2,4	2,5
Industria	1,8	5,5	5,3	5,6	6,1	4,9	3,0	3,1	1,9
- Industria manufactureira	3,1	7,0	6,1	6,9	7,9	7,0	4,6	4,3	2,9
Construción	-1,2	0,2	-0,2	-0,4	0,1	1,1	1,7	1,6	2,7
Servizos	1,4	2,6	2,2	2,6	2,9	2,9	3,4	3,6	3,4
Impostos netos sobre os produtos	2,9	6,7	6,2	6,6	6,9	7,0	4,8	4,2	4,5
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	1,4	3,2	2,7	3,1	3,4	3,6	3,4	3,4	3,2

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE)

As ramas agraria, gandeira e pesqueira amosan un crecemento do 2,5%, unha décima superior ao do trimestre precedente; a construción rexistra unha taxa do 2,7% fronte ao 1,6% do trimestre anterior.

As ramas industriais diminúen a súa taxa en 1,2 puntos, ao pasar do 3,1% ao 1,9%; a industria manufactureira desacelera o seu crecemento, do 4,3% do segundo trimestre ao 2,9% no terceiro.

Por último, os servizos minoran en dúas décimas o crecemento do trimestre anterior, do 3,6% ao 3,4%, como consecuencia do comportamento conxunto das actividades que integran o sector.

O emprego, medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra un crecemento do 2,9%, unha décima superior ao do trimestre precedente. Esta evolución supón un incremento neto de 499 mil empregos equivalentes a tempo completo nun ano. O sector primario, a industria e a construción aceleran o seu ritmo de crecemento en termos de emprego, mentres que os servizos amosan un crecemento similar ao do trimestre precedente.

O número de horas efectivamente traballadas polas persoas ocupadas na economía aumenta un 2,5%, manténdose no mesmo nivel de crecemento que no trimestre anterior. As horas traballadas no sector primario e na industria aumentan un 2,1%, mellorando o rexistro do trimestre anterior; en senso contrario, na construción e nos servizos o incremento do número de horas traballadas é unha décima inferior ao do trimestre precedente, logo de crecer neste trimestre o 1,5% e o 2,7% respectivamente.

Con este crecemento da actividade e do emprego, a produtividade aparente por posto de traballo equivalente diminúe en catro décimas, dende o 0,6% ata o 0,2%, e a

produtividade por hora traballada rexistra un crecemento do 0,6%, tres décimas inferior ao do trimestre precedente.

Cadro VII, Variación trimestral dos postos de traballo

España. Postos de traballo equivalentes a tempo completo									
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)									
	2014	2015	2015				2016		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	0,8	1,2	-4,8	1,1	4,3	4,6	5,1	1,2	1,8
Industria	-1,2	1,6	1,4	2,0	1,8	1,4	1,8	1,3	1,8
- Industria manufacturera	-1,3	2,0	1,6	2,3	2,2	1,9	2,5	1,9	2,2
Construción	-3,1	6,6	7,9	7,5	5,8	5,2	1,5	1,5	3,5
Servizos	1,8	3,0	3,1	3,0	3,0	3,0	3,3	3,2	3,2
TOTAL POSTOS DE TRABAJO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	1,1	3,0	2,8	3,0	3,0	3,0	3,1	2,8	2,9

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE)

Estes datos do terceiro trimestre de 2016 confirman unha moderación do crecemento económico de España. As previsións da Comisión Europea que se mostraban nos gráficos 1 e 2 estiman que os crecementos interanuais do PIB no segundo semestre do ano serán lixeiramente inferiores, chegando a unha taxa interanual do 2,9% no último trimestre do ano. En termos de taxa intertrimestral a Comisión Europea prevé unha contención no crecemento da economía española, cun descenso gradual das taxas, 0,7% no terceiro trimestre (a Contabilidade nacional trimestral do INE confirma esta taxa) e 0,6% no último trimestre do ano.

No que respecta ao crecemento esperado para 2016 e 2017, o escenario do Goberno prevé un crecemento do PIB en 2016 do 2,9% e do 2,3% en 2017. As estimacións da Comisión Europea (as máis recentes, do mes de novembro) estiman que o PIB se incrementará un 3,2% no 2016 e un 2,3% en 2017. O FMI prognostica un crecemento unha décima inferior nos dous anos, un 3,1% en 2016 e en un 2,2% en 2017. A OCDE (de xuño de 2016) estima un crecemento do 2,8% en 2016 e do 2,3% en 2017.

Polo tanto, as previsións para 2016 están entre o crecemento do 2,8% da OCDE e o 3,2% da Comisión Europea. A análise dos compoñentes dende a perspectiva da demanda segundo estas catro fontes mostra diferenzas entre elas, motivadas polas distintas estimación dos agregados: o Goberno estima un crecemento da formación bruta de capital fixo do 5,4%, fronte ao 4,2% estimado pola Comisión Europea e o FMI; a OCDE prevé un crecemento deste agregado do 4,6%. Ademais, o consumo privado e o consumo público previsto polo Goberno acadarían unha taxa de crecemento unha décima superior á da Comisión. A predición de consumo privado do FMI coincide coa do Goberno mentres que a da OCDE é inferior (3,1%). A OCDE é o organismo que estima un maior crecemento do consumo público (1,5%). O consumo privado é o único dos compoñentes da

demanda interna que amosa mellor comportamento que no ano 2015 segundo todos os organismos. A achega da demanda externa será negativa segundo o Goberno e a OCDE (-0,3 puntos porcentuais), a Comisión estima unha achega de 0,2 puntos porcentuais e unha décima menos o FMI; as exportacións crecerán entre o 4,8% da OCDE e o 6,1% da Comisión Europea e as importacións entre o 5,5% do OCDE e o 7,0% do Goberno.

Cadro VIII, España. Previsións macroeconómicas

	Ministerio Economía (outubro 2016)	CE (novembro 2016)	FMI (outubro 2016)	OCDE (xuño 2016)	Ministerio Economía (outubro 2016)	CE (novembro 2016)	FMI (outubro 2016)	OCDE (xuño 2016)
PIB por compoñentes de demanda								
Gasto en consumo final nacional de fogares ⁽¹⁾	3,3	3,2	3,3	3,1	2,6	2,1	2,3	2,1
Gasto en consumo final nacional das AA.PP.	1,0	0,9	0,9	1,5	0,9	0,8	0,4	1,2
Formación bruta de capital fixo	5,4	4,2	4,2	4,6	4,2	3,6	3,0	3,8
Demanda nacional ⁽²⁾	3,2	2,9	3,0	3,1	2,5	2,1	2,1	2,3
Exportacións de bens e servizos	5,4	6,1	5,9	4,8	5,7	4,5	4,4	5,0
Importacións de bens e servizos	7,0	5,8	6,1	5,5	6,7	4,3	4,4	5,2
Saldo exterior ⁽³⁾	-0,3	0,2	0,1	-0,3	-0,2	0,2	0,1	0,0
Produto interior bruto	2,9	3,2	3,1	2,8	2,3	2,3	2,2	2,3
Produto interior bruto nominal	3,6	3,9	3,7	3,3	3,8	3,5	3,0	3,5
Mercado de traballo								
Emprego equivalente a tempo completo	2,7	2,8	--	--	2,2	2,1	--	--
Taxa de paro	19,7	19,7	19,4	19,8	17,8	18,0	18,0	18,4

(1) Inclúe ás ISFLSF

(2) En Ministerio de Economía e Comisión Europea: Achega ao crecemento do PIB

(3) Achega ao crecemento do PIB

Fonte: Ministerio de Economía, industria y competitividad, Comisión Europea, OCDE e FMI

O crecemento previsto para o ano 2017 será inferior ao do 2016 segundo os principais organismos elaboradores de previsións e coinciden nunha taxa do 2,3%, agás o FMI que prevé unha taxa do 2,2%. A demanda nacional achegará 2,5 puntos porcentuais ao crecemento do PIB segundo o Goberno, mentres que a Comisión Europea prevé unha contribución máis moderada (2,1 puntos). O consumo privado crecerá entre 0,7 e 1,1 puntos menos que no ano anterior, o Goberno é o que sinala un mellor comportamento (2,6%) e a Comisión Europea e a OCDE a taxa máis baixa (2,1%). A formación bruta de capital fixo tamén amosará un crecemento inferior ao do ano anterior, con taxas entre o 3,0% do FMI e o 4,2% do Goberno. O gasto en consumo final das AA.PP. será inferior ao do ano anterior, cun crecemento entre o 0,4% do FMI e o 1,2% que prognostica a OCDE.

A achega do sector exterior será positiva segundo a Comisión Europea e o FMI, mentres que o Goberno estima unha achega de -0,2 puntos porcentuais. É o Goberno o que estima o incremento máis elevado das exportacións (5,7%) e das importacións (6,7%). Tanto a Comisión Europea como o FMI estiman que o crecemento das exportacións e das importacións non superará o 4,5%.

No que respecta á taxa de paro, as previsións máis optimistas para o 2016 corresponden ao FMI, cunha taxa de paro do 19,4%. O Goberno e a Comisión Europea estiman unha taxa do 19,7% e a estimación da OCDE é unha décima superior, 19,8%. Para o ano 2017 a previsión do Goberno é a máis favorable, cunha taxa do 17,8%, e a Comisión

Europea e o FMI coinciden nunha taxa do 18,0%. Con estas estimacións, o descenso máis acusado na taxa no ano 2017 sería o do Goberno, 1,9 puntos, mentres que o FMI só rebaixaría 1,4 puntos.

II.4. ECONOMÍA GALEGA


Os datos máis recentes de crecemento económico para Galicia apuntan cara unha consolidación da recuperación da economía galega; a taxa intertrimestral do terceiro trimestre foi do 0,9%, unha décima superior á do segundo trimestre. En termos de taxa interanual, o crecemento é do 3,3%, tres décimas superior ao do trimestre precedente, rexistrándose o maior incremento desde 2008. A continuación detállase o comportamento da economía galega no terceiro trimestre do ano comparado co segundo para mostrar a tendencia a curto prazo da mesma.

Cadro IX, Galicia. Evolución económica recente

Produto interior bruto									
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario</i>									
	2014	2015	2015				2016		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Variación interanual	1,1	2,1	1,6	2,1	2,2	2,6	2,9	3,0	3,3
Variación intertrimestral	--	--	0,5	0,6	0,7	0,8	0,7	0,8	0,9

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Gráfico 8, Galicia, evolución comparativa do PIB




Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

Demanda

No terceiro trimestre de 2016, a achega da demanda interna en termos nacionais ao crecemento do PIB foi de 2,7 puntos porcentuais, similar á do trimestre anterior. O gasto en consumo final presenta un aumento do 2,8%, o mesmo que no trimestre precedente; o apartado da formación bruta de capital aumenta un 1,8%, taxa lixeiramente inferior á do segundo trimestre. O sector exterior achega seis décimas ao crecemento do PIB, dúas décimas máis que no trimestre anterior.

Gráfico IX, Galicia, evolución recente do PIB, achega interna vs externa



Cadro X, Galicia, PIB, desglose polos compoñentes da demanda

Operacións	2014	2015	2015				2016		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Gasto en consumo final	-0,8	2,2	1,7	2,0	2,3	2,9	2,7	2,8	2,8
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-0,7	2,3	1,6	2,2	2,5	2,9	2,9	2,8	2,7
-Gasto en consumo final das AAPP	-1,2	1,9	2,1	1,3	1,6	2,8	2,0	2,7	3,2
Formación bruta de capital	3,6	5,8	5,8	6,5	6,0	5,1	4,2	1,9	1,8
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	-0,1	2,8	2,4	2,7	2,9	3,2	2,9	2,6	2,7
Exportacións de bens e servizos	1,4	4,2	2,4	4,9	3,7	5,8	5,3	5,7	6,2
Importacións de bens e servizos	-0,8	5,5	3,9	6,2	4,9	7,0	5,4	5,0	5,0
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	1,1	2,1	1,6	2,1	2,2	2,6	2,9	3,0	3,3

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares aumenta un 2,7% no terceiro trimestre de 2016, unha décima menos que no trimestre precedente. Os principais indicadores de consumo dos fogares móstranse en sintonía co agregado debido a que presentan unha taxa interanual inferior á do trimestre anterior. O indicador de renda salarial real calculada con: afiliación, incremento salarial pactado en convenio e o IPC como deflactor, o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado, a matriculación de turismos e o indicador de confianza do consumidor rexistran un peor comportamento que no trimestre precedente.

No mesmo período, o gasto en consumo final das administracións públicas acada un crecemento do 3,2%, mellorando en 0,5 puntos a taxa rexistrada no trimestre anterior.

A formación bruta de capital amosa un crecemento do 1,8%, moi similar ao do trimestre anterior. A produción industrial de bens de equipo, as importacións de bens de capital deflactadas co índice de valor unitario e a matriculación de vehículos de carga empeoran o rexistro do trimestre precedente. En senso contrario, a inversión en construción mantén un bo comportamento neste trimestre.

A contribución do sector exterior a o crecemento do PIB é de seis décimas. As exportacións aumentan un 6,2%, 0,4 puntos máis que no trimestre precedente. As exportacións galegas ao estranxeiro e o gasto dos non residentes melloran os rexistros do trimestre anterior; as exportacións ao resto de España rexistran un crecemento inferior.

Pola súa parte, as importacións aumentaron un 5,0%, mantendo o mesmo crecemento que no trimestre precedente.

Oferta

Dende a perspectiva da oferta, no terceiro trimestre de 2016 as taxas de crecemento interanual dos grandes agregados son superiores ás do trimestre precedente agás no sector primario, que rexistra un crecemento inferior. A construción mantén o mesmo nivel de crecemento.

As ramas agraria, gandeira e pesqueira presentan un crecemento do 0,7%, minorando en 0,5 puntos a taxa do segundo trimestre, como consecuencia dun peor comportamento do sector pesqueiro.

As ramas industriais rexistran un crecemento do 2,3%, mellorando en 0,4 puntos o rexistro do trimestre precedente. Dentro destas, a industria manufacturera creceu un 4,4%, 1,7 puntos máis que no trimestre anterior.

A taxa de variación interanual do sector da construción foi do 3,5%, igual á do trimestre precedente. Tanto a edificación como a licitación oficial acadan uns elevados niveis de actividade.

O sector dos servizos presenta un crecemento interanual do 3,6%, 0,3 puntos superior ao do trimestre precedente. Todas as ramas rexistran taxas positivas. O maior incremento acádase no “comercio, transporte e hostalería”, cun crecemento do 7,9%, seguido das ramas de “actividades profesionais” e “información e comunicacións”. Con respecto ás taxas rexistradas no segundo trimestre do ano, as “actividades financeiras e de seguros” melloran 0,9 puntos e o “comercio, transporte e hostalería” 0,8 puntos; en senso

contrario, empeoran as súas taxas as “actividades inmobiliarias” e as “actividades artísticas, recreativas e outros servizos”.

Cadro XI. Galicia, PIB, desglose polos compoñentes da oferta

Galicia. Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2010=100									
Datos corrigidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)									
Operacións	2014	2015	2015				2016		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	3,7	1,4	1,2	0,2	2,0	2,1	0,8	1,2	0,7
Industria	0,2	2,1	0,2	2,9	3,0	2,4	5,7	1,9	2,3
- Industria manufacturera	3,9	4,6	3,2	5,4	4,1	5,6	6,3	2,7	4,4
Construción	-3,7	3,7	2,0	3,4	5,0	4,7	4,2	3,5	3,5
Servizos	1,8	2,1	1,9	2,0	2,1	2,4	2,2	3,2	3,6
- Comercio, transporte e hostalería	3,2	4,0	3,1	3,7	4,2	4,8	5,0	7,1	7,9
- Información e comunicacións	1,1	2,3	0,1	2,5	2,5	4,1	4,4	3,8	3,8
- Actividades financeiras e de seguros	-1,9	-1,1	-2,2	-0,8	-1,3	0,0	-1,5	0,9	1,9
- Actividades inmobiliarias	1,7	0,3	0,8	0,1	0,0	0,2	0,2	0,7	0,5
- Actividades profesionais	5,3	5,5	7,0	5,5	4,7	4,9	3,3	3,9	3,9
- Administración pública, sanidade e educación	0,8	0,4	1,0	0,5	-0,1	0,4	-0,2	0,8	0,8
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-2,9	1,8	1,4	2,0	2,0	1,8	1,1	0,6	0,3
Impostos netos sobre os produtos	-0,3	1,6	1,6	1,2	0,9	2,8	2,9	3,5	3,8
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	1,1	2,1	1,6	2,1	2,2	2,6	2,9	3,0	3,3

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, creceu no terceiro trimestre do ano 2016 un 2,2%, o que supón un incremento de 20.973 postos de traballo equivalentes nun ano.

Cadro XII, Galicia, Emprego, evolución en termos interanuais

Galicia. Emprego por ramas de actividade									
Postos de traballo equivalentes a tempo completo									
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)									
	2014	2015	2015				2016		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-7,9	0,0	-2,9	-2,6	1,2	4,7	2,4	5,0	4,6
Industria	-2,4	1,7	-0,1	1,4	2,3	3,0	3,2	3,1	2,9
- Industria manufacturera	-2,6	2,0	0,2	1,7	2,8	3,5	3,4	3,2	3,0
Construción	-2,7	2,8	3,4	3,4	2,3	2,0	-1,0	-2,2	-1,7
Servizos	-0,6	2,0	1,4	2,4	2,1	2,4	2,2	1,8	2,1
- Comercio, transporte e hostalería	-2,7	2,0	1,1	1,8	2,2	2,9	2,2	2,2	2,4
- Información e comunicacións	3,0	2,4	1,7	2,8	2,6	2,4	0,7	0,5	0,8
- Actividades financeiras e de seguros	-7,0	-1,3	-3,6	-1,7	-0,3	0,4	-0,9	-0,8	-0,8
- Actividades inmobiliarias	7,5	8,0	9,8	8,8	7,3	6,1	-2,6	-5,3	-5,8
- Actividades profesionais	0,1	5,7	4,9	6,9	5,6	5,3	4,9	3,1	4,0
- Administración pública, sanidade e educación	1,2	0,8	0,3	1,2	0,6	1,2	1,5	1,3	1,9
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	2,0	1,4	1,7	2,4	1,0	0,5	1,7	1,9	1,4
TOTAL POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	-1,6	1,9	1,0	1,9	2,0	2,6	2,1	1,9	2,2

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Atendendo ás ramas de actividade aprécianse rexistros positivos en todos os grandes agregados agás na construción. Con respecto aos rexistros do trimestre precedente, obsérvase un peor comportamento no sector primario e na industria.

As ramas agraria, gandeira e pesqueira incrementan os postos de traballo equivalentes un 4,6% e empeoran en 0,4 puntos o rexistro do trimestre precedente.

○ conxunto da industria incrementa os postos de traballo respecto do mesmo trimestre do ano 2015 nun 2,9%, fronte ao 3,1% do trimestre anterior; as industrias manufacturerais rexistran un incremento do 3,0%, empeorando en case tres décimas o rexistro do trimestre precedente.

○ postos de traballo equivalentes a tempo completo diminúen o 1,7% na construción, mellorando 0,5 puntos a taxa rexistrada no segundo trimestre.

Por último, os servizos rexistran un crecemento do 2,1%, tres décimas máis que no trimestre anterior. Todas as ramas amosan taxas positivas agás as “actividades financeiras e de seguros” e as “actividades inmobiliarias”. Soamente as “actividades inmobiliarias” e as “actividades artísticas, recreativas e outros servizos” empeoran o rexistro do trimestre anterior.

O número de horas efectivamente traballadas aumenta no terceiro trimestre de 2016 o 2,1%, o mesmo que no trimestre anterior. Para as persoas asalariadas, o número de horas aumenta o 2,2%, coincidindo co trimestre precedente.

O número de horas efectivas aumenta en todos os grandes agregados; na agricultura e pesca o número de horas aumenta un 6,1%, na industria un 2,8%, na construción un 1,0% e nos servizos un 1,6%.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 1,1%, a mesma que no trimestre anterior. A variación interanual da produtividade aparente por hora efectiva sitúase tamén no 1,1%, dúas décimas superior á do segundo trimestre de 2016.

Prezos correntes

O PIB valorado a prezos correntes presenta no terceiro trimestre de 2016 un crecemento interanual do 3,6%, catro décimas superior ao do trimestre precedente. Este incremento implica unha taxa do deflactor implícito do 0,3%, unha décima superior á taxa rexistrada no trimestre anterior.

Cadro XIII. Galicia, PIB, desglose polos compoñentes da demanda e da oferta a prezos correntes

Galicia. Produto Interior Bruto trimestral e os seus compoñentes. Prezos correntes									
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)									
Operacións	2014	2015	2015				2016		
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III
Gasto en consumo final	-0,5	2,2	1,7	2,1	1,8	2,9	2,1	2,5	2,9
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-0,6	1,9	1,2	1,9	2,0	2,4	2,4	2,0	2,2
-Gasto en consumo final das AAPP	-0,3	2,9	3,1	2,6	1,5	4,5	1,3	4,0	5,0
Formación bruta de capital	2,5	4,9	5,0	5,7	5,0	4,1	3,2	1,4	1,0
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	0,0	2,6	2,2	2,7	2,4	3,1	2,3	2,3	2,6
Exportacións de bens e servizos	-1,5	4,0	1,1	5,5	3,3	5,9	3,4	3,4	2,8
Importacións de bens e servizos	-2,7	4,5	2,4	6,1	3,1	6,4	2,4	1,8	1,1
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	0,6	2,3	1,6	2,4	2,5	2,9	2,8	3,2	3,6
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-2,0	0,4	-2,8	0,2	1,8	2,4	1,4	1,2	1,3
Industria	-1,6	0,4	-1,9	0,6	1,0	2,1	3,0	-0,1	1,1
- Industria manufacturera	3,0	4,2	3,4	5,4	3,5	4,4	4,5	1,0	3,4
Construción	-3,7	3,8	2,0	4,7	4,5	4,1	3,3	3,7	4,4
Servizos	1,8	2,4	2,3	2,2	2,5	2,8	3,0	4,4	4,5
- Comercio, transporte e hostalería	2,5	3,8	2,9	3,4	4,4	4,5	5,8	7,9	8,3
- Información e comunicacións	-3,7	1,3	-1,9	1,0	1,9	4,4	4,4	4,2	4,2
- Actividades financeiras e de seguros	8,9	-2,5	-0,7	-3,9	1,6	-6,6	4,2	2,7	1,5
- Actividades inmobiliarias	1,7	0,1	0,2	-0,1	0,1	0,1	0,7	0,9	0,7
- Actividades profesionais	3,5	6,2	7,0	6,3	6,0	5,6	4,1	4,2	4,4
- Administración pública, sanidade e educación	0,9	2,0	2,5	2,1	0,6	2,8	0,3	2,9	3,1
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-3,4	2,1	1,2	1,6	2,6	3,0	1,3	1,7	1,1
Impostos netos sobre os produtos	1,7	5,2	5,5	7,0	4,5	4,0	2,0	1,7	2,2

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

II.5. ESCENARIO MACROECONÓMICO

O escenario macroeconómico prevé a continuación da fase expansiva da economía galega nos próximos anos, cunha aceleración do crecemento no ano 2016 que se moderará no ano seguinte. Se nos retrotraemos ás gráficas 1 e 2, observamos que para a economía española prevense unhas taxas de variación intertrimestrais minimamente decrecentes durante o 2016 ata estabilizarse no 0,5% no 2017; os datos do terceiro trimestre do ano confirman esta desaceleración e mostran un comportamento diferente para a economía galega, cunha senda de crecemento intertrimestral e interanual ascendente, cun incremento cada trimestre superior ao anterior.

As previsións para o crecemento da economía nacional para o ano 2016 segundo os principais organismos públicos e privados sitúanse entre o 2,8% e o 3,3%. A media das estimacións do Goberno, do Banco de España e dos principais organismos internacionais sitúase no 3,0%. Os prognósticos máis recentes corresponden á Comisión Europea (novembro) e estiman un incremento do PIB español do 3,2%, por enriba da previsión do Goberno (outubro) do 2,9%. Se calculamos a medias das previsións considerando, ademais dos datos proporcionados polas fontes anteriores, os dos principais organismos nacionais elaboradores de previsións obtemos un valor do 3,1%.

Para o ano 2017 a previsión dos organismos públicos nacionais e dos internacionais é dun crecemento do 2,3%, agás o FMI que estima un 2,2%. A media dos organismos privados nacionais coincide coa dos organismos públicos no 2,3%.

O cadro 13 resume as principais previsións para España do ano 2017, está elaborado a partir dos datos do panel de FUNCAS aos que se engaden as previsións do Goberno, Banco de España, OCDE, FMI e Comisión Europea. FUNCAS realiza enquisas entre 18 servizos de análise españois para obter estes datos.

Cadro XIV, España, principais previsións para 2017

	Previsión PIB España 2017	Previsión GCFH 2017	Previsión GCFEAAPP 2017	Previsión FBKF 2017	Previsión Demanda nacional 2017	Previsión Exportacións 2017	Previsión Importacións 2017
Analistas Financieros Internacionales (AFI)	2,3	2,5	0,8	3,7	2,2	4,2	4,5
Axesor	2,6	2,1	-0,4	5,2	2,3	4,1	3,2
Banco Bilbao Vizcaya Argentaria (BBVA)	2,5	2,3	1,8	3,4	2,3	3,5	3,1
Bankia	2,5	2,5	1,2	4,6	2,7	4,7	5,6
CaixaBank	2,4	2,3	1,0	3,1	2,1	5,0	4,4
Cemex	2,5	2,6	0,9	4,3	2,5	4,5	5,0
Centro de Estudios Economía de Madrid (CEEM-URJC)	2,3	2,3	1,2	3,9	2,3	4,9	5,4
Centro de Predicción Económica (CEPREDE-UAM)	2,1	2,0	1,4	3,5	2,1	4,8	5,2
CEOE	2,3	2,4	0,8	3,1	2,1	5,7	5,6
Fundación Cajas de Ahorros (FUNCAS)	2,3	2,2	0,6	4,8	2,4	4,2	4,9
Instituto Complutense de Análisis Económico (ICAE-UCM)	2,5	3,2	1,1	4,0	2,4	4,3	4,6
Instituto de Estudios Económicos (IEE)	2,4	2,3	1,5	4,0	2,4	3,7	4,4
Instituto Flores de Lemus (IFL-UC3M)	2,1	3,0	-1,5	3,4	2,1	4,8	5,1
Intermoney	2,2	2,2	1,3	3,4	2,3	4,1	4,5
Repsol	2,6	2,6	1,0	5,0	2,8	6,6	7,6
Santander	2,2	2,5	0,7	4,0	2,5	3,8	4,9
Solchaga Recio & asociados	2,2	2,3	0,8	3,6	2,3	4,6	5,2
Gobierno (outubro 2016)	2,3	2,6	0,9	4,2	2,5	5,7	6,7
Banco de España (setembro 2016)	2,3	2,0	0,8	4,8	2,3	4,5	4,9
CE (outubro 2016)	2,3	2,1	0,8	3,6	2,1	4,5	4,3
FMI (outubro 2016)	2,2	2,3	0,4	3,0	2,1	4,4	4,4
OCDE (xuño 2016)	2,3	2,1	1,2	3,8	2,3	5,0	5,2
Percentil 80	2,5	2,6	1,2	4,5	2,5	5,0	5,4
Percentil 20	2,2	2,1	0,7	3,4	2,1	4,1	4,4
Mínimo	2,1	2,0	-1,5	3,0	2,1	3,5	3,1
Máximo	2,6	3,2	1,8	5,2	2,8	6,6	7,6
Mediana	2,3	2,3	0,9	3,9	2,3	4,5	4,9
Promedio	2,3	2,4	0,8	3,9	2,3	4,6	4,9

Fonte: Funcas, OCDE, FMI, Comisión Europea e Gobierno de España


Nos gráficos que se mostran a continuación preséntanse estes crecementos desagregados por partidas para ver ata que punto son coincidentes as hipóteses sobre os agregados que compoñen o PIB desde a perspectiva da demanda. O compoñente con maior consenso no seu crecemento é o gasto en consumo final dos fogares para o que todos os organismos estiman un crecemento positivo que en media roldará o 2,4%; dos organismos públicos é o Gobierno o que maior crecemento prevé (2,6%).

Con respecto ás demais previsións, no apartado de formación bruta de capital fixo a estimación de consenso mostra un crecemento do 3,9% sendo a estimación do FMI a máis baixa (3,0%).

As exportacións, segundo a estimación de consenso, crecerán en media o 4,6%, 1,1 puntos inferior á previsión do Gobierno. Por último, as importacións crecerán, segundo a



estimación de consenso, un 4,9%, as previsións da Comisión Europea e do FMI son das máis baixas, 4,3% e 4,4% respectivamente.

Gráfico X, Previsións PIB España 2017





Fonte: Funcas, OCDE, FMI, Comisión Europea, Banco de España e Gobierno de España

Gráfico XI, Previsións PIB España 2017. Componentes da demanda interna




Fonte: Funcas, OCDE, FMI, Comisión Europea e Gobierno de España



Fonte: Funcas, OCDE, FMI, Comisión Europea e Gobierno de España

Gráfico XI, Previsións PIB España 2017. Componentes da demanda externa



Fonte: Funcas, OCDE, FMI, Comisión Europea e Gobierno de España

A partir do escenario comentado anteriormente para o conxunto nacional, das previsións de crecemento das principais economías mundiais expostas no apartado de economía internacional e de hipóteses externas sobre o tipo de cambio e os prezos do petróleo, preséntase o seguinte escenario para o crecemento do PIB galego en 2017. O obxectivo é reducir o diferencial con España, logo dun inicio da recuperación económica máis lento en Galicia. O crecemento do PIB galego sería do 3,1% en 2016, superando nun punto o crecemento do ano precedente e unha taxa do 2,4%, en 2017. Se comparamos coas previsión para España da Comisión Europea (as máis recentes), Galicia crecería unha décima menos que España en 2016 e superaría o crecemento nacional nunha décima no ano 2017. No cadro 14 representamos esta previsión desagregada para os compoñentes da demanda.

Cadro XV, Galicia, cadro macroeconómico dos orzamentos 2017

Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %

	2015	2016	2017
Gasto en consumo final	2,2	2,8	2,2
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	2,3	2,9	2,3
- Gasto en consumo final das AAPP	1,9	2,4	2,0
Formación bruta de capital	5,8	2,8	3,1
Achega demanda interna¹	2,8	2,8	2,4
Exportación de bens e servicios	4,2	5,5	4,2
Importación de bens e servicios	5,5	5,0	4,1
Produto interior bruto (PIB)	2,1	3,1	2,4
Produto interior bruto nominal	2,3	3,4	3,6
Emprego. PTETC	1,9	1,9	1,6
Taxa de paro²	19,3	17,4	15,6

¹ Contribución en puntos porcentuais

² % da poboación activa

Fonte: IGE

En liñas xerais, o crecemento da economía galega en 2016 basearase, desde a óptica da demanda, no bo comportamento do gasto dos fogares así como no forte dinamismo do sector exterior. A achega da demanda externa, 0,3 puntos porcentuais, é un punto superior á do ano 2015 e máis elevada que a estimada para España polos principais organismos públicos. Desde a óptica da oferta, o crecemento baséase principalmente no bo comportamento do sector industrial, o comercio e a hostalería.

Para o ano 2017, desde a óptica da demanda, a achega da demanda externa será neutra, debido un comportamento similar das exportacións e as importacións. A achega da demanda interna será de 2,4 puntos porcentuais, superior á prevista polos principais organismos públicos (agás o Goberno) para España, debido tanto ao consumo privado como ao consumo público.

Detállase a continuación, para os principais agregados da demanda, o cadro macroeconómico para o ano 2017 que configuran o crecemento do 2,4%.

1. O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro crecerá un 2,3%. Esta compoñente de demanda iniciou a recuperación no ano 2015 despois de seis anos con taxas negativas. No ano 2016 prevese un crecemento do 2,9%, seis décimas superior ao do ano anterior, baseado no bo comportamento do mercado de traballo que, xunto coa moderación dos prezos e a menor presión fiscal, permiten un incremento da renda dispoñible real; ademais, o menor nivel de débeda dos fogares axudaría para manter o nivel de gasto. No ano 2017 o crecemento será seis décimas menor, 2,3%, pois a desaparición dalgúns factores que incentivaron o consumo en 2016 e o aumento dos prezos, principalmente da enerxía, diminuirán a renda dispoñible; ademais a creación de emprego tamén se moderará respecto dos dous anos anteriores.

2. O gasto en consumo final das administracións públicas aumentará un 2,0%, catro décimas menos que no ano 2016. A Comunidade Autónoma ten rematado o proceso de consolidación do gasto axustándose ao obxectivo de estabilidade orzamentaria, o que beneficia a evolución do gasto en consumo público.

3. A formación bruta de capital crecerá un 3,1% en 2017. Despois dunha forte contracción deste agregado durante a crise, no ano 2015 manifestou un forte dinamismo tanto na inversión empresarial como na construción. As previsións indican que se manterá a fortaleza deste agregado nos próximos anos, aínda que minorará o seu crecemento. A inversión en bens de equipo rexistrará no ano 2016 unha moderación no seu crecemento que se prevé mellore no ano 2017, nun contexto de condicións financeiras favorables e de necesidade das empresas de modernizar o seu stock de capital, aínda que a desaceleración

da economía española e a incerteza sobre o proceso de abandono de Reino Unido poden frear a inversión empresarial. A inversión residencial continuará cunha lenta recuperación.

4. A demanda externa neta será neutra no ano 2017, diminuíndo tres décimas respecto do ano anterior. Esta achega producirase como consecuencia dun aumento das exportacións do 4,2% e das importacións do 4,1%. As exportacións, despois do forte impulso que se prevé para o ano 2016, minorarán o seu crecemento debido a ralentización prevista da economía española e dalgúns países do noso entorno. As previsións do FMI, da OCDE e da Comisión Europea indican unha moderación no crecemento da demanda interna das principais economías mundiais; a modo de exemplo expoñemos os datos das principais economías no cadro 15 segundo as previsións da Comisión Europea, FMI e OCDE. Os tres organismos coinciden nun menor crecemento da demanda interna de Francia, Alemaña e España respecto do ano anterior; en relación ao Reino Unido, as previsións da OCDE foron anteriores ao referéndum polo que non recollen os posibles efectos negativos do resultado e estiman maior crecemento que no ano anterior mentres que o FMI e a Comisión Europea prevén un débil incremento no ano 2017, moi inferior ao do ano anterior.

Cadro XVI. Previsións macroeconómicas internacionais

Previsións macroeconómicas 2017. Demanda interna. Taxas de variación interanual en %			
	FMI (outubro 2016)	OCDE (xuño 2016)	Comisión Europea (novembro 2016)
Área Euro	1,6	--	1,7
Francia	1,3	1,6	1,6
Alemaña	1,7	2,3	1,8
Italia	1,0	1,4	1,1
Portugal	--	1,2	1,4
España	2,1	2,3	2,1
Reino Unido	0,1	2,1	0,6
Estados Unidos	2,5	2,4	2,2

Fonte: FMI, OCDE e Comisión Europea

Polo que respecta ás importacións, o crecemento do 4,1%, inferior ao do ano anterior, susténtase nun menor dinamismo da economía galega e das do noso entorno, que minorará este compoñente do PIB.

5. Por último, a taxa de paro situarase no 15,6% en 2017, manténdose por debaixo da previsión para España segundo os principais organismos públicos en máis de dous puntos. Un descenso da poboación activa xunto cun incremento do emprego do 1,6%, levaríanos a esta taxa.

II.6. O ESCENARIO FINANCEIRO. SITUACIÓN MONETARIA E FINANCEIRA.

Nos derradeiros meses a situación dos mercados financeiros caracterizouse, en termos xerais, por un aumento da volatilidade debido a sucesivos acontecementos políticos e económicos que se foron sucedendo dende o segundo semestre de 2015. Así, durante o verán de 2015 rexistráronse dous episodios significativos de intensificación das tensións. O primeiro estivo vinculado cos acontecementos ocorridos en Grecia a finais de xuño e principios de xullo e, en conxunto, o seu impacto nos mercados foi relativamente débil. O segundo episodio produciuse na segunda quincena de agosto e estivo relacionado cos acontecementos en China. Este último tivo un impacto considerable, fundamentalmente nos mercados bolsistas e cambiarios, así como nas percepcións de risco.

Xa na primeira metade do ano 2016, a evolución dos mercados financeiros estivo condicionada pola volatilidade nos mercados de materias primas, cun forte descenso dos prezos nos meses de xaneiro e febreiro e un aumento do prezo do petróleo en abril, así como pola incerteza sobre as expectativas de crecemento das economías emerxentes e a desaceleración da economía china. En xuño, co referendo británico, cuxo resultado favorable á saída do Reino Unido da UE provocou fortes tensións, aumentaron as expectativas dunha maior relaxación da política monetaria do Banco Central Europeo (BCE) e dun retraso das subidas de tipos de xuro en Estados Unidos. Como resultado, os principais índices bolsistas europeos anotaron fortes perdas, as rendibilidades da débeda pública europea periférica descenderon e o euro depreciouse fronte ao dólar.

En setembro e principios de outubro, os mercados estiveron condicionados polas reunións de política monetaria dos principais bancos centrais, así como polo incremento dos prezos do petróleo e a incerteza sobre a situación do sector bancario europeo.

II.6.1. Tipos oficiais de referencia

Cadro XVII: Tipos Oficiais de Referencia.

TIPOS DE XURO OFICIAIS						
	2012	2013	2014	2015		
				MARZO	XUÑO	SETEMBRO
Op. principais de financiamento	0,88	0,54	0,16	0,05	0,05	0,05
Facilidade marxinal de crédito	1,63	1,13	0,51	0,30	0,30	0,30
Facilidade de depósito	0,13	0,00	-0,09	-0,20	-0,20	-0,20
Fondos Federais (EEUU)	0,25	0,25	0,25	0,25	0,25	0,25
Tipo de Xuro Oficial (Xapón)	0,10	0,10	0,10	0,10	0,10	0,10

(Datos anuais: Tipos medios anuais. Datos trimestrais: tipos fin de período)

O PIB real da zona do euro, tras crecer un 0,5% no primeiro trimestre de 2016, aumentou un 0,3%, en termos intertrimestrais, no segundo trimestre. Este crecemento viuse respaldado pola demanda exterior neta, así como pola continua contribución positiva da demanda interna. As proxeccións macroeconómicas elaboradas polos BCE para a zona do euro, de setembro de 2016, prevén un crecemento anual do PIB real do 1,7% en 2016, do 1,6% en 2017 e do 1,6% en 2018, revisándose lixeiramente á baixa.

Polo que respecta á inflación da euro zona, segundo a estimación de avance de Eurostat, a inflación interanual medida polo Índice Harmonizado de Prezos ao Consumo situouse no 0,2% en agosto de 2016, sen variación respecto de xullo. As previsións de setembro do BCE sitúan a inflación anual no 0,2% en 2016, o 1,2% en 2017 e o 1,6% en 2018.

As medidas de política monetaria postas en marcha polo Banco Central Europeo desde xuño de 2014 estanse transmitindo ás condicións de financiación das empresas e os fogares e dos gobernos e, polo tanto, están favorecendo os fluxos crediticios en toda a zona do euro.

O BCE, logo das importantes baixadas dos tipos de xuro realizadas entre os anos 2011 e 2014, reducindo o tipo das operacións principais de financiamento desde o 1,25% ata o 0,05%, situando o tipo da facilidade financeira marxinal de crédito no 0,30%, e o tipo da facilidade de depósito nun -0,20%, durante 2015 mantivo os niveis no 0,05%, 0,30% e -0,21%, para en 2016 pasar a 0,00%, 0,25% e -0,40% respectivamente.


O Consello de Goberno do BCE, na súa reunión celebrada o 8 de setembro de 2016, decidiu manter sen variación os tipos de xuro oficiais na euro zona e segue esperando que continúen nos niveis actuais, ou inferiores, durante un período prolongado, así mesmos comunicou que se manterá alerta e preparado para actuar, en caso necesario, para lograr o seu obxectivo de estabilidade de prezos.

Nos Estados Unidos, tras cinco anos inxectando liquidez no sistema monetario norteamericano, a Reserva Federal decidiu no 2013 proceder a unha moderación das súas políticas expansivas e a progresiva eliminación das inxeccións de liquidez. En 2015, na xuntanza do 17 de decembro, incrementáronse os tipos de xuro dos Fondos Federais no rango comprendido entre o 0,25% e o 0,50%, manténdose en 2016 neste mesmo nivel.

Pola súa banda, o Banco de Xapón (Boj) no mes de xaneiro de 2016 situou en negativo o tipo aplicable ás contas correntes que as entidades financeiras manteñen no banco (-0,10%), mantendo con posterioridade inalterable os tipos de xuros ao longo de 2016. Na súa reunión dos días 20 e 21 de setembro de 2016, o (Boj) anunciou un novo marco de política monetaria, que se articulará en torno a dous eixos principais: en primeiro lugar, o control da curva de tipos, fixando o tipo de xuro de referencia a curto prazo e establecendo un obxectivo para os tipos de xuro a longo prazo (en torno a unha rendibilidade do 0,00% para os bonos a dez anos); e, en segundo lugar, o compromiso de que se ampliará a base monetaria ata que a inflación se establece en niveis superiores ao obxectivo de estabilidade de prezos do 2,00%.

No seguinte gráfico pódense apreciar os movementos de tipos de xuro dos Bancos Centrais nos últimos anos:

Gráfico XIII: Evolución tipos de Intervención.



II.6.2. Tipos de Xuros Interbancarios

Cadro XVIII: Tipos de Xuros Interbancarios.

TIPOS DE XUROS NA ÁREA DO EURO (PORCENTAXES)					
PERÍODO	EONIA	A UN MES	A TRES MESES	A SEIS MESES	A UN ANO
2012	0,23	0,33	0,57	0,83	1,11
2013	0,09	0,13	0,22	0,34	0,54
2014	0,1	0,13	0,21	0,31	0,48
Mar. 2015	-0,05	-0,01	0,03	0,10	0,21
Xuñ. 2015	-0,12	-0,06	-0,01	0,05	0,16
Set. 2015	-0,14	-0,11	-0,04	0,04	0,15

(Datos anuais: Tipos medios anuais. Datos trimestrais: tipos fin de período)


No mercado interbancario da zona euro o Euribor seguiu a manter a tendencia descendente ao longo de 2016. O anuncio da posta en marcha do programa ampliado de compra de activos do BCE (Quantitative Easing, QE) provocou unha intensificación no ritmo de caída dos tipos de xuro.

A expectativa dunha posible revisión do grao de acomodación da política monetaria na zona euro na reunión de marzo, provocou un maior desprazamento cara abaixo da curva de tipos. A tendencia seguiu sendo baixista nos seguintes meses.

Os tipos de xuro prolongaron a senda lixeiramente descendente durante o mes de setembro e primeiros días de outubro. En particular, o Euribor a doce meses situouse a principios de outubro no -0,064%, fronte ao -0,052% de finais de agosto. Esta evolución explícase polo lixeiro descenso das primas de risco esixidas no mercado. As expectativas sobre a evolución dos tipos de xuro mantivéronse inalteradas.

A intención do Banco Central de manter os tipos de xuro nos niveis establecidos durante un período prolongado de tempo, así como continuar coas súas medidas de política monetaria expansivas, invita a pensar nunha estabilización dos tipos nestes parámetros nos vindeiros meses.

Gráfico XIV: Evolución euribor



II.6.3. Mercado de Débeda Pública

Cadro XIX: Mercado de Débeda Pública.

PERÍODO	BONO 10 ANOS			PRIMA DE RISCO (PUNTOS BÁSICOS)
	ESPAÑA	ITALIA	ALEMAÑA	ESPAÑA - ALEMAÑA
2012	5,87	5,49	1,57	430
2013	4,58	4,31	1,63	295
2014	2,74	2,88	1,24	150
Mar. 2015	1,24	1,25	0,24	100
Xuñ. 2015	2,22	2,23	0,83	138
Set. 2015	2,05	1,84	0,68	138

(Datos anuais: Tipos medios anuais. Datos trimestrais: tipos fin de período)

No mercado de débeda pública a maior parte das rendibilidades dos soberanos europeos descendieron nos primeiros dous meses de 2016, en gran medida, polas expectati-

vas de ampliación do programa de compras de débeda pública do BCE. Así, a rendibilidade do bono español a dez anos situouse a finais do mes de febreiro no 1,63%, 17 Pb por debaixo da rexistrada o 31 de decembro de 2015.

Porén, a maior aversión ao risco observada nos seguintes meses, debida ao referendo sobre a permanencia de Reino Unido na Unión Europea presionou á alza as rendibilidades da débeda periférica e aumentou a demanda de activos refuxio, como o Bund alemán, cuxa rendibilidade situouse en terreo negativo por primeira vez na súa historia. Non obstante, durante os últimos días de xuño, a expectativa dunha relaxación adicional da política monetaria do BCE volveu a provocar unha intensa caída nas rendibilidade da débeda periférica.

Desde comezos de ano a rendibilidade do bono alemán a 10 anos pasou do 0,63%, con que pechaba o 2015, ata niveis ao redor do -0,01% nos primeiros días de outubro de 2016. No seguinte gráfico observamos que se trata dun movemento en serra, primeiro redúcense as rendibilidades ata case o 0%, a mediados de abril de 2015 acádanse valores do 0,08%, para incrementar as rendibilidades a niveis algo superiores aos de primeiros de ano e volver a baixar ata niveis inferiores ao 0%.

A 31 de decembro de 2015, a rendibilidade do bono español é do 1,80% e a 5 de outubro de 2016 do 1,08% cunha baixada de 72 puntos básicos. A prima de risco co Bund alemán pasa dos 117 Pb a 31 de decembro a 109 Pb o 5 de outubro, a redución débese a que a baixada do Bund alemán (64 Pb) é menor que o bono español.

Gráfico XV: Comparativa rendibilidade bonos a 10 anos.

Evolución rendibilidade débeda 10 anos





Gráfico XVI: Evolución da prima de risco fronte ao bono alemán.

Evolución da prima de risco



II.6.4. Mercados Bolsistas

Cadro XX: Mercados Bolsistas

ÍNDICES DE COTIZACIÓN BOLSISTAS							
PERÍODO	IBEX 35	EUROSTOXX 50	CAC 40	DAX	FTSE 100	DOW JONES	NIKKEI
2012	7.583,18	2.419,30	3.360,76	6.911,78	5.715,63	13.003,92	9.237,86
2013	8.715,59	2.807,59	3.974,69	8.374,98	6.492,12	15.083,91	13.683,56
2014	10.528,80	3.155,09	4.361,21	9.616,61	6.691,23	16.862,44	15.602,06
Mar. 2015	11.521,10	3.697,38	5.033,64	11.966,17	6.773,04	17.776,12	19.206,99
Xuñ. 2015	10.769,50	3.424,30	4.790,20	10.944,97	6.520,98	17.619,51	20.235,73
Set. 2015	9.559,90	3.100,67	4.455,29	9.660,44	6.061,61	16.284,70	17388,15
VARIACIÓN ANUAL EN %							
2012	-22,1	-8,7	-7,7	3,5	-0,2	7,5	-2,2
2013	14,9	16	18,3	21,2	13,6	16	48,1
2014	20,08	12,4	9,7	14,8	3,1	11,8	14
Mar. 2015	11,4	17	14,6	25,2	2,6	8	29,5
Xuñ. 2015	-1,4	6,1	8,3	11,3	-3,3	4,7	33,5
Set. 2015	-11,7	1,1	0,9	2,0	-8,5	-4,4	7,5


(Datos anuais: Tipos medios anuais. Datos trimestrais: tipos fin de periodo)

Nos mercados bolsistas, os principais índices rexistraron fortes caídas en xaneiro e primeiras semanas de febreiro, debido ao forte descenso dos prezos das materias primas, á persistencia de tensións xeopolíticas e á incerteza sobre as perspectivas de crecemento das economías emerxentes. Tendencia que continuo nos vindeiros meses, nun contexto de elevada volatilidade, contrarrestando ás ganancias acumuladas a mediados do mes de marzo polo repunte do prezo do petróleo. En xuño rexistráronse fortes perdas debido ao resultado do referendo británico e ao impacto negativo da caída do prezo do petróleo sobre os valores enerxéticos, circunstancia esta que se foi corrixindo nos meses posteriores.

En termos xerais, nas Bolsas de Europa Continental e en Xapón no transcurso de 2016 prodúcese un movemento de ida e volta, cun comportamento baixista entre marzo e xuño para logo recuperarse en setembro.

○ Ibex-35, logo da tendencia á baixa que se produce desde abril de 2015 ata febreiro de 2016, entra nunha senda de certa estabilidade.

Gráfico XVII: Mercados Bolsistas



II.6.5. Mercados de Divisas

Cadro XXI: Mercados de Divisas

TIPOS DE CAMBIO DO EURO (MEDIAS DO PERÍODO)		
PERÍODO	DÓLAR EEUU	IEN XAPONÉS
2012	1,286	102,62
2013	1,328	129,66
2014	1,329	140,38
Mar. 2015	1,084	130,41
Jun. 2015	1,121	138,74
Sep. 2015	1,122	134,85
% DE APRECIACIÓN SOBRE UN ANO ANTES		
2012	-7,6	-7,6
2013	3,3	26,3
2014	0,1	8,3
Mar. 2015	-21,6	-7,8
Jun. 2015	-17,5	0,0
Sep. 2015	-13,0	-2,6

(Datos anuais: Tipos medios anuais. Datos trimestrais: tipos fin de período)

No mercado de divisas, tras manterse a cotización do euro fronte ao dólar relativamente estable durante o mes de xaneiro, repuntou nos seguintes meses, debido ás expectativas dun axuste máis gradual do esperado dos tipos de xuro en Estados Unidos, e polo posible impacto da incerteza económica e financeira internacional sobre a actividade económica, a pesar do anuncio de novas medidas de relaxación monetaria na Euro zona.

Logo de manter certa estabilidade no mes de abril, a incerteza asociada ao referendo británico presionou ou a cotización do euro fronte ao dólar á baixa, especialmente tras coñecerse o resultado favorable á saída da Unión Europea, nun contexto de elevada volatilidade. Porén a cotización recuperou nos meses de verán parte do terreo perdido ao aumentar as expectativas dunha posible relaxación da política monetaria do BCE.

A decisión da Fed de manter os tipos de xuro inalterados, xunto ao mantemento da política monetaria do BCE, impulsou lixeiramente á alza a cotización do euro fronte ao dólar, a pesar da incerteza sobre a situación do sector bancario europeo. Así, o euro situábase a principios do mes de outubro en 1,21 dólares.

Por outra banda, o euro fronte ao ien no conxunto do ano, e ata outubro, depreciouse un 12,47%, rematou 2015 cotizando a 130,61, para estar a niveis de 114,32 a mediados de outubro de 2016. Os mínimos do ano producíronse en xullo, con niveis de 111 iens.

Gráfico XVIII Mercados de Divisas

Cotización Euro/Dolar




Gráfico XIX: Mercados de Divisas

Cotización Euro/lén





O PLAN ESTRATÉGICO DE GALICIA 2015-2020.

III. O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2015-2020.

O Plan Estratéxico de Galicia é a evolución dunha serie de ferramentas de planificación estratéxica que culmina co Plan estratéxico 10-14, horizonte 2020 este constituíu unha ferramenta totalmente coordinada coa Estratexia 2020 e co escenario financeiro da comunidade autónoma daquel intre.

O antedito plan foi quen de aliñar as prioridades de gasto da comunidade autónoma coa estratexia de crecemento intelixente, o cal sentou os alicerces da programación dos novos fondos ESI para o período 14-20. Asemade por vez primeira se refire a unha senda financeira en base aos escenarios orzamentarios da comunidade autónoma o que aportou unha base sólida á priorización estratéxica, porén esta aposta polo vencellamento a un escenario económico – financeiro realista foi a principal eiva coa que contou o seu desenvolvemento dado o grave deterioro da situación financeira das comunidades autónomas a partires do 2010.

O novo plan estratéxico parte da potenciación dos elementos positivos e da superación das debilidades do anterior e tenta ser a ferramenta que rexa a xestión encamiñada a resultados da comunidade autónoma ata 2020.

Para elo, parte dunha completa diagnose da situación baseada en datos de organismos estatísticos oficiais de tódolos eidos sectoriais onde actúa a Xunta de Galicia, esta serve de base á elaboración dunha análise DAFO dos cinco eixos de actuacións sectoriais nos que se organiza o plan, que serva para a definición e das necesidades estratéxicas de cada un.

Unha vez analizada a situación e as necesidades estratéxicas prioritarias da comunidade autónoma, compre concretar cal será o obxectivo final do plan estratéxico de Galicia 15-20, neste sentido a xeración de emprego a través dun modelo de crecemento máis intensivo en innovación e coñecemento é básico. Así, o obxectivo Xeral do plan podería enunciarse do seguinte xeito, impulsar o crecemento económico de Galicia partindo dun modelo baseado na innovación e o capital humano, que colabore a acadar unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e a renda dos galegos e, retomar a senda do crecemento demográfico.

En aras de acadar este obxectivo final desenvólense as actuacións prioritarias e obxectivos estratéxicos que se agrupan en catro eixes de actuación máis un instrumental.

Asimesmo todo o plan constrúese baixo o respecto a uns principios transversais que abranguen a tódolos eixes de actuación.

A representación esquemática da estrutura do plan sería a seguinte.-

Gráfico XX: Eixos horizontais e transversais do PEG



III.1. PRINCIPIOS TRANSVERSAIS DO PEG

III.1.1. O Reto da dinamización demográfica

Como pode verse nas gráficas demográficas de eurostat, Galicia é unha rexión con unha poboación media e unha densidade media baixa en comparación co resto das rexións europeas, porén atópase entre as rexións con menos dinamismo demográfico de Europa, tanto no que atinxe a saldo vexetativo, saldo migratorio, evolución poboacional como a taxa de fertilidade.

Gráfico XXI: Taxa de fertilidade 2012 das rexións europeas.





Gráfico XXII: Taxas rexionais de nacemento no 2012.



As previsións á baixa do crecemento demográfico galego sitúannos ante un problema estrutural sobre o que é necesario actuar. Un problema sobre o que se perciben determinadas consecuencias pero do que aínda non está suficientemente considerada a súa dimensión.

A situación demográfica de Galicia é a resultante do conxunto de múltiples factores, que se poderían agrupar en “cuestións demográficas”, “cuestión laborais” e “política familiar” desa conexión é de onde saen moitos os factores que inciden na decisión da

maternidade/paternidade: estabilidade laboral, retraso da idade da maternidade, recursos prioritarios, etc.

O Plan demográfico de Galicia nace cun espírito transversal e ten como obxectivo promover a dinamización demográfica de Galicia logrando ascender posicións no ranquin das 303 rexións europeas relativo ao índice sintético de fecundidade, camiñando cara ao obxectivo de aumentar a media de 1,08 fillos/as por muller que se rexistra en Galicia ata achegarse á media europea situada en 1,59 fillos/as por muller.

O conxunto de factores que levan ao cambio dunha sociedade demograficamente moi activa a unha sociedade demograficamente moi pouco produtiva é o que se lle chama habitualmente segunda transición demográfica; iste é un factor que afecta a todas as sociedades avanzadas da nosa contorna e están claramente caracterizada por unha mortalidade moi baixa (por incrementos de idade, non por elementos de morbilidade) e unhas fecundidades moi inferiores ás acadadas historicamente. Polo compre entender a importancia dos procesos culturais para configurar tanto as decisións sobre fillos ou sobre cultura demográfica como as decisións racionais económicas. Este proceso estase constatando mesmo en países emerxentes. Os factores diferenciais no marco europeo están relacionados coa actividade ou pasividade das institucións públicas e das sociedades civís en torno aos problemas asociados á segunda transición demográfica, que é un feito obxectivo e inexorable, as consecuencias negativas non son inexorables e as diferenzas mais importantes danse en torno as decisións colectivas (onde entran as administracións e as sociedades civís) que ademais non están directamente relacionadas cos niveis de benestar da poboación.

Todo isto evidencia que estamos ante un reto de difícil solución, para o que non hai unha solución única. Deberanse adoptar distintas medicións para distintos colectivos e clases sociais de poboación, atendendo á situación xeográfica deberase estratificar a poboación á que se dirixen as actuacións.

Existe un problema de concienciación entre a poboación da situación demográfica de Galicia. Apreciase unha falta de comunicación clara, de visualización e de concienciación facendo ver que, de non ser quen de mudar a dinámica actual, nos abocamos a un país de baixa densidade de poboación e, por tanto, de escasa relevancia e actividade económica.

Dende un punto de vista territorial hai que reducir e darlle lóxica ao mapa administrativo de Galicia en función da realidade poboacional porque logo é o que determina a eficiencia dos servizos públicos. Compre mellorar a coordinación de políticas territoriais a nivel sectorial para mellorar a eficiencia no investimento.

Por iso compe afrontar o devalo demográfico de Galicia en todo o seu contexto, para non pretender resolvelo tan so con medidas natalistas, senón cunha lóxica transversal en tódolos eidos nos que actúa o plan estratéxico de Galicia. O problema demográfico é

estrutural, como tal require medidas estruturais profundas. Hai que analízalo desde unha perspectiva integral e loitar contra el dende varios puntos. As políticas sectoriais de ámbito económico, fiscal, conciliación e de concienciación contribúen á solución, pero o enfoque debería ser integral. Por esta razón no Plan Estratéxico se considera o problema demográfico desde un punto de vista transversal. Por outra banda, debemos intentar medir a achega de cada política ao problema.

Para lograr inverter a dinámica demográfica estímense precisas actuacións transversais en tódolos eidos nos que actúa o PEG así como unha liña de actuación de cara a sensibilizar ao goberno europeo e nacional da realidade e o alcance do problema demográfico para mobilizar actuacións e recursos que se sumen a os da comunidade autónoma.

Máis a Xunta de Galicia é consciente de que non se pode solicitar concienciación e axuda a outros se non é Galicia quen explicita o problema e elabore unha propia folla de ruta para solucionalo que abrangue a tódolos eidos da actuación da Xunta, xa que a actual dinámica demográfica non se poderá invertir exclusivamente con medidas natalistas, por iso o PEG considera como un obxectivo transversal a dinamización demográfica e establece todo un conxunto de OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS que se integrarán nos diferentes eixos do PEG artellándose a través de catro ÁREAS DE INTERVENCIÓN. Estas coinciden substancialmente coas fixadas polo Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 que xa foron definidas en virtude dos ámbitos que se consideran prioritarios para contribuír á dinamización demográfica e segundo as necesidades específicas dos diferentes grupos de poboación que poden contribuír a que a dinamización demográfica sexa unha realidade.

Son áreas de intervención que inciden na necesidade e na importancia de:

- Sensibilizar ao conxunto da poboación galega sobre a necesidade de mellorar as expectativas demográficas.
- Ofrecer apoio socioeconómico ás persoas que toman a decisión da maternidade/paternidade.
- Mellorar a calidade de vida dos/as pais/nais e dos seus fillos/as e apoiar que cada persoa teña os fillos/as que desexa ter.
- Impulsar actuacións conxuntas das administracións públicas e da sociedade civil para favorecer a dinamización demográfica de Galicia.

III.1.2. Pulo á cultura da innovación e das tecnoloxías da información e comunicación


Para competir nun mercado global non só en base a prezos é preciso diferenciarse en base á innovación e á calidade. A cultura da innovación debe acadar a todos os sectores

e todas as fases do proceso produtivo obrigando á sociedade a reinventarse dun xeito continuado.

O Crecemento Intelixente é unha das tres prioridades ou alicerces establecidos na Estratexia Europa 2020. Este apoiase en tres cuestións fundamentais: a investigación e a innovación, a mellora dos niveis educativos da poboación e a sociedade dixital. Respecto da Innovación, a iniciativa emblemática da UE-28 Unión pola innovación está baseada en mellorar as condicións xerais e de acceso ao financiamento destinado a investigación e innovación, co fin de reforzar a cadea de innovación e impulsar os niveis de investimento en toda a Unión.

Nos últimos anos produciuse unha mellora nalgúns aspectos vinculados ao investimento en I+D+i, como é o caso da poboación con estudos terciarios, o investimento en I+D pública e privada, cooperación de pemes para a innovación e innovación non-tecnolóxica. Aínda así, Galicia atópase clasificada no grupo de economías cun compoñente innovador moderado, nunha posición atrasada con respecto á media europea e dos principais centros de desenvolvemento de innovación rexional e sobre todo, na actualidade, nunha fase de retroceso investidor a pesar de presentar un destacado crecemento da innovación rexional nos últimos anos.

Gráfico XXIII: Índice de innovación rexional. (Regional Innovation Scoreboard 2016)



O gasto en I+D respecto ao Produto interior bruto sitúase, nos últimos anos, por debaixo do 1%, amosando un diferencial negativo de Galicia de 4 décimas coa media nacional e de aproximadamente un punto co conxunto da UE.

O concepto de Especialización Intelixente (RIS3), refírese á necesidade de concentrar dunha maneira eficiente os recursos dispoñibles para a xeración e explotación de coñecemento no contexto rexional, ao servizo dun número concreto de prioridades relacionadas coas fortalezas e vantaxes competitivas da rexión, e cun enfoque multifondo, para provocar unha orientación do tecido produtivo cara a unha senda de desenvolvemento económico das rexións baseada na innovación e o coñecemento.

A Especialización Intelixente considérase desde a OCDE e a Unión Europea, como un novo paradigma na xeración de políticas de innovación, moi importante para asegurar a eficiencia dos esforzos en materia de desenvolvemento que se están levando a cabo desde as rexións europeas co apoio dos Fondos Estruturais.

Deste xeito, o deseño dunha Estratexia de Especialización Intelixente para Galicia apoiouse naquelas actividades baseadas no coñecemento enraizadas no territorio, que presentan un maior potencial de competitividade no contexto global, e nas que xa se estean concentrando, dunha maneira endóxena, dinámicas de descubrimento emprendedor.

A estratexia de crecemento intelixente aposta por un conxunto limitado de prioridades tecnolóxicas e de innovación, resultado dun rigoroso proceso colaborativo no que participaron a práctica totalidade dos Axentes do Sistema Rexional de Innovación coa elaboración dun "Inventario de Capacidades" de cada un dos vectores estratéxicos establecidos. Tendo en conta estes inventarios, definíronse 30 Nichos Potenciais para Galicia baseados tanto en actividades existentes como en oportunidades de futuro detectadas baixo o proceso do descubrimento emprendedor; destes trinta nichos potenciais, concretáronse 18 Nichos Priorizados, sintetizados á súa vez en 10 Prioridades agrupadas en 3 Retos de Futuro articulados ao redor dunha Visión de Especialización Intelixente para Galicia sobre a que basear a estratexia de innovación a desenvolver no período 2014-2020. A síntese de prioridades baseouse na análise da estrutura económica e capacidades da rexión ademais dunha análise estruturada do potencial real das prioridades seleccionadas coa aplicación dunha serie de criterios para valorar a masa crítica e o potencial existentes, tanto dende o punto de vista científico-tecnolóxico como socioeconómico.

Os tres grandes Retos para o 2020 son:


- Reto I. Novo modelo de xestión dos recursos naturais e culturais baseado na innovación. Modernización dos sectores tradicionais galegos a través da introdu-

ción de innovacións que incidan na mellora da eficiencia e o rendemento no uso dos recursos endóxeos e a súa reorientación cara a usos alternativos con maior valor engadido en actividades enerxéticas, acuícolas, farmacolóxicas, cosméticas, alimentarias e culturais.

- Reto 2. Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento. Aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia, a través da hibridación e as Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais.
- Reto 3. Novo modelo de vida saudable cimentado no envellecemento activo da poboación. Situar Galicia para o ano 2020 como a rexión líder do sur de Europa en oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados cun modelo de vida saudable: envellecemento activo, aplicación terapéutica de recursos hídricos e mariños e a nutrición funcional.

En definitiva, a visión de conxunto da RIS3 é consolidar a economía galega para o ano 2020 en base á transformación do modelo produtivo desde un modelo de intensidade tecnolóxica medio-baixa das actividades produtivas, a un modelo caracterizado por unha intensidade tecnolóxica medio-alta, mediante a absorción das Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFE) por parte dos sectores arraigados e o posicionamento da rexión como referente no sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados co envellecemento activo e a vida saudable.

Gráfico XXIV: Estratexia de especialización intelixente de Galicia RIS3



Leyenda: Sectores I2C Clúster Oficiales Pre-Clúster (*) 30 Nichos Potenciales RIS3 Galicia

(*) El término "Pre-Clúster" hace referencia a aquellos Clústeres que no están oficialmente reconocidos o en fase de consolidación según datos oficiales del IGAPE

O impulso á innovación articularase mediante o fomento da absorción de coñecemento por parte das empresas, a mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos, o fomento da transferencia de investigación dende os Axentes de Xeración e a difusión do coñecemento cara ao mercado e apoio ao descu-

brimento emprendedor. Así mesmo, fomentando a innovación dos principais actores dos sectores, subvencionando o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías que melloren a súa competitividade exterior e incrementen o valor engadido dos produtos e servizos que ofrecen no mercado.


Dentro do reto 2 da RIS3 consistente en promover un “Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento”, unha das prioridades consiste en impulsar as TIC como sector tractor da economía do coñecemento en Galicia.

Este reto é coherente coa iniciativa emblemática da Unión Europea “Unha axenda dixital para Europa” que pretende impulsar a economía europea aproveitando as vantaxes económicas e sociais sustentables do mercado único dixital.

Esta Prioridade da RIS3, deberá favorecer a consolidación eficiente dun sector tecnolóxico auxiliar cunha dobre perspectiva: Impulso dun sector competitivo, innovador e xerador de emprego cualificado capaz de facer fronte aos retos da nova economía do coñecemento e fortalecemento dun sector tecnolóxico integrador que actúe non só como provedor auxiliar aos sectores estratéxicos de Galicia, senón tamén como elemento tractor debido ao seu compoñente transversal.

No que respecta ao uso das tecnoloxías de información e comunicación Galicia presenta unha evolución positiva pero distante das rexións punteiras a nivel europeo; a porcentaxe de persoas que accede á Internet alomenos unha vez á semana é inferior ao 50%, en liña coa meirande parte das rexións do sur de Europa e moi por debaixo doutras rexións europeas. Así mesmo, en canto ás infraestruturas, Galicia presenta unha evolución moi positiva no incremento da penetración da banda larga nos fogares nos últimos anos, pero é preciso avanzar nesta liña para achegarse ás rexións europeas máis desenvolvidas.

Gráfico XXV e XXVI: Porcentaxe de persoas que se conectaron á Internet alomenos unha vez e porcentaxe de fogares cunha conexión de banda ancha (mapa da dereita)



Fonte: Eurostat. Atlas estatístico

Neste sentido, a Axenda Dixital de Galicia 2020 é unha estratexia coordinada e aliñada coas estratexias de ámbito nacional e europeo no que a uso das TIC se refire, que ven a reforzar e reafirmar a Estratexia Galega de Crecemento Dixital, introducindo elementos que permitirán maximizar o impacto das políticas tecnolóxicas, como un factor imprescindible e clave para acadar os obxectivos de crecemento económico- social que se marca Galicia para o futuro.

Tomando como base os logros acadados no ámbito tecnolóxico en Galicia nos últimos anos, e as novas tendencias económicas, sociais e tecnolóxicas, a Axenda Dixital de Galicia 2020 establece 20 desafíos articulados en torno a cinco liñas estratéxicas:

1. Valorización da Administración, avanzando cara a unha Administración dixital innovadora que aprende e se conecta á realidade da sociedade para responder e adiantarse ás necesidades e expectativas da cidadanía e as empresas.
2. Énfase na Vida Dixital, aproveitando o potencial das TIC para converter a Galicia nun lugar de progreso social avanzado e onde as persoas poidan levar unha vida autónoma e participar activamente na sociedade.
3. Aceleración da Economía Dixital, promovendo o liderado de empresas que a través da incorporación das TIC, tanto nos procesos internos como de negocio, garantan a creación e absorción de talento e innovación para xerar novas oportunidades e promover así a atracción e o crecemento económico na Comunidade.
4. Estímulo ao Crecemento do Sector TIC, Impulsando a innovación tecnolóxica, competitividade e xeración de emprego no ecosistema dixital que contribúan a posicionar ao sector tecnolóxico coma un dos sectores de referencia de Galicia.
5. Articulación Dixital do Territorio, favorecendo non só a conectividade TIC necesaria para garantir a vertebración dixital do territorio de xeito seguro e sostible, senón tamén para coñecer información que permita, en caso de ser necesario, actuar de xeito intelixente.

III.1.3. Fomento do emprendedurismo e da internacionalización.

A iniciativa emprendedora é un dos principais impulsores da innovación, a competitividade e o desenvolvemento económico e social. O emprendemento fai que a creatividade e a innovación se introduzan en mercados xa existentes, que os muden, e mesmo que creen novos mercados. Así pois, o fomento da iniciativa emprendedora considérase un elemento clave para o desenvolvemento económico e social.

A Comisión das Comunidades Europeas, no Libro Verde “O espírito empresarial en Europa (2003)”, a define como unha forma de pensar ou unha mentalidade que abrangue

a motivación e a capacidade do individuo, ben sexa de xeito independente ou dentro dunha organización, para identificar unha oportunidade e loitar por ela, producindo así novo valor económico e/ou social. A iniciativa emprendedora supón a propensión a inducir cambios nun mesmo, a capacidade de aceptar e apoiar a innovación provocada por factores externos, de dar a benvinda ao cambio, de asumir a responsabilidade polas propias accións (sexan positivas ou negativas), de terminar o que se empeza, de saber en que dirección se vai, de establecer obxectivos e cumprilos, e de ter a motivación precisa para o éxito (Comisión Europea, 2004).

A estratexia Europa 2020 recoñece a importancia capital do emprendemento e o traballo por conta propia para lograr un crecemento intelixente, sustentable e integrador, e son varias as iniciativas emblemáticas que tratan ambos aspectos: Axenda de novas cualificacións e empregos; Xuventude en Movemento: iniciativas sobre educación e emprego; Plataforma Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social.

No contexto da estratexia europea de Emprego, destácase que o emprendemento e o traballo por conta propia contribúen a:

- crear postos de traballo.
- desenvolver novas aptitudes.
- ofrecer ás persoas desfavorecidas e sen emprego unha oportunidade para participar plenamente na economía e a sociedade.

No seu apoio ao emprendemento e o traballo por conta propia, a Comisión Europea centra os seus esforzos en:

- a creación de empresas por parte de persoas sen emprego e procedentes de grupos desfavorecidos.
- a sustentabilidade e a calidade do traballo das empresas de autónomos e microempresarios.
- o apoio aos emprendedores sociais.
- microfinanciación


e pretende: aumentar o coñecemento sobre emprendemento e traballo por conta propia; sensibilizar, facilitar o aprendizaxe mutuo e crear capacidade nos países e rexións da UE; promover normas voluntarias e medidas de protección para o emprendemento e o traballo por conta propia e apoiar economicamente o emprendemento.

Os seguintes datos resumen a situación de Galicia no tocante ao sector empresarial, atendendo ao tamaño das empresas galegas en función do número de asalariados que traballan en Galicia, o 96% son microempresas (de 0 a 9 asalariados), un 3,2% pequenas empresas (de 10 a 49 asalariados) e un 0,4% son medianas (de 50 a 249 asalariados). As

maiores porcentaxes de microempresas atópanse no sector servizos (77,1%), fundamentalmente no comercio (26,9%), hostalería (11,2%) e actividades profesionais (11,3%). As empresas pequenas e de tamaño medio (de 10 a 249 traballadores asalariados), teñen máis presenza na industria (26,3%), mentres que o comercio (21,6%) e a construción (10,1%) son os outros sectores que concentran a maior parte destas empresas. De feito a concentración do emprego no sector industrial en Galicia é inferior ao 25%, como ocorre na maioría das rexións españolas.

Polo que se refire á densidade empresarial, os niveis incrementáronse notablemente nos últimos anos, pasando de 60,8 empresas por mil habitantes a 73,4 en 2012, superando a media española de 69,3. Con todo, a tendencia desde 2008, ano co máximo histórico de 75,5 empresas, é decrecente. Por provincias, non hai diferenzas significativas, pero obsérvase unha alta densidade nos municipios próximos ás grandes cidades e que contan con destacadas áreas industriais. Ao contrario, no interior das provincias de Lugo e Ourense, a pesar dos baixos niveis de poboación, a densidade empresarial é moi reducida, derivada do escaso tecido empresarial.

Gráficos XXVII e XXVIII: Porcentaxe de emprego na industria 2011. Número de empresas por 1.000 habitantes (mapa da dereita)



Se ben noutras épocas os galegos destacaron pola súa capacidade para viaxar ao estranxeiro, mudar e emprender negocios, na propia terra resulta preciso unha aposta polo emprendedor como axente creador de riqueza e de emprego e dinamizador da sociedade. A iniciativa emprendedora debería ser unha competencia cotiá e espallada dun xeito amplo entre a poboación, como o son as tecnoloxías da información ou o coñecemento de idiomas estranxeiros.

Esta aposta pola cultura do emprendemento debe ser total en todos os eidos e dende a fase máis temperá, na educación básica ata a posta en marcha de novos proxectos emprendedores no eido empresarial, iniciativas noutros campos como o social, o sanitario, o artístico-cultural, o deportivo e o científico-académico.

Ligado ao anterior, nun mundo cada vez máis globalizado os galegos deben ser quen de desenvolverse en calquera parte do mundo tanto no eido persoal coma dos negocios, situando a Galicia no mundo.

No eido empresarial a Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020, nace dende a unidade de acción e o diálogo cos axentes implicados de cara a coordinar e facilitar a internacionalización das empresas galegas, impulsando investimentos e creando emprego. Así, entre os principais obxectivos do plan atópase o de incrementar nun 25% o investimento estranxeiro en Galicia e o número de empresas exportadoras ata acadar as 8.000 no 2020.

Cómpre salientar que a Estratexia, que persegue incrementar a participación das exportacións no PIB da Comunidade ata acadar o 40% no ano 2020, susténtase sobre a base do diálogo e a vontade de colaboración. Dito plan implementouse coas conclusións do Foro da Internacionalización. Este Foro, nacido con carácter de continuidade, conta coa participación das principais empresas exportadoras galegas, servindo de base para intercambiar as súas experiencias e trasladalas ao tecido produtivo galego, facendo destas grandes compañías as principais tractoras das pemes galegas na súa aposta pola internacionalización.

De cara a conseguir incrementar o volume das exportacións galegas e seguir insistindo na atracción de investimentos, a Estratexia conta con 5 eixos de actuación centrados nas pemes: o fomento da cultura de internacionalización, o incremento da presenza das pemes en mercados internacionais, a propia atracción de investimentos, a consolidación da imaxe de Galicia no exterior, e a unidade de acción de axentes, pemes e entidades financeiras.

O Plan estratéxico de Galicia pretende estender esta forma de pensar global alén da empresa tentando que a través da asimilación de mellores prácticas doutras rexións mellore a situación socioeconómica de Galicia en todos os eidos, dende o educativo e social ata o cultural, turístico e mesmo administrativo.

Por último, mais non menos importante, toda a actividade recollida nos diferentes eixos do plan debe estar orientada a facer atractivo o investimento en Galicia.

III.1.4. Cohesión territorial e fixación da poboación no medio rural.

De seguido desenvolvemos este principio transversal que está intimamente vence-lado á dinamización demográfica xa que, como indica o profesor Carlos Ferrás “Non se pode afrontar a crise demográfica se non definimos en positivo un proxecto colectivo e

ilusionante de país ben artellado territorialmente so así se poderá incrementar a fecundidade no noso rural pero tamén nas vilas e cidades.

Os seguintes mapas do IGE, amosan a distribución das parroquias galegas segundo o grao e subgrao de urbanización no 2009, e as unidades locais que concentraban máis do 70% da poboación galega.

Gráfico XXIX: Distribución das parroquias galegas segundo grao e subgrao de urbanización (2009)





Gráfico XXX: Unidades locais que concentran máis do 70% da poboación galega (2009)



Dende un punto de vista territorial compre reducir e darlle lóxica ao mapa administrativo de Galicia en función da realidade poboacional porque logo é o que determina a eficiencia dos servizos públicos. Compre mellorar a coordinación de políticas territoriais a nivel sectorial para mellorar a eficiencia no investimento

Máis tamén compre impulsar o desenvolvemento da industria localizada no rural, maioritariamente vencellada ao sector primario, se queremos evitar o proceso de despoamento das zonas rurais.

A evolución recente de diversos indicadores demográficos, económicos e sociais, amosan un maior grao de urbanización de Galicia e un aumento dos desequilibrios territoriais, fundamentalmente no que se refire á estrutura poboacional, actividade económica e ás condicións de vida das familias galegas.

Así, o 33% da poboación vive en zonas pouco poboadas, case 5 puntos menos que hai 15 anos. O índice de envellecemento nestas zonas duplica ao do resto do territorio e a taxa bruta de natalidade é claramente inferior.

A renda dispoñible por habitante é un 14% inferior á media de Galicia, ademais, é onde as prestacións sociais teñen maior peso sobre os recursos dos fogares e a ratio cotizacións sociais sobre prestacións sociais apenas acada o 73%. Por outro lado, a den-

cidade empresarial (número de empresas por 1.000 habitantes) é un 11% inferior ao do conxunto do territorio.

A cohesión territorial ten que entenderse como unha extensión da cohesión económica e social para garantir un desenvolvemento equilibrado dos territorios. Debe ter por obxecto dar a cada territorio un acceso ás infraestruturas e aos servizos de interese económico xeral, contribuíndo así a mellorar as condicións de vida dos cidadáns.

Para iso, debe impulsarse un desenvolvemento económico coordinado, equilibrado e sustentable de Galicia, no que se reforce a cohesión dos territorios intrarrexionais.

O desenvolvemento rural é un importante sector dentro do Marco Financeiro Plurianual da Unión Europea, que se materializa a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader).

Tal e como recolle o regulamento 1305/2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader, o desenvolvemento de infraestruturas locais e de servizos básicos locais nas zonas rurais, incluídos os servizos de lecer e cultura, a rehabilitación de pobos e as actividades dirixidas á restauración e a mellora do patrimonio cultural e natural dos pobos e as paisaxes rurais constitúen elementos esenciais de calquera esforzo encamiñado a aproveitar o potencial de crecemento e a promover a sustentabilidade das zonas rurais. Por tanto, debe concederse apoio ás operacións que teñan ese obxectivo, incluído o acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación e a expansión da banda ancha rápida e ultrarrápida. En consonancia con eses obxectivos, debe fomentarse o desenvolvemento de servizos e infraestruturas que leven á inclusión social e invistan as tendencias de declive social e económico e de despoboamento das zonas rurais. Para lograr unha eficacia máxima desta axuda, as operacións fomentadas deben executarse de acordo con plans para o desenvolvemento dos municipios e dos seus servizos básicos, no seu caso, elaborados por un ou varios municipios rurais. A fin de establecer sinerxias e mellorar a cooperación, as operacións deben tamén fomentar, cando cumpra, os vínculos urbano-rurais


No ámbito autónómico, as Directrices de Ordenación do Territorio teñen como finalidade precisar a definición dun modelo territorial para Galicia, establecendo as pautas espaciais de asentamento das actividades. As propostas e determinacións das DOT definirán unha senda a seguir e perfilarán un escenario de futuro, que baixo unha perspectiva de sostibilidade, aspira a conseguir a cohesión social e territorial de Galicia, eliminando disparidades territoriais, o cal contribuirá ademais a unha maior eficiencia do sistema produtivo, así como a protección e posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico e a eficiencia ambiental en todos os procesos.

Dispor deste modelo de ordenación favorecerá unha gobernanza máis coordinada e eficaz, pois permitirá orientar aos restantes instrumentos de ordenación territorial e urbanismo, así como ás iniciativas sectoriais, de forma que as súas propostas sexan coherentes

cos obxectivos xerais que se expoñen para o conxunto de Galicia e co papel que cada ámbito debe desenvolver nesa estratexia común.

Nos espazos rurais periféricos, a execución de medidas que reforcen o seu especial valor ambiental e paisaxístico, por albergar recursos naturais de gran relevancia, debe ser una das liñas de acción principais, especialmente tendo en conta o abandono progresivo da actividade agropecuaria e do mantemento do medio que isto supón. Tamén debe tenderse ao establecemento dun mínimo acondicionamento territorial que asegure uns estándares de calidade de vida xa irrenunciábeis no actual modelo social, moi especialmente os que teñen que ver coa accesibilidade-mobilidade e o uso das novas tecnoloxías. Nestes contornos débese favorecer a implantación de actividades económicas baseadas na valorización dos recursos territoriais existentes, sempre tendo en conta a singularidade da súa localización.

Gráfico XXXI: Conexións por estrada entre os distintos núcleos urbanos.



Fonte: CMATL.

Para acadar unha maior cohesión territorial e conseguir unha fixación da poboación ao medio rural, é importante a integración urbano-rural, tendo en conta as especificidades

das distintas zonas rurais: costa, interior e montaña. Así mesmo, o aproveitamento dos recursos endóxeos é clave para avanzar na consecución deste obxectivo, facilitando aos habitantes o acceso ás terras, apostando por fomentar dentro da cadea de valor os procesos de produción.

Para acadar este obxectivo, é necesario impulsar a cultura da innovación no rural, o turismo no rural, aproveitando o enorme potencial paisaxístico e de patrimonio cultural, as iniciativas de transporte metropolitano, unha cobertura de internet extensiva, unha ocupación eficiente do territorio, xunto coa racionalización e eficacia dos servizos municipais, a través de sistemas de xestión compartida.

III.2. Eixes de actuación do PEG 2015-2020.

O orzamento en termos de Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 (en adiante PEG) para o ano 2017 ascende a 8.978,9 millóns de euros, importe no que non se contemplan os gastos derivados da débeda pública (programa de gasto 911A).

A distribución por eixes, manifesta unha vez máis, que son os gastos destinados á Benestar das persoas e as familias e Cohesión social, os que absorben unha maior parte do orzamento, como garantía e mantemento dos gastos sociais, e coa finalidade de lograr uns servizos públicos de calidade dirixidos á cidadanía, principalmente nos eidos da sanidade, xunto á mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación e o sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes. Así mesmo recolle a promoción da igualdade de oportunidades dos homes e mulleres galegas, ofrecendo ás persoas que se atopan con especiais dificultades os recursos e servizos que lles garantan a súa inclusión social. Ascende este eixe a 4.509,2 millóns de euros, e representa o 50,2% do total do PEG.

En segundo lugar está a aposta polo empregabilidade e o crecemento intelixente, o eixe I, cun orzamento total de 2.887,2 millóns de euros, o 32,2% sobre o total. Neste eixe atópanse as políticas de gastos vinculadas á I+D+i, que permitan integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento. Ademais destaca o fomento da actividade empresarial e comercial, co impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, o apoio á artesanía, a regulación sectorial e a protección da competencia.

Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas e dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda, son prioridades de actuación neste eixo.

Atopa así mesmo reflexo neste eixe, os gastos dirixidos ao mercado de traballo, coa finalidade de aumentar a empregabilidade e produtividade dos traballadores galegos a

través da formación e innovación constante. Por outro lado, minimizar o fracaso escolar e aliñarse en resultados coas rexións líderes de Europa en tódolos niveis e impulsar o SUG cara á excelencia, son os principais retos aos que ten que facer fronte o sistema educativo, prioridade de actuación que representa o 70,0% do eixe.

O eixe 3 destinado a impulsar un crecemento sustentable, ao territorio e á agricultura, montes e mar, presenta un orzamento de 955,8 millóns de euros e o 10,6% do total, céntrase fundamentalmente en fomentar un sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural.

Tamén neste eixe inclúense os gastos dirixidos a fomentar unha economía baixa en carbono e unha enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe.

A potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados e a conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e a cohesión territorial son prioridades de actuación dentro do eixe.

Por último, establécese o reto de pechar un modelo consistente de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa.

O eixe 4 presenta un importe de 480,2 millóns de euros e o 5,3% do total. Inclúe a consolidación dun modelo de crecemento vinculado á economía dixital, a través da mellora no uso e na calidade das TICs e no acceso ás mesmas.


Inclúese tamén neste eixe o orzamento para apoiar á industria cultural e de medios, como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información, así como para a conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia e o impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado.

O eixe 5, alcanza os 146,5 millóns de euros e o 1,6% do orzamento. Nel recóllese o obxectivo de alcanzar unha administración moderna, eficiente e de calidade, baseada nunha función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público e unha administración transparente, eficiente e orientada a resultados e na mellora na eficiencia e na calidade e accesibilidade dos servizos aos cidadáns.

Cadro XXII: Distribución orzamento 2017 por eixes do PEG

Eixes	Importe	% total
E1. Empregabilidade e crecemento intelixente	2.887.237.275	32,2
E2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social	4.509.218.660	50,2
E3. Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes	955.765.566	10,6
E4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno	480.205.537	5,3
E5. Administración moderna, eficiente e de calidade	146.456.748	1,6
Total	8.978.883.786	100,0

Gráfico XXXIII: Distribución orzamento 2017 por eixes do PEG



III.3. EIXE 1: EMPREGABILIDADE E CRECIMENTO INTELIXENTE.

Este eixe recolle un modelo integral de desenvolvemento que ten como fin principal que no 2020 se superen os postos de traballo destruídos pola crise. Esta situación acadaríase en base a unha modernización integral do sistema produtivo baseada na innovación e no coñecemento sen descoidar os sectores produtivos tradicionais.

As rexións europeas están obrigadas a competir en base á tecnoloxía, deseño e innovación de xeito continuado se non queren ver deslocalizada a súa produción a países de baixos prezos.

Para iso, debe implantarse a cultura da innovación en todos os eidos socioeconómicos de Galicia, de xeito que, a través dun proceso que non será inmediato, se normalice

o proceso innovador como un máis dentro da cadea de produción, o que suporá unha auténtica revolución no plantexamento dos sistemas produtivos e de xestión e venda, pero tamén unha importante fonte de xeración de nichos de emprego agora inexistentes.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2017 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación segundo se detalla no cadro II:

PA.1.1 Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento, con actuacións de fomento da capacidade investigadora e transferencia de tecnoloxía, fomento da transferencia de investigación dende os Axentes de Xeración e Difusión do Coñecemento cara o mercado nun marco de innovación aberta e de apoio á absorción de coñecemento por parte das PEMES, contribuíndo así, á mellora das súas competencias e competitividade.

PA.1.2 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia, cuxas principais liñas de actuación son: consolidación e crecemento das empresas, subvencións a fondo perdido para fomentar os investimentos das empresas e impulso á creación de novas empresas comerciais e apoios ás empresas existentes

PA.1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante, nesta PA as principais actuacións fomentarán a contratación por conta allea, promocionarán o autoemprego, a formación das persoas desempregadas e das ocupadas, impulsarán a contratación temporal de persoas desempregadas ou beneficiarias de determinados programas estatais como o Programa de activación para o emprego e a integración laboral de persoas con discapacidade e de colectivos en risco de exclusión social.

PA.1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda, as principais actuacións estarán centradas no fortalecemento e conservación da rede viaria de altas prestacións e da rede de estradas convencional e no fomento das áreas de rehabilitación intergral e rehabilitación de vivendas.


PA.1.5 Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia, neste apartado crearanse novos postos escolares mediante a construción de novos centros ou ampliación dos existentes, co correspondente equipamento asociado, fomentarse a formación profesional nomeadamente nos ciclos formativos de grao medio e na modalidade de FP a distancia e prestaranse axudas á gratuidade da educación especial.

No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2017 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro XXXIII: Gasto orzamentario 2017 Eixe I

E1. Empregabilidade e crecemento intelixente	Importe	% total	% eixe
PA.1.1 Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento	135.367.537	1,5	4,7
PA.1.2 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia	196.919.582	2,2	6,8
PA.1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante	241.928.886	2,7	8,4
PA.1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda	292.883.657	3,3	10,1
PA.1.5 Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia	2.020.137.613	22,5	70,0
Total	2.887.237.275	32,2	100,0

Gráfico XXXIII: Distribución gasto orzamento 2017 do Eixe I por prioridades de actuación



III.4. EIXE 2: BENESTAR DAS PERSOAS E AS FAMILIAS E COHESIÓN SOCIAL.

A dinámica demográfica de Galicia fai que a mellora das políticas de benestar sexan cada vez máis indispensables para colaborar na calidade de vida dunha poboación de máis idade.

Do mesmo xeito as políticas de conciliación e os servizos ás familias, especialmente á infancia, deben contribuír a mellorar as taxas de fecundidade e a inverter a dinámica demográfica de Galicia.

Por último resulta preciso aplicar con éxito as políticas de inserción social dun amplo colectivo que foi o máis desfavorecido pola crise, mediante itinerarios personalizados que permitan acompañar ás persoas en risco de exclusión ata que abandonen esta situación. Tamén a consecución dunha sociedade máis xusta, esixe que se garanta a igualdade de oportunidades para aqueles colectivos que sofren exclusión por outros motivos, dende unha discapacidade á pertenza a colectivos sociais marxinados.

Mención especial compre facer ás políticas de igualdade que se ben constitúen unha prioridade horizontal, é dicir a perspectiva de xénero de be estar presente na diagnose e solución aos principais problemas de Galicia, tamén deben contar con liñas de acción específicas para reducir con determinación as fendas de xénero nos diferentes eidos tratados no plan.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2017 progaman investimentos nas seguintes prioridades de actuación segundo se detalla no cadro III:

PA.2.1 Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables, con actuacións para promover o uso eficiente e responsable dos recursos, xestionar os recursos asistenciais e de atención urxente para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma, manter e mellorar as infraestruturas sanitarias en atención hospitalaria e fomentar a promoción da saúde e a prevención da enfermidade.

PA.2.2 Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes, as principais actuacións neste eido encamiñanase a incrementar os servizos de atención residencial, atención diurna, de axuda no fogar e de promoción da autonomía en equipamentos especiais e a favorecer a permanencia no domicilio e contorno habitual durante o maior tempo posible.

PA.2.3 Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación. A posta a disposición do alumnado que o requira de recursos educativos complementarios, o impulso da natalidade e o fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar e favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha familia ou desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións son as principais liñas de actuación programadas para 2017.

PA.2.4 Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero. A renda de inclusión social de Galicia, as axudas á inclusión social, os programas específicos de inclusión social

realizados polas corporacións locais e polas entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos Sociais, as axuda extraordinaria as pensións non contributivas (PNC), Fondo de Asistencia Social (FAS) e subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM) e o mantemento da rede de servizos sociocomunitarios contribuirán a acadar os obxectivos propostos.


PA.2.5 Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia, as liñas de actuación nesta PA promoverán a construción de vivendas de promoción pública, axudas a través do bono alugueiro e do programa de axuda ao aluger e a adquisición de solo residencial.

No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2017 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro XXIV: Gasto orzamentario 2017 Eixe II

E2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social	Importe	% total	% eixe
PA.2.1 Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables	3.630.710.430	40,4	80,5
PA.2.2 Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes	366.132.154	4,1	8,1
PA.2.3 Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación	376.785.712	4,2	8,4
PA.2.4 Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero	120.235.064	1,3	2,7
PA.2.5 Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia	15.355.300	0,2	0,3
Total	4.509.218.660	50,2	100,0

Gráfico XXXIV: Distribución gasto orzamento 2017 do Eixe II por prioridades de actuación



III.5. EIXE 3. CRECEMENTO SUSTENTABLE, TERRITORIO, MAR, AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.

Todo este eixe ten un denominador común, a posta en valor do potencial medioambiental da comunidade autónoma e o fortalecemento do sector primario como panca de crecemento.

O medio natural de Galicia, incluíndo as súas augas, constitúen un ben sen o que non se pode entender a nosa Comunidade Autónoma e que conta cun amplo percorrido de posibilidades para a súa posta en valor.

Por un lado, dende un punto de vista turístico, sector cun amplo futuro en continuo cambio, no que a nosa comunidade autónoma debe salientar as súas fortalezas para compensar a súa localización e clima fronte as principais prazas europeas. Por outro lado, no que atinxe a un sector agropecuario e forestal cun bo produto e amplo percorrido para xerar valor engadido en torno a el, o mesmo acontece coa pesca e a acuicultura e a industria transformadora.

Por último, Galicia produce o 10% da enerxía nacional. En consecuencia, as posibilidades das novas fontes de enerxía, abren un horizonte no que traballar para mellorar o mix enerxético e mesmo para crear unha industria en torno a determinadas enerxías renovables tanto tradicionais como a eólica, como as novas liñas de traballo en torno á biomasa e á enerxía undimotriz.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2017 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación segundo se detalla no cadro IV:

PA.3.1 Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural. As axudas directas á renda, para contribuír á mellora do nivel de vida da poboación agraria, as accións de reordenación das estruturas agrarias mediante procesos de concentración parcelaria, o fomento da ordenación, da xestión sostible e do aproveitamento dos montes e o impulso á certificación da xestión forestal sustentable, a planificación preventiva contra incendios forestais asentada na actuación concertada de todas as administracións reforzando as estruturas de extinción e de prevención dos incendios forestais e o fomento da competitividade e viabilidade das empresas do sector da pesca e acuicultura son algunhas das principais actuacións que se levarán a cabo neste apartado.

PA.3.2 Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono, As liñas de actuación máis relevantes serán; proxectos de aforo e eficiencia enerxética nas industrias e no sector servizos, como, por exemplo, a renovación de caldeiras de derivados de petróleo por outras máis eficientes ou por bombas de calor aerotérmicas o xeotérmicas, substitución da iluminación, instalación de grandes caldeiras industriais e proxectos integrais que aproveiten a biomasa como recurso renovable autóctono dentro das administracións e os sectores industrial e de servizos e o desenvolvemento e xestión do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia

PA.3.3 Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados, neste terreo realizarase a promoción nacional e internacional da oferta turística de Galicia, actuarase sobre o Camiño de Santiago, mellorando os aspectos ambientais, a xestión de fluxos, a mellora dos trazados e da sinalización e a mellora dos servizos turísticos e promocionaranse os recursos turísticos naturais e culturais buscando liñas de colaboración con outras administracións e o sector turístico privado.

PA.3.4 Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial, con actuacións de mellora de infraestruturas e servizos públicos e realización de programas conxuntos coas entidades locais. de desenvolvemento de proxectos para o mantemento das condicións ambientais necesarias para a conservación ou recuperación de especies relacionadas o medio agrario e os seus hábitats en zonas da Rede Natura 2000 e outras áreas de alto valor natural e accións para racionalizar o crecemento residencial urbano e dos núcleos rurais,

PA.3.5 Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa, as principais actuacións nesta materia garantirán un acceso ós servizos básicos de abastecemento e saneamento e depuración aos cidadáns de Galicia, realizando actuacións de saneamento, melloras nas redes de saneamento, ampliación e mellora


de estacións de depuración, optimización do funcionamento de bombeos e mellora de colectores xerais,...

No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2017 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro XXV: Gasto orzamentario 2017 Eixe III

E3. Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes	Importe	% total	% eixe
PA.3.1 Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	606.417.807	6,8	63,4
PA.3.2 Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono	52.602.699	0,6	5,5
PA.3.3 Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados	46.419.704	0,5	4,9
PA.3.4 Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial	195.883.929	2,2	20,5
PA.3.5 Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa	54.441.427	0,6	5,7
Total	955.765.566	10,6	100,0

Gráfico XXXV: Distribución gasto orzamento 2017 do Eixe III por prioridades de actuación



III.6. EIXE 4. SOCIEDADE DIXITAL, LINGUA, CULTURA E REFORZO DO PESO DE GALICIA NO SEU ENTORNO.

A sociedade da información está a mudar todos os negocios tradicionais cara a unha produción de bens e servizos a medida e con unha demanda moito máis esixente e informada grazas ao uso das TICS. Resulta preciso por tanto, contar coas infraestruturas axeitadas, fomentar as competencias dixitais entre a cidadanía e adaptar os sistemas produtivos e canais de venda das empresas a estas novas tecnoloxías para aproveitar todas as vantaxes que poñen ao noso alcance.

O impulso do autogoberno a lingua e a cultura de Galicia como fontes de riqueza e elementos básicos da identidade da comunidade autónoma. Resulta estratéxico para o progreso como rexión, procurar a dinamización e fomento da cultura galega, a normalización e o impulso do idioma galego como medio para protexer e fomentar a identidade cultural de Galicia, o desenvolvemento social, o crecemento económico e o diálogo intercultural.

Para acadar este obxectivo, os orzamentos de 2017 programan investimentos nas seguintes prioridades de actuación segundo se detalla no cadro V:

PA.4.1 Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información, as principais actuacións que se desenvolverán serán: a valorización da Administración, avanzar cara a unha Administración dixital innovadora, avanzar cara a unha administración aberta e transparente que permita a relación integral coa cidadanía e empresas a través da administración electrónica, fortalecer o tecido cultural de base e o tecido das industrias culturais e creativas galegas e estimular a oferta de contidos nos ámbitos da cultura e a demanda de ditos contidos por parte da cidadanía.

PA.4.2 Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia, a conservación, restauración, rehabilitación e posta en valor de bens que integran o patrimonio cultural, a promoción das actividades e dos contidos dos museos e centros de interpretación do patrimonio cultural e o fomento do uso da lingua galega no ámbito empresarial son algunhas das actuacións que se realizarán neste terreo.


PA.4.3 Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado mediante a modernización, adaptación das infraestruturas e achegamento á cidadanía da Administración de Xustiza, implantación dun novo mapa de atención ás emerxencias coa modernización e mellora da atención á poboación e profesionalización dos servizos de emerxencia.

No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2017 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro XXVI: Gasto orzamentario 2017 Eixe IV

E4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno	Importe	% total	% eixe
PA.4.1 Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información	229.198.860	2,6	47,7
PA.4.2 Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia	43.009.274	0,5	9,0
PA.4.3 Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado	207.997.403	2,3	43,3
Total	480.205.537	5,3	100,0

Gráfico XXXVI: Distribución gasto orzamento 2017 do Eixe IV por prioridades de actuación



III.7. EIXE 5. ADMINISTRACIÓN MODERNA, EFICIENTE E DE CALIDADE.

Para acadar os anteriores obxectivos precisamos unha administración eficiente, moderna, flexible e transparente, que preste servizos públicos de calidade e axude a resolver os problemas dos cidadáns e das empresas.

Para elo, precísase un persoal comprometido que debe mellorar a súa formación continua, especialmente no que atinxe a adquisicións de destrezas no manexo das TIC; pero tamén unha administración moderna debe explorar novos sistemas para incentivar o rendemento e flexibilidade que recoñezan máis a quen máis valor aporta ao servizo público.

A xeneralización dos servizos públicos dixitais e do e-goberno, debe contribuír a acadar a excelencia na xestión, posibilitando importantes economías por substitución dos sistemas tradicionais baseados no papel, e por economías de escala.

Estas novas tecnoloxías xerarán novos requirimentos e perfís profesionais, mais tamén, deixarán obsoletos un volume aínda maior doutros oficios e traballos; por iso é precisa a flexibilidade no movemento dos equipos de traballadores.

A administración debe tamén actuar como exemplo e sector tractor das principais políticas antes enunciadas, dende a innovación, implementando a compra pública innovadora e converténdose nun axente innovador en si mesmo, ata a rehabilitación dos seus edificios administrativos e vivenda pública, pasando pola eficiencia enerxética, a normalización lingüística e o dominio das linguas estranxeiras, a internacionalización, a aplicación de criterios de igualdade de xénero e non discriminación, a integración social e a protección da familia e a conciliación.

Para elo desenvolveranse as seguintes Prioridades de actuación cos seus correspondentes obxectivos instrumentais:

PA5.1. Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público. As principais actuacións neste apartado serán accións formativas para os empregados e empregadas públicas e desenvolver e aplicar estratexias e políticas de recursos humanos axeitadas ás necesidades reais para a prestación dos servizos públicos, nomeadamente a través do desenvolvemento da lei do emprego público.


PA5.2. Administración financeira transparente, eficiente e orientada a resultados, con actuacións de reformas en materia de centralización de contratos e autoprovisión, de renovación e mellora das infraestruturas públicas (novas instalacións e equipamentos) co obxecto de acadar unha xestión máis eficiente da enerxía, de garantir a tramitación telemática de todos os expedientes e trámites coa administración autonómica, de garantir a transparencia, integridade e responsabilidade na administración pública e no gasto de fondos públicos, facendo fincapé, non en implementar novas normas e requisitos, senón en aplicar con contundencia as xa existentes e de reforzar as tarefas de planificación e de xestión dos Programas Operativos dos fondos estruturais.

No seguinte cadro detállase o gasto orzamentario de 2017 neste eixe por prioridade de actuación.

Cadro XXVII: Gasto orzamentario 2017 Eixe V

E5. Administración moderna, eficiente e de calidade	Importe	% total	% eixe
PA.5.1 Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público	11.238.850	0,1	7,7
PA.5.2 Administración transparente, eficiente e orientada a resultados	135.217.898	1,5	92,3
Total	146.456.748	1,6	100,0

Gráfico XXXVII: Distribución gasto orzamento 2017 do Eixe V por prioridades de actuación



III.8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO 2015-2020

O Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 (PEG) conta cun sistema de seguimento e avaliación que permite valorar o grao de consecución dos obxectivos estratéxicos definidos, e medir o grao de eficacia e eficiencia. Ademais, o seguimento permite adecuar a propia estratexia e adaptar e modificar aquelas liñas de actuación ou obxectivos estratéxicos e/ou operativos que reflectan avances escasos ou que se manifesten como non útiles para a consecución do Plan.

O seguimento do Plan realizarase de xeito continuo e simultáneo á execución do mesmo; así, a recollida de datos sobre os indicadores realizarase en determinados momentos e fases da execución.

Tendo en conta que o Plan Estratéxico plásmase cada ano nos orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia, a estimación dos valores previstos e importes asignados (indicadores de produtividade e financeiros) figura no orzamento inicial de 2017 para os distintos proxectos de gasto.

Gráfico XXXVIII.: Esquema da relación entre o Plan Estratégico e o orzamento



O seguimento do Plan Estratégico plasmarase nun informe anual, que se presentará no mes de xuño de cada ano, e servirá de base para a análise dos obxectivos dos programas de gasto e para a asignación dos recursos para investimentos dos orzamentos do exercicio seguinte.

Este informe anual de seguimento conterá:

- Un informe sintético cos principais avances acadados, ademais dunha análise dos obxectivos transversais establecidos no Plan e dos indicadores de contexto, especialmente os establecidos na Estratexia Europea 2020.
- Un informe sobre o grao de avance da execución financeira.
- Un informe co avance dos indicadores de resultados cara o obxectivo establecido para os mesmos no ano 2020.
- Un informe dos principais indicadores de produtividade, achegando unha análise relativa ao grao de execución respecto dos valores previstos e unha análise da eficiencia, relacionando as realizacións de indicadores cos recursos financeiros mobilizados para a súa consecución.

Por outro lado, o proceso completo de implementación dunha política pública responde a unha lóxica de intervención:


Gráfico XXXIX: A Avaliación da implementación, resultados e impacto das políticas públicas.



Este esquema lóxico reproducécese, de forma iterativa, sucesivas veces ao longo do período de vixencia do plan, posto que normalmente a planificación debe ser redeseñada ou polo menos axustada para adaptarse a cambios da contorna, a circunstancias derivadas da súa propia implementación, ou en función dos resultados intermedios que se van obtendo.

Neste ciclo a avaliación xoga un papel fundamental, tanto na fase de implementación ou unha vez finalizado o plan.

Gráfico XL: Fases da avaliación de políticas públicas




As actuacións de avaliación estrutúranse nunha parte común aos principais resultados agregados do plan e aos definidos na estratexia 2020, outra encamiñada ao seguimento da implementación dos obxectivos transversais que contén o plan, a avaliación de diferentes

políticas específicas dende o eido sectorial ou territorial e unha última parte encamiñada a reflectir o seguimento operativo do plan, co grao de avance das diferentes liñas de actuación que colaboran á consecución dos obxectivos estratéxicos.

A tipoloxía das avaliacións previstas no marco do PEG son:

Gráfico XL1: Avaliación e seguimento do PEG





ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2017


IV. ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2017

IV.1. Grandes cifras

IV.1.1. Evolución do Sistema de Financiamento. Teito de gasto e Capacidade de gasto

Os ingresos procedentes do Sistema de Financiamento, en termos de caixa, cifraránse no ano 2017 en 6.815 millóns de euros, un 1,2% superiores aos que lucían no orzamento de ingresos para 2016.

Gráfico XLII. Galicia. Ingresos do sistema de financiamento e PIB.



Cadro XLIII. Pagos a conta e liquidacións do sistema de financiamento. Datos en millóns de euros.

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
INGRESO SISTEMA FINANCIAMENTO	6.149	6.814	7.335	7.439	6.280	6.071	6.080	6.210	5.999	6.233	6.736	6.815
Var absoluta	391	665	521	104	-1.159	-209	9	130	-211	234	504	79
% variación	6,8%	10,8%	7,6%	1,4%	-15,6%	-3,3%	0,1%	2,1%	-3,4%	3,9%	8,1%	1,2%

A evolución do sistema de financiamento nos últimos 12 anos pon de manifesto que mentres no período 2002 – 2009 producíronse incrementos constantes no mesmo (case 3.000 millóns de euros máis en 2009 respecto ao ano 2002, cun incremento medio anual dun 7,5%) a partir do ano 2010 a súa evolución muda radicalmente, reflectindo cos dous exercicios de retraso que supón a liquidación do mesmo, o impacto da crise nos ingresos públicos. Producíndose en dito exercicio unha caída duns 1.159 millóns de euros, un 15,5% menos e a partir de dito ano os ingresos procedentes do sistema de financiamento sitúanse no entorno dos 6.000 millóns de euros voltando a niveis do ano 2006.


No exercicio 2017 os recursos do sistema consolidan o aumento substancial de 2016, ata chegar a niveis que sobrepasan os 6.800 millóns de euros, nivel equivalente a 2017 en termos absolutos.

O teito de gasto fixado, en aplicación da Lei 2/2011, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, foi autorizado polo Consello da Xunta o día 17/11/2016, e aprobado o 26/11/2016 polo Parlamento de Galicia, estableceuse en 9.063 millóns de euros.

O importe de gasto non financeiro consignado nos orzamentos para 2017 é de 9.045 millóns de euros, cifra que acada o teito de gasto, xa que da contía anterior habería que deducir unha merma do teito por a consideración de a activos financeiros, os 16 millóns de euros de instrumentos financeiros financiados con FEDER que programan GAIN e o IGAPE. Esta cifra sitúa o gasto non financeiro consolidado en niveis correspondentes ao período 2006-2007.

De seguido pasamos a analizar as principais masas financeiras do orzamento consolidado e a súa comparación.

Gráfico XLVIII. Evolución do gasto non financeiro consolidado en millóns de euros.



O gasto non financeiro consolidado de 2017 supón unha suba do 2,7% en relación ao orzamento de 2016, 241 millóns de euros.

IV.1.2. Ingreso consolidado.

Os ingresos totais nos Orzamentos Xerais para 2017 ascenden a 10.801 millóns de euros, dos que os ingresos non financeiros ascenden a 8.740 millóns de euros, e os ingresos financeiros a 2.061 millóns de euros, segundo o seguinte detalle por capítulos:

Cadro XLIII. Cadro de Ingresos do orzamento consolidado. miles de euros

Capítulos	2016	2017	Variación		Valor	
			Importe	%	2016	2017
I Impostos directos	2.194.298	2.236.274	41.976	1,9	21,3	20,7
II Impostos indirectos	3.242.799	3.226.456	-16.343	-0,5	31,5	29,9
III Taxas, prezos e outros ingresos	178.603	168.766	-9.837	-5,5	1,7	1,6
IV Transferencias correntes	2.392.676	2.483.303	90.626	3,8	23,2	23,0
V Ingresos patrimoniais	16.060	8.928	-7.132	-44,4	0,2	0,1
OPERACIÓNS CORRENTES	8.024.436	8.123.726	99.291	1,2	77,8	75,2
VI Alleamento de investimentos reais	13.000	7.070	-5.930	-45,6	0,1	0,1
VII Transferencias de capital	583.945	609.850	25.906	4,4	5,7	5,6
OPERACIÓNS DE CAPITAL	596.945	616.920	19.976	3,3	5,8	5,7
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	8.621.380	8.740.647	119.266	1,4	83,6	80,9
VIII Activos financeiros	32.426	29.837	-2.589	-8,0	0,3	0,3
IX Pasivos financeiros	1.656.435	2.030.665	374.229	22,6	16,1	18,8
TOTAL OPERACIÓNS FINANCIERAS	1.688.861	2.060.501	371.640	22,0	16,4	19,1
Total	10.310.241	10.801.148	490.907	4,8	100,0	100,0

A consolidación dos incrementos do pasado exercicio tanto no que atinxe ao sistema de financiamento autonómico como á programación de fondos estruturais da UE, son a principal causa do incremento do 1,25% do ingreso non financeiro.

Da análise dos ingresos non financeiros obsérvase un aumento das transferencias correntes do 10,4%, a maior parte correspondentes a transferencias do sistema de financiamento, e do capítulo I nun 8,6%, pola contra os ingresos de prezos e taxas e patrimoniais diminúen levemente. Por último os impostos indirectos medran un 4% pola forza do IVE vencellada ao aumento do consumo interno.

Por outra banda, os ingresos financeiros baixan un 2,6% respecto do 2015, principalmente debido ao capítulo IX, debido ao maior importe das amortizacións de débeda previstas para 2017, que medran algo máis de 255 millóns de euros, así como á variación do endebedamento neto dimanante do obxectivo de estabilidade orzamentaria autorizado para 2017 (que aumenta en 124 M€ respecto ao fixado no orzamento inicial 2016).

IV.1.3. Aumento do gasto non financeiro nun 2,7%

O gasto consolidado para 2017 acada a suma de 10.801 millóns de euros, 9.045 non financeiro e 1.756 financeiro, detallándose a clasificación económica do mesmo na táboa seguinte:

Cadro XLIV Cadro de Gasto do orzamento consolidado.

Capítulos	2016	2017	Variación		2016	2017
			Importe	%		
I Gastos de persoal	3.566.897	3.614.832	47.934	1,3	34,6	33,5
II Gastos en bens correntes e servizos	1.482.595	1.570.653	88.058	5,9	14,4	14,5
III Gastos financeiros	270.997	234.748	-36.249	-13,4	2,6	2,2
IV Transferencias correntes	2.014.527	2.117.268	102.741	5,1	19,5	19,6
OPERACIÓNS CORRENTES	7.335.016	7.537.500	202.485	2,8	71,1	69,8
V Fondo de continxencia	52.038	36.169	-15.869	-30,5	0,5	0,3
VI Investimentos reais	777.709	805.565	27.856	3,6	7,5	7,5
VII Transferencias de capital	639.680	666.078	26.399	4,1	6,2	6,2
OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.417.388	1.471.643	54.255	3,8	13,7	13,6
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	8.804.443	9.045.313	240.870	2,7	85,4	83,7
VIII Activos financeiros	152.957	147.656	-5.301	-3,5	1,5	1,4
IX Pasivos financeiros	1.352.841	1.608.179	255.337	18,9	13,1	14,9
TOTAL OPERACIÓNS	1.505.799	1.755.835	250.036	16,6	14,6	16,3
Tot al	10.310.241	10.801.148	490.907	4,8	100,0	100,0

Tendo en conta os orzamentos de 2016, o gasto non financeiro aumenta en 241 millóns de euros, o que supón unha variación do 2,7%, que consolida o forte aumento do ano pasado ata supor un incremento do 7,2% dende 2015.

IV.1.4. Mantemento dun importante aforro bruto e saldo primario a pesares do importante esforzo en gasto corrente no que son intensivas as áreas sociais

Malia que o gasto corrente sube en 202 millóns de euros, o aforro por operacións correntes sitúase en 588 millóns de euros, o que supón unha lixeira diminución de 102 millóns de euros con respecto ao orzamento do ano 2016, debido á consolidación do forte incremento do gasto social, intensivo en recursos correntes e ao tímido aumento dos ingresos correntes. Considerando as operacións financeiras, o aforro por operacións correntes primario é de 823 millóns de euros.

Cadro XIV. Aforro Bruto e primario por operacións correntes

OPERACIÓNS CORRENTES	2016	2017	Var. 2017/2016	
			Importe	%
INGRESOS	8.024	8.124	99	1,2
Impostos directos	2.194	2.236	42	1,9
Impostos indirectos	3.243	3.226	-16	-0,5
Taxas, prezos e outros ingresos	179	169	-10	-5,5
Transferencias correntes	2.393	2.483	91	3,8
Ingresos patrimoniais	16	9	-7	-44,4
GASTOS	7.335	7.538	202	2,8
Gastos de persoal	3.567	3.615	48	1,3
Gastos en bens correntes e servi	1.483	1.571	88	5,9
Gastos financeiros	271	235	-36	-13,4
Transferencias correntes	2.015	2.117	103	5,1
AFORRO BRUTO	689	586	-103	-15,0
Gastos financeiros	271	235	-36	-13,4
SALDO PRI MARI O	960	821	-139	-14,5

IV.1.5. Formación de capital: 855 millóns de euros

Os ingresos por operacións de capital supoñen 617 millóns de euros (un 3,3% máis respecto ao orzamento 2016), en tanto que os gastos neses capítulos ascenden a 1,472 millóns, aumentando nun 3,8% con respecto a 2016. A formación de capital acada os 855 millóns de euros, o que supón un incremento do 4,5% con relación ao orzamento de 2016, 34 millóns máis.

Cadro XLVI. Formación de capital

OPERACIÓNS DE CAPITAL	2016	2017	Var. 2017/2016	
			Importe	%
INGRESOS	597	617	20	3,3
Alleamento de investimentos reais	13	7	-6	-45,6
Transferencias de capital	584	610	26	4,4
GASTOS	1.417	1.472	54	3,8
Investimentos reais	778	806	28	3,6
Transferencias de capital	640	666	26	4,1
FORMACIÓN DE CAPITAL	820	855	34	4,2

IV.1.6. Fondo de continxencia: 36 millóns de euros

A dotación do fondo de continxencia de execución orzamentaria a que se refire o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, realizouse gradualmente dende o exercicio 2013 para achegarse ao seu importe legal neste último exercicio.

Dadas as necesidades financeiras do presente exercicio estableceuse unha excepción á contía establecida como dotación na Lei de réxime financeiro, que habilita a posibilidade de dotar unha contía inferior en tanto non remate o proceso de consolidación fiscal.

O aprazamento dous anos de este proceso, xunto coas importantes necesidades a financiar no orzamento, non fan posible que se acade a porcentaxe estipulada no 2017, polo que este fondo sofre unha baixa importante respecto ao 2016 de máis do 30%, feito ao que tamén colabora a non orzamentación da bolsa de dous millóns de euros para atender á devolución da paga extraordinaria de 2012 nos entes instrumentais.

Polo que refire ao Fondo de continxencia para 2017 en sentido estrito, a súa dotación repártese entre o SERGAS (31,5 Millóns de euros) e administración xeral (4,5 Millóns de euros).

Cadro XLVII. Evolución do fondo de continxencia

OPERACIÓNS DE CAPITAL	2016	2017	Var. 2017/2016	
			Importe	%
Fondo de continxencia	52	36	-16	-30,5

IV.1.7. Necesidade de Financiamento axustada á senda de consolidación fiscal: 298 millóns de euros

A necesidade de financiamento dos orzamentos no 2017 é de 305 millóns de euros. Tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, que é como se mide o obxectivo de estabilidade orzamentaria, a necesidade de financiamento supón os 298 millóns de euros.

Os axustes de contabilidade nacional son positivos no presente exercicio, é dicir o seu valor total resulta equivalente a un menor gasto ou un maior ingreso, de xeito principal polo axuste correspondente ás liquidacións negativas do sistema de financiamento e o resultado positivo das achegas a entes instrumentais da comunidade autónoma agás a achega á CRTVG considerada orzamentariamente un gasto financeiro e que se deduce como necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional.

O obxectivo foi obxecto de informe favorable no pleno 94 do Consello de Política Fiscal e Financeira no seu pleno, celebrado o pasado mes de abril de 2016, ao abeiro do establecido no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Neste pleno modificouse a senda de consolidación das comunidades autónomas dacordo coa solicitude presentada na modificación do plan de estabilidade do Reino de España. Así informouse a revisión do obxectivo fixado para 2016 autorizando un aumento do mesmo ata o 0,7%, e fixouse unha necesidade de financiamento máxima para as comunidades autónomas no 2017 do 0,5% do PIB, por tanto, a capacidade de endebedamento varía ata supor dúas décimas máis ou 124 millóns de euros.

Cadro XLVIII. Necesidade de financiamento orzamentaria en termos de CN

ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL	2016	2017	Var. 2017/2016	
			Importe	%
Ingresos Correntes	8.024	8.124	99	1,2
Gastos Correntes	7.335	7.538	202	2,8
AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO	689	586	-103	-15,0
Fondo de continxencia	52	36	-16	-30,5
Ingresos de Capital	597	617	20	3,3
Gastos de Capital	1.417	1.472	54	3,8
GASTOS DE OPERACIÓNS DE CAPITAL	-820	-855	-34	4,2
DÉFICI T ORZAMENTARI O NON FI NANCEI	-183	-305	-122	66,4
Liquidacións negativas sistema	85	85	0	0,0
Outras unidades consideradas aap	-47	-49	-2	3,6
Recadación incerta	-32	-33	-1	1,6
Intereses devindicados	0	1	1	
Outros axustes	3	3	-1	-16,7
TOTAL AXUSTES CONTABILIDADE NACIO	9	7	-2	-24,4
NECESI DADE DE FI NANCEI MENTO	-174	-298	-124	71,1

IV.1.8. Principais Políticas de Gasto Priorizadas no Orzamento 2017

O orzamento total medra un 4,8% respecto ao do ano pasado, o que supón 491 millóns de euros, máis esta non é a contía da que poden dispor as consellerías para dotar financeiramente as súas políticas de gasto, xa que é preciso deducir de esta contía os recursos atribuídos ao financiamento de outras administracións (universidades, financiamento local e órganos estatutarios e consultivos) así como ao servizo da débeda.

As anteriores sumas supón preto dos 2.400 millóns de euros no 2017, é e súa dedución do orzamento total permite determinar as contías libres para o gasto das consellerías que ascende a 8.414 millóns de euros, un 3,1% máis que o ano 2016, que en efectivo son 252 millóns de euros adicionais.

Cadro XLIX. Capacidade de gasto das consellerías

DISPONIBILIDADES FINANCEIRAS PARA POLITICAS DE GASTO DAS CONSELLERÍAS	2016	2017	Var. 2016/2017	
			Importe	%
ORZAMENTO TOTAL	10.310	10.801	491	4,8
-Financiamento administracións locais	128	131	4	2,8
-Servizo da débeda	1.598	1.822	224	14,0
-Plan financiamento SUG	393	404	10	2,6
-Organos estatutarios e consultivos	29	30	1	2,5
CAPACI DADE DE GASTO CONSELLERÍAS	8.162	8.414	252	3,1


IV.1.9. Crecente relevancia do Gasto Social

Os servizos públicos básicos ocupan un lugar preeminente na estrutura funcional do orzamento, tanto polo propio ámbito competencial da comunidade autónoma. Como

polas necesidades crecentes de financiamento nos eidos sanitario, educativo, de política social e de emprego. Ademais, unha parte dos efectos da crise e do importante aumento da taxa de paro no periodo 2008-2013 da lugar a importantes necesidades en actuacións que traten de paliar os efectos da crise económica sobre as familias e os cidadáns así como contribuír á igualdade de oportunidades

Os recursos adicados aos obxectivos estratéxicos e as Consellerías relacionados co benestar social, educación, sanidade e asistencia social e dependencia mantén o alto peso acadado nas contas orzamentarias e son os destinatarios en termos absolutos da maior parte dos novos recursos dispoñibles no 2017. Así dun incremento de 251 millóns de euros de gasto non financeiro, as principais áreas de gasto social aumentan os seus orzamentos en 220 millóns de euros.


Gráfico XLIV



Dende 2006, ano no que representaba o 68,2% do gasto orzamentado, o gasto social supón máis do 70% do gasto total, medrando máis de 10 puntos durante cinco anos consecutivos.

Compre salientar o esforzo realizado para manter e aínda incrementar importantes partidas de gasto relacionadas coa inclusión social e a educación, como son as adicadas á RISGA e emerxencia social, dependencia, comedores escolares, e o mantemento de outras como as becas universitarias.

Gráfico XLV. Evolución de algunhas partidas do gasto social




IV.1.10. Reforzase o financiamento adicional da Administración Local

A dotación do Fondo de Cooperación Local estará formada polos 113 millóns de euros do fondo base, catro millóns da liquidación do ano pasado e dous millóns dun fondo adicional.

Este fondo adicional adicarase a incentivar as fusións intermunicipais e de non aplicarse a este fin, no último trimestre do exercicio, repartirase entre os municipios menores de 15.000 habitantes. Tal e como se acordou na subcomisión permanente de réxime financeiro da comisión galega de cooperación local.

A comunidade autónoma garantiu durante a crise un financiamento estable ás corporacións locais, compensándoa con axustes nos orzamentos das consellerías. Agora, co remate do período de axuste, o fondo volta a medrar xunto cos ingresos da comunidade autónoma, así os Orzamentos Xerais para 2017 destinan 131,2 millóns € para Financiamento Local: 119,7 millóns para entregas do FCL e 11,5 do Fondo de Compensación Ambiental.

Gráfico XLVI. Evolución do financiamento incondicionado a cdl



Dende o ano 2010, e coa finalidade de apoiar aos Concellos, a Xunta garantiu un chan de FCL que pasa a denominarse fondo base e se reparte en base a os criterios fixados ata entón, por iso, a dotación ao FCL non baixou no período 2012-2015 a pesar de que o nivel de recadación dos tributos dos capítulos I a III non se recupera ata 2016, o que implicaría unha asignación inferior ao fondo.

Para 2017, mantense o fondo base cos mesmos criterios de reparto, o fondo adicional que supón 2,4 millóns de euros que adicárase a incentivar os procesos de fusión ou de non haber ningún a financiar aos municipios menores de 15.000 habitantes e a liquidación, que mellora substancialmente ata os 4,5 millóns de euros, pasando a sumar todas as contías 119,7 millóns de euros.

IV.1.11. Financiamento das Universidades


Para 2016, o novo modelo de financiamento supón, para as tres Universidades de Galicia, un monto de 392,3 millóns €, un 5% por enriba do correspondente a 2015.

Pero ademais de aumentar o importe financiado o SUG dótase dun novo plan de financiamento ata 2020 que dará estabilidade á senda financeira e ao funcionamento das entidades que o integran.

O novo plan porá enriba da mesa alomenos 374 millóns de euros máis que o anterior o que supón un aumento do 17,8%.

A evolución dos fondos consignados nos orzamentos da comunidade autónoma desde o último exercicio do anterior plan de financiamento (2015) é a seguinte.-

Gráfico XLII. Evolución do financiamento da Xunta ao SUG. Millóns de euros.



Ademais estruturase nun fondo por resultados en base a un panel de indicadores consensuado coas universidades e noutro estrutural que tenta garantir o financiamento para da docencia e a investigación básica das Universidades en base a parámetros obxectivos, calculando o custe das necesidades docentes en base a os créditos matriculados en cada unha, superando por vez primeira o criterio histórico.

IV.1.12. *Investimento en I+D+i*

A implantación do novo modelo de crecemento baseado na innovación implica un aumento progresivo das dotacións nesta política de gasto a medida que se vaia desenvolvendo a estratexia RIS3 de Galicia (Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia).

A priorización dimanante da análise de necesidades na elaboración da estratexia de crecemento intelixente de Galicia foi a base para a definición dos que denominan “Retos Estratéxicos da RIS3 Galicia” que pivotarán sobre tres eixos en estreita relación coas prioridades definidas na Estratexia Europa 2020, que á súa vez están aliñadas co logro dun crecemento sostible, intelixente e integrador:

- i. Modernización das Actividades Tradicionais caracterizadas por unha utilización intensiva dos recursos endóxenos cara a un crecemento sostible.

- ii. Hibridación tecnolóxica das Actividades económicas características da especialización produtiva galega, caracterizadas por unha intensidade tecnolóxica medio-baixa, cara a un crecemento intelixente.
- iii. Reforzamento das áreas de excelencia na xeración de coñecemento, cara a un crecemento integrador.

Este marco complétase cunha aplicación aos tres eixos das Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais [TFEs], que actuarán como mecanismo de fertilización cruzada transversal ao conxunto de áreas de actividade económica asociadas a este marco de actuación.

Inclúese de seguido a formulación para os tres retos estratéxicos definidos segundo se describe na metodoloxía do proceso RIS3 Galicia:

Reto 1:

Novo modelo de xestión dos recursos naturais e culturais baseado na innovación

Modernización dos sectores tradicionais galegos a través da introdución de innovacións que incidan no melloramento da eficiencia e rendemento no uso dos recursos endóxenos e a súa reorientación cara a usos alternativos con maior valor engadido en actividades enerxéticas; acuícolas; farmacolóxicas; cosméticas; alimentarias; e culturais.

Reto 2:

Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento

Aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia, a través da hibridación e as Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais.

Reto 3:


Novo modelo de vida saudable cimentado no envellecemento activo da poboación

Posicionar Galicia para o ano 2020 como a rexión líder no sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados cun modelo de vida saudable -envellecemento activo, a aplicación terapéutica de recursos hídricos e mariños e a nutrición funcional-.

A Axencia de innovación incrementa o seu orzamento nun 3,7% o que supón acumular un crecemento dende 2015, ano do inicio do plan estratéxico do 11,4%, forte impulso financeiro para consolidar as súas políticas de fomento da investigación, desenvolvemento e innovación, dun xeito especial nas áreas priorizadas na RIS3.

Como parte do pulo innovador a axencia de modernización desenvolve un importante papel que xoga tanto como tecnoloxía facilitadora das principais innovacións como tamén en actuacións de e-goberno e economía dixital como elemento tractor e difusor das novas tecnoloxías. No 2017 o seu orzamento medra nun 3,3 sen ter en conta a tecnoloxía sanitaria.

Gráfico XLVII. Evolución dos orzamentos asignados a I+D+i e TICs




IV.1.13. Gasto con perspectiva territorial

O orzamento 2017 realiza un esforzo de territorialización superior ao establecido ata o de agora, limitado a os investimentos, para aplicarse a tódolos capítulos de gasto.

Así, unha vez deducido o gasto financeiro e o correspondente a servizos centrais, a distribución provincial do gasto ,explica o 86% do gasto non financeiro coa seguinte distribución per cápita, A Coruña 2.457 euros por habitante, Lugo 3.522 euros por habitante, Ourense 3.355 euros por habitante e Pontevedra 2.728 euros por habitante. O que evidencia o carácter reequilibrador do gasto público, que discrimina positivamente a favor das provincias de Lugo e Ourense. Compensando a situación máis desfavorable das provincias do interior en canto a renda e poboación.

Gráfico XLVIII. Distribución territorial do gasto



IV.1.14. Ingresos e Novas Medidas Tributarias

A lei de medidas fiscais para 2016 inclúe os seguintes impactos recadatorios procedentes de rebaixas fiscais de pasados exercicios e as seguintes modificacións na normativa fiscal:

1. O Imposto sobre Sucesións e Doazóns (ISD) redúcese en preto de 2 millóns con respecto ao previsto para o ano 2016. Esta redución débese a medida normativa pola que se establece unha redución de 400.000€ para os descendentes maiores de 25 anos, cónxuxes, ascendentes ou adoptantes posto que no 2016 só afectou a unha parte do ano, a cal vese compensada en gran medida cos ingresos que se esperan obter como consecuencia de actividades extraordinarias de comprobación.
2. A previsión por recadación do Imposto sobre o Patrimonio (IP) ascende para 2017 a algo mais de 70 millóns de euros, superior á recollida nos orzamentos 2016, debido á consolidación da incorporación de novas bases derivadas da declaración tributaria especial e das declaracións de bens no estranxeiro, pero similar ao importe que se espera recadar neste ano.
3. Mediante a Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, o Estado promorxa durante o exercicio 2016 a vixencia do Imposto sobre o Patrimonio, que permitirá contribuír ao reforzamento dos ingresos públicos. A reivindicación neste sexto ano de recuperación prodúcese o 31 de decembro de 2016, polo que as declaracións se presentarán ao longo do exercicio 2017.

4. O Imposto sobre depósitos das entidades de crédito (IDEC) ten unha previsión de recadación para o ano 2017 de case 21 millóns de euros, cifra moi similar á do ano 2016, xa que a previsión de variación dos depósitos bancarios e case nula.
5. O Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD) case non sofre alteracións respecto ao orzamento do ano 2016 como consecuencia, principalmente, do incremento previsto das transmisións de segunda man de bens inmobles pola evolución do sector inmobiliario, pero tamén pola execución do plan de comprobacións extraordinarias, así como pola diminución reflectida pola posible aprobación dos novos beneficios fiscais incluídos na lei de medidas.
Estabéllese un beneficio fiscal no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, consistente nunha dedución na cota do 100%, có obxectivo de fomentar a adquisición de vivenda naquelas zonas do territorio galego que se atopen despoboadas, coa finalidade de promover o asentamento con carácter permanente, cós seguintes beneficios que ilo supón para o entorno. Por este motivo este beneficio fiscal se aplica ás vivendas que van a ter a condición de habituais para o adquirente, e se aplica a distintos colectivos obxecto de protección, como mozos, familias numerosas e discapacitados. A medida tamén introduce límites con respecto ao patrimonio do adquirente e do valor da vivenda, introducindo así medidas de progresividade e capacidade económica para o seu desfrute. O custe en termos anuais desta medida, aproxímase a os 2,4 millóns de euros en termos anuais.
6. O rendemento do Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte (IEDMT) estímase en 14,8 millóns de euros considerando que as matriculacións de vehículos se incrementarán nun 9 % con respecto a ano 2016.
7. O incremento do rendemento do tipo autonómico do Imposto sobre Hidrocarburos (IH) estímase para 2017 en algo máis dun millón de euros con respecto a 2016 como consecuencia do incremento no consumo de combustibles en Galicia.
8. Dentro dos tributos sobre o xogo figuran por unha parte as Taxas Fiscais sobre o Xogo (TFX) que se axustan á realidade da evolución do sector do xogo. Por outra parte, inclúese a recadación esperada, case 5 millóns de euros, polo Imposto sobre Actividades de Xogo que recolle aos realizados a través de canles electrónicas, informáticas, telemáticas e interactivos. Este imposto experimenta unha forte subida en consonancia coas elevadas previsións de crecemento do xogo on-line.
9. O Imposto sobre a Contaminación Atmosférica (ICA), que recae sobre as emisións de determinadas sustancias contaminantes ten unha previsión de 4,2 millóns de euros, cifra lixeiramente superior ao orzamento neste ano 2016.
10. O Imposto sobre o Dano Medioambiental de Augas Encoradas (IDMAE) axusta a súa previsión de ingresos para 2017 na cifra de recadación esperada de algo máis de 14 millóns de euros, cun incremento fronte ao 2016 polo remate de actuacións de comprobación xa iniciadas.
11. O Canon Eólico (CE), creado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, cuxo feito imponible constitúe a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos

sobre o medio natural e sobre o territorio, como consecuencia da instalación en parques eólicos de aerogeneradores afectos á produción de enerxía eléctrica e situados en territorio galego, conta para este exercicio con 22,9 millóns de euros.

IV.1.15. Distribución por Consellerías e Organismos Estatutarios

O cadro recollido a continuación mostra as variacións do orzamento total da administración xeral, como pode verse podemos diferenciar entre as Consellerías que acaparan máis recurso de xeito absoluto (Sanidade, Educación e Cultura e Política Social) e as que medran con máis forza porcentualmente que basicamente son as investidoras Infraestruturas e Vivenda, Economía, Traballo e Industria e Mar, aínda que neste grupo volta a repetir política social que crece un 4% o que reflicte o importante sesgo social de estos orzamentos, todas elas crecen con aumentos por enriba da media, o 2,7%.

Destaca o crecemento de política social tanto en termos absolutos como relativos, o 4%, que tamén crece no consorcio de servizos do benestar de forma importante fora do perímetro de consolidación, sen dúbida as políticas de gasto encamiñadas lograr a inclusión social dos máis desfavorecidos e a loitar contra a desigualdade, o desenvolvemento das políticas de dependencia e o Plan demográfico, ten moito que ver con este aumento.

O importante incremento da Consellería do mar ven apoiado na nova programación do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca do que Galicia como principal rexión pesqueira de España acapara máis do 50%, o que non impide que crezan con forza outras partidas como as de apoio a confrarías.

Por último a Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza reflicte o seu esforzo investidor en materia de xustiza polo que medra un 3,7%.

Medio Rural medra un 3,0% o que lle permite lanzar novas medidas de apoio sectorial e concentración parcelaria así como continuar impulsando as actuacións de fomento contidas na nova programación do FEADER para o período 15-20.

Cadro L. Gasto non financeiro. Comparativa 2016-2017

ORZAMENTO	2016	2017	DIFERENCIA	tva 17/16
1.01 - PARLAMENTO	18.264.725	18.593.288	328.563	1,8%
1.02 - CONSELLO DE CONTAS	6.610.696	6.900.993	290.297	4,4%
1.03 - CONSELLO DA CULTURA GALEGA	2.415.833	2.472.550	56.717	2,3%
1.04 - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	38.513.636	39.146.841	633.205	1,6%
303.04 - AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GA	86.404.207	89.277.083	2.872.876	3,3%
306.04 - AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	44.029.422	46.419.704	2.390.282	5,4%
TOTAL PRESIDENCIA	168.947.265	174.843.628	5.896.363	3,5%
1.05 - VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP.	240.253.788	248.603.919	8.350.131	3,5%
101.05 - ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	3.250.670	3.259.699	9.029	0,3%
105.05 - ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	2.382.074	2.631.198	249.124	10,5%
402.05 - AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	6.711.846	7.414.151	702.305	10,5%
TOTAL VICEPRESIDENCIA	252.598.378	261.908.967	9.310.589	3,7%
1.06 - CONSELLERÍA DE FACENDA	21.418.243	21.486.242	67.999	0,3%
102.06 - INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	3.979.206	4.133.754	154.548	3,9%
305.06 - AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	14.102.853	14.291.717	188.864	1,3%
403.06 - CENTRO INFORMATICO XESTION TRIBUTARIA ECONOMI	12.252.328	14.008.608	1.756.280	14,3%
404.06 - CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	808.765	819.293	10.528	1,3%
TOTAL FACENDA	52.561.395	54.739.614	2.178.219	4,1%
1.07 - CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TE	106.288.612	109.358.293	3.069.681	2,9%
111.07 - INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	2.572.728	2.621.165	48.437	1,9%
TOTAL MEDIO AMBIENTE	108.861.340	111.979.458	3.118.118	2,9%
1.08 - CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA	22.960.289	24.633.203	1.672.914	7,3%
201.08 - INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	71.113.743	75.572.037	4.458.294	6,3%
302.08 - AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	245.533.541	250.593.328	5.059.787	2,1%
TOTAL INFRAESTRUTURAS E VIVENDA	339.607.573	350.798.568	11.190.995	3,3%
1.09 - CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	244.417.941	278.379.314	33.961.373	13,9%
107.09 - INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO	6.097.174	6.124.999	27.825	0,5%
304.09 - AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	54.897.801	56.674.804	1.777.003	3,2%
405.09 - INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	57.311.532	57.324.995	13.463	0,0%
407.09 - INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	34.067.693	29.498.068	-4.569.625	-13,4%
110.09 - INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL	5.637.960	5.982.082	344.122	6,1%
411.09 - CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	1.032.241	1.044.711	12.470	1,2%
TOTAL ECONOMÍA	403.462.342	435.028.973	31.566.631	7,8%
1.10 - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U	2.238.884.602	2.303.065.778	64.181.176	2,9%
301.10 - AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI	10.559.154	10.532.088	-27.066	-0,3%
TOTAL EDUCACION E CULTURA	2.249.443.756	2.313.597.866	64.154.110	2,9%
1.11 - CONSELLERÍA DE SANIDADE	69.949.593	68.000.232	-1.949.361	-2,8%
103 - SERGAS	3.415.984.047	3.517.673.013	101.688.966	3,0%
308.11 - AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO E	2.826.608	3.488.409	661.801	23,4%
309.11 - AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS	24.120.372	24.168.149	47.777	0,2%
TOTAL SANIDADE	3.512.880.620	3.613.329.803	100.449.183	2,9%
1.12 - CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL	606.423.896	631.854.304	25.430.408	4,2%
307.12 - AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	13.567.744	13.115.423	-452.321	-3,3%
TOTAL POLÍTICA SOCIAL	619.991.640	644.969.727	24.978.087	4,0%
1.13 - CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL	381.934.061	387.083.331	5.149.270	1,3%
203.13 - FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA	87.275.649	93.560.869	6.285.220	7,2%
408.13 - AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	32.344.504	36.246.933	3.902.429	12,1%
409.13 - INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA	3.012.024	2.786.982	-225.042	-7,5%
TOTAL MEDIO RURAL	504.566.238	519.678.115	15.111.877	3,0%
1.14 - CONSELLERÍA DO MAR	126.409.072	139.567.564	13.158.492	10,4%
410.14 - INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO	2.975.716	2.855.810	-119.906	-4,0%
TOTAL MAR	129.384.788	142.423.374	13.038.586	10,1%
1.20 - CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA	2.059.784	2.095.553	35.769	1,7%
1.21 - TRANSFERENCIAS A CORPORACIÓNS LOCAIS	116.138.255	119.764.132	3.625.877	3,1%
1.22 - DÉBEDA PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	270.112.767	234.200.000	-35.912.767	-13,3%
1.23 - GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS	46.535.273	37.988.234	-8.547.039	-18,4%
Total gasto non financeiro	8.804.442.668	9.045.312.843	240.870.175	2,7%

IV.2. Obxectivos e prioridades de gasto nos Orzamentos para 2017. O Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020

A asignación financeira dos Orzamentos Xerais para 2017 rexeuse pola cobertura das necesidades recorrentes dimanantes do funcionamento dos servizos públicos e polas prioridades de investimento atendendo aos eixes e obxectivos estratéxicos do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.

En efecto, realizouse un encaixe da estrutura orzamentaria co Plan estratéxico aos efectos de priorizar investimentos segundo a lóxica de intervención do Plan. Ademais o plan estratéxico tamén garda coherencia coa programación de fondos europeos do período 2014-2020.

A través desta asociación, os orzamentos son coherentes cos cinco obxectivos claves que a UE pretende alcanzar ao final da década nos eidos do emprego, investigación e innovación, cambio climático e enerxía, educación, e integración social e redución da pobreza, e que se traducen nos seguintes parámetros:

- Acadar unha taxa de emprego do 75% para a poboación de entre 20 e 64 anos.
- Investir un 3% do Produto Interior Bruto (PIB) na investigación e o desenvolvemento.
- Reducir nun 20% as emisións de carbono (e, se as condicións o permiten, nun 30%) respecto dos niveis de 1990, aumentar hasta o 20% as enerxías renovables, e aumento do 20% na eficiencia enerxética.
- Reducir a taxa de abandono escolar a menos do 10% e aumentar ata o 40% a taxa de titulados do ensino superior.
- Reducir en 20 millóns o número de persoas en situación o resgo de pobreza e exclusión social.

Cadro I1: Obxectivos da estratexia "Europa 2020"

Ámbitos	Denominación Obxectivo	Situación actual	Cuantificación Obxectivo		
			Galicia	España	UE 28
Emprego	Taxa de emprego (persoas entre 20 e 64 anos)	61,5% (2015)	70,0%	74,0%	75,0%
I+D	Gasto bruto en I+D sobre o PIB	0,89% (2014)	1,7%	2,0%	3,0%
Cambio climático e sustentabilidade enerxética	Redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (en comparación con niveis de 1990)	95 (2014, Índice 1990=100)	20,0%	20,0%	20,0%
	Porcentaxe de fontes de enerxías renovables	31% (2004-2013)	30,0%	20,0%	20,0%
	Aumento da eficiencia enerxética		20,0%	20,0%	20,0%
Educación	Redución da taxa de abandono escolar	17% (2015)	13,5%	15,0%	< 10%
	Completar estudos de nivel terciario (persoas de 30 a 34 anos)	45,8% (2015)	47,0%	44,0%	40,0%
Pobreza e exclusión social	Redución da poboación en risco de pobreza ou exclusión social (nº de persoas)	22,1% (taxa de risco pobreza 2014)	90-100 mil	1,4-1,5 millóns	20 millóns

Fonte: Consellería de Facenda. Elaboración propia

Estes obxectivos concrétanse en obxectivos nacionais e rexionais que deben alcanzarse combinando medidas ás escalas rexionais, nacionais e europeas. Están relacionados entre si e potencianse mutuamente:

- As melloras educativas contribúen a empregabilidade e a redución da pobreza.
- O crecemento das inversións en I+D e en innovación na economía, unidas aos recursos máis eficaces, farán crear máis emprego e ser máis competitivos.
- Investir en tecnoloxías máis limpas combate o cambio climático e crea novas oportunidades de negocios e emprego.

A nivel rexional o PEG contempla 10 retos estratéxicos que inclúen e complementan os indicadores de Europa 2020, ampliando o rango nalgún dos ámbitos. Estes retos son: Conseguir crecementos medios anuais do PIB superiores ao 2,5%, crear máis de 100.000 novos empregos e reducir a taxa de paro ao 10%, duplicar o gasto en I+D e elevar ao 40% do PIB o nivel de exportacións, rebaixar 3,5 puntos a taxas de abandono escolar temperán, chegar a que case a metade da xuventude teña estudos superiores, reducir en 100.000 persoas a poboación en risco de pobreza ou exclusión social, baixar un 35% as emisións contaminantes, situar nun 30% o uso de enerxías renovables e incrementar un 20% a eficiencia enerxética, paquete integral de medidas para a revitalización demográfica de Galicia, converxer oito puntos coa Unión Europea e cinco puntos con España.

A planificación formulada no PEG 2015-2020 que asume como prioridades propias os principios orientadores da estratexia Europa 2020, recolle tres niveis de obxectivos: un Obxectivo Global, cinco Eixes de actuación e 20 Prioridades de Actuación (PA). O importe asignado no Orzamentos xerais para o ano 2017 ascende a 8.978,9 millóns de euros, cifra na que non se contemplan os gastos derivados da débeda pública (Programa de gasto 9 I I A).

A asimilación da orzamentación no 2017 á estrutura dos obxectivos estratéxicos do PEG resúmese no cadro seguinte:

Cadro III: PEG 2015-2020 no Orzamento 2017

Eixes e Prioridades de actuación	Importe	% total	% eixe
E1. Empregabilidade e crecemento intelixente	2.887.237.275	32,2	
PA.1.1 Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento	135.367.537	1,5	4,7
PA.1.2 Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia	196.919.582	2,2	6,8
PA.1.3 Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante	241.928.886	2,7	8,4
PA.1.4 Completar Galicia no que atinxe a infraestruturas básicas. Dar un novo pulo ás políticas de rehabilitación e conservación da vivenda	292.883.657	3,3	10,1
PA.1.5 Consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia	2.020.137.613	22,5	70,0
E2. Benestar das persoas e as familias e cohesión social	4.509.218.660	50,2	
PA.2.1 Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables	3.630.710.430	40,4	80,5
PA.2.2 Desenvolvemento do sistema de servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes	366.132.154	4,1	8,1
PA.2.3 Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación	376.785.712	4,2	8,4
PA.2.4 Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero	120.235.064	1,3	2,7
PA.2.5 Garantir o acceso a unha vivenda digna en réxime de propiedade ou aluguer axeitada ás posibilidades de cada familia	15.355.300	0,2	0,3
E3. Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandería e montes	955.765.566	10,6	
PA.3.1 Fomento do sector primario baseado na innovación e a calidade do produto galego que fixe a poboación ao medio rural	606.417.807	6,8	63,4
PA.3.2 Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono	52.602.699	0,6	5,5
PA.3.3 Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados	46.419.704	0,5	4,9
PA.3.4 Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial	195.883.929	2,2	20,5
PA.3.5 Pechar un modelo de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa	54.441.427	0,6	5,7
E4. Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno	480.205.537	5,3	
PA.4.1 Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información	229.198.860	2,6	47,7
PA.4.2 Conservación e promoción da riqueza cultural de Galicia	43.009.274	0,5	9,0
PA.4.3 Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado	207.997.403	2,3	43,3
E5. Administración moderna, eficiente e de calidade	146.456.748	1,6	
PA.5.1 Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público	11.238.850	0,1	7,7
PA.5.2 Administración transparente, eficiente e orientada a resultados	135.217.898	1,5	92,3
Total	8.978.883.786	100,0	

Fonte: Consellería de Facenda

O tomo dos Orzamentos Xerais correspondente á “Memoria de Obxectivos e Programas” contén de modo detallado a descrición das actuacións que deben colaborar a acadar os anteriores obxectivos.

Asemade, e como ven sendo habitual, na mesma Memoria de Obxectivos e Programas se dispón de exhaustiva información dos indicadores operativos e de avaliación asociados ás partidas de gasto, co que se posibilita a valoración da eficacia e impacto das actuacións de gasto recollidas nos orzamentos



SOSTIBILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA

V. SOSTIBILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA

V.1. Regras fiscais e orzamento 2017

O Plan de estabilidade presentado polo Reino de España no marco do procedemento de déficit excesivo no que se atopa inmerso o noso país, formulou unha proposta de obxectivos de estabilidade orzamentaria para o período 2017-2019, o Consello de Política Fiscal e Financeira informou positivamente o pasado mes de abril os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública referidos ao trienio 2017-2019 para as comunidades autónomas, formulado consonte a proposta presentada perante a UE, establecendo un obxectivo de endebedamento, medido en termos de ratio débeda PIB para o conxunto das comunidades autónomas do 23,9% para 2017 e un obxectivo de estabilidade orzamentaria, medido en termos de necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional do -0,5% do PIB..

Malia non aprobarse posteriormente, no devandito pleno 94 do CPFF, o Ministerio de Facenda e Administracións públicas mostrou a súa intención de realizar un reparto lineal entre as diferentes comunidades autónomas do mesmo, polo que os obxectivos individuais de débeda pública e estabilidade orzamentaria para Galicia para o período 2016-2018 nas seguintes magnitudes.

Porén, o pasado 1 de decembro, o pleno 95 do Consello de Política Fiscal e Financeira acorda aumentar o obxectivo de estabilidade orzamentaria ate o -0,6% do PIB, pendente de asignar entre comunidades autónomas individualmente.

Supoñendo Obxectivo de estabilidade orzamentaria da comunidade autónoma, medido como ratio en porcentaxe da necesidade de financiamento respecto do PIB rexional previsto para cada exercicio.

	2016	2017	2018	2019
Necesidade financiamento en % do PIB	-0,7	-0,6	-0,3	0,0

Obxectivo de débeda pública, a nivel individual calcúlase en base á suma ao stock de débeda a finais de cada exercicio, calculada segundo o protocolo PDE en porcentaxe do PIB rexional da comunidade autónoma, das contías equivalentes á necesidade máxima de financiamento e de débeda polo pago das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009. Na medida en que aínda non están asignados os obxectivos de débeda individuais para as comunidades autónomas, podemos elaborar unha estimación en base á anterior practica, que daría as seguintes porcentaxes.

Así, partindo dun stock de débeda estimado a finais de 2016 de 10.850 millóns de euros, o que supón o 18,9% do PIB., chegamos a os seguintes obxectivos de débeda da

nosa comunidade autónoma medidos en porcentaxe do pib, aínda pendentes de informar na súa contía individual polo CPFF .-

Obxectivos de débeda pública da CA de Galicia para o trienio 2017-2019, medidos como débeda PDE en porcentaxe do PIB.

	previsto	obxectivo		
	2016	2017	2018	2019
Débeda/Pib	18,9	18,9	18,6	18,0

A Lei 2/2011 do 16 de xuño de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira de Galicia, indica que aprobado o anterior obxectivo de estabilidade, o Consello da Xunta acordará límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos consolidados da Comunidade Autónoma que serve de marco para a elaboración dos orzamentos de cada exercicio.

O límite de gasto será coherente co obxectivo de estabilidade presupostaria e coa regra de gasto establecida nas normas de estabilidade orzamentaria. O límite aprobado poderá ser axustado na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da Administración xeral do Estado. Este axuste se presentará ao Parlamento conxuntamente co proxecto de lei de orzamentos.

V.1.1. Regra de gasto

A regra de gasto á que refire o artigo 12 de la Lei 2/2011 do 16 de xuño de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira establece que “a variación do gasto computable do sector público autonómico non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo que informe cada ano o Consello de Política Fiscal e Financeira”.

Cando se aproben cambios normativos que supoñan variacións permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos nos que se produzan esas variacións de recadación deberá axustarse na contía equivalente.

A lei orgánica de estabilidade orzamentaria LO 2/2012 entende por gasto computable aos efectos previstos no parágrafo anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas, agás os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vencelladas aos sistemas de financiamento.

En primer lugar, debe entenderse que cando está a falar de variación do gasto computable da Comunidade Autónoma se referindo ao gasto do subsector público autonómico en termos de contabilidade nacional. Por tanto, a efectos de calcular a variación do gasto deberán terse en conta as unidades que integran o mesmo. A efectos prácticos, as entidades a considerar son as unidades clasificadas como Administración autonómica no rexistro de entes da IGAE. A regra de gasto calcularase por tanto consolidando e eliminando as transferencias dos diferentes suxeitos que integran o sector público administrativo.

A taxa de variación do gasto computable dun exercicio calculase dacordo coa seguinte fórmula:

$$\text{T.V. Gasto computable (\%)} = (\text{Gasto computable año 2016} / \text{Gasto computable año 2015}) - 1 \times 100$$

O cálculo do gasto computable de 2017 realizarse a partir da estimación da liquidación do orzamento do devandito exercicio. Para partir dun orzamento liquidado compararemos o gasto computable co do último exercicio liquidado (2015).

Para a determinación do gasto computable, partimos dos empregos non financeiros en termos Sistema Europeo de Cuentas agás os intereses da débeda (capítulo III) e os pagos do FEAGA. Unha vez determinado este importe, deducirase a parte do gasto financiado con fondos finalistas da Unión Europea e de outras Administracións públicas.

O seguinte cadro de traballo concilia o montante do gasto non financeiro co gasto computable a efectos da regra de gasto de cada exercicio aos efectos de acreditar como as contas da comunidade autónoma son compatibles co cumprimento da regra de gasto.

Como pode verse a variación do devandito gasto está a dar cumprimento ás evolucións anuais máximas marcadas pola regra de gasto fixada no seo do Consejo de Política Fiscal e Financeira, tanto a prevista para 2016 (incremento do 1,8%), como a do 2017 (incremento do 2,1%).

Cadro III, Regra de gasto da comunidade autónoma de Galicia en función da previsión de cerramento e orzamento presentado.

(Millóns €)	Liquidación 2015	Previsión cerramento 2016	Orzamento 2017
1. Gastos orzamentarios non financeiros consolidados, agás os intereses da de	8.444,0	8.408,0	8.757,3
2. Axustes (incremento (+)/reducción (-) do gasto orzamentario):	295,2	199,2	257,7
Ingresos por enaxenación de investimentos	-7,1	-8,3	-6,9
Recursos do sistema de financiamento (agás IRPF) que supón pagos ao Estado e non se recollen como gasto orzamentario			
Outros axustes de gastos:	302,3	207,5	264,6
Conta 413 ou outras similares	-4,0	-9,0	0,0
Aportacións de capital	12,0	8,0	6,0
Outras entidades consideradas Administracións públicas	276,3	201,0	251,6
Inexecución			
Outros axustes de gastos (especificar)	18,0	7,5	7,0
avais	4,0	2,5	3,0
outros (investimentos APP, swaps, axustes menores)	14,0	5,0	4,0
3. Empregos (1+2)	8.739,2	8.607,2	9.015,0
4. Exclusiones:	853,2	640,8	859,8
Gasto finalista de fondos da UE	464,8	255,2	530,1
Gasto finalista de ingresos procedentes de outras AAPP	388,4	385,6	329,6
5. Gasto computable antes de variacións de ingresos (3-4)	7.886,0	7.966,4	8.155,3
6. Variación neta de ingresos:	-4,0	61,0	36,8
Incrementos derivados de medidas permanentes (valor absoluto)	5,3	0,0	0,0
Diminucións derivadas de medidas (valor absoluto)	1,3	61,0	36,8
7. Gasto computable a efectos do cumprimento da regra de gasto (5-6)	7.882,0	8.027,4	8.192,0
Taxa de crecemento do gasto computable	1,1%	1,8%	2,1%
Taxa de referencia máxima	1,3%	1,8%	2,1%
cumpre regra	si	si	si

No que atinxe aos axustes por variación neta de ingresos, motivados por cambios na normativa tributaria que alteran a capacidade estrutural de recadación, o seu desglose, que se pode contrastar na memoria de beneficios fiscais, é que se detalla de seguido en millóns de euros:

Detalle de aumentos/diminucións de ingresos derivados de cambios normativos:

Breve descripción do cambio normativo	2015	2016	2017
	Incremento (+)/ diminución (-) previsión liquidación 2015	Incremento (+)/ diminución (-) previsión liquidación 2016	Incremento (+)/ diminución (-) previsión liquidación 2017
IH. Tipo de gravame autonómico PG 2014	5,30		
IH. Incremento tipo autonóm. Dev gasoleo profes PG 2015	-1,33	-0,73	
IRPF. Deducción natalidade		-2,75	
IRPF. Deducción por nacemento ou adopción			-5,00
IRPF. Deducción por coidado de fillos menores			-1,20
IRPF. Deducción por aluguer de vivenda habitual			-0,12
IRPF. Deducción por doazóns con finalidade en investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica			-0,70
IRPF. Deducción por investimento en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual e destinadas exclusivamente ao autoconsumo			-1,29
IRPF. Tipo de gravame fixo a rendas inferiores a 17.707,20		-12,20	
ISD. Bonificacións grupo II		-39,10	-26,07
ITP y AJD. Eliminación incompatibilidade tipos reducidos con doazóns para adquirir vivenda habitual		-0,20	
ITP. Deduccións a transmisións sector agrogandeiro		-4,50	
AJD. Deduccións agrupacións de predios rústicos		-1,50	
ITP. Deduccións a transmisións de vivenda no medio rural			-2,40

V.1.2. Límite de débeda.

No que atinxe ao límite de débeda concretado na introdución de este punto, como pode ollarse a partires do presente ano, froito do remate do proceso de consolidación orzamentaria, comezará a reducirse a ratio débeda/PIB, isto non quere dicir que Galicia teña que deixar de gastar para amortizar débeda, senón o PIB crecerá máis que o stock de débeda o que fará que esta ratio sexa cada vez menor.

A capacidade para recorrer ao endebedamento en futuras recesións económicas depende de que sexamos quen de baixar esta ratio a niveis inferiores.

Compre sinalar que os obxectivos de débeda pública poderán rectificarse polo importe efectivo da execución de mecanismos adicionais de financiamento para as comunidades autónomas durante os respectivos exercicios, sempre que non se adiquen a financiar vencementos de débeda ou déficit do exercicio no que se execute e polos incrementos de débeda derivados de reclasificacións de entidades e organismos públicos no sector de administracións públicas sempre que non financien déficit do exercicio. De cara a acreditar como as contas presentadas permitiran dar cumprimento ao obxectivo aprobado se presenta o seguinte cadro que concilia o stock de débeda do sector público autonómico recollido no último ratio débeda/Pib certificado polo Banco de España, a previsión de peche para 2015 e o obxectivo fixado para 2016.

O límite de endebedamento para o ano 2017 para Galicia, se estima en base a os criterios que ven aplicando o Consejo de Política Fiscal e Financeira, e coincide con endebedamento dimanante do financiamento do obxectivo de déficit e a devolución das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009, sen que se dea ningún suposto para facer uso das excepcións previstas no Acordo do Consello de Ministros que o autoriza.

Cumprimento do obxectivo de débeda pública, débeda máxima autorizada:

Cadro LIV. Determinación do obxectivo de débeda para 2017

Débeda prevista a 31/12/2016 (SEC 2010)	Incremento de débeda incluído nos obxectivos			Excepcións permitidas por Acordos de Consello de Ministros		Obxectivo de Débeda previsto a 31/12/2017 (SEC 2010)
	Liquid. neg. 2008 e 2009 SF CCAA	Obxectivo de déficit	Total	Variacións débeda por sectorización de entes públicos	Mecanismos adicionais de financiamento	
10.850,0	84,8	358,0	442,8	0	0	11.292,8

A débeda medida en stock (millóns de euros a peche de exercicio) prevista en función dos orzamentos presentados, está a axustarse a límite individual da comunidade autónoma arriba desglosado. Para determinar a débeda estimada ao peche do exercicio, engádesse á dimanante da previsión de cerramento as variacións de débeda do sector público autonómico e as variacións netas derivadas dos orzamentos da comunidade autónoma:

Cadro LV. Cumprimento do obxectivo en función do orzamento presentado

millóns de euros

Débeda prevista a 31/12/2016 (SEC 2010)	Endebedamento financeiro neto do orzamento consolidado	Reducción débeda APP consolidadas	Reducción débeda SPI SA	Reducción débeda Xestur SA	Débeda prevista a 31/12/2017 (SEC 2010)
10.850,0	422,5	-4,0	-28	-11	11.229,3

Como pode apreciarse as previsións máximas de endebedamento do sector público autonómico que implican os orzamentos presentados están dentro do límite de débeda.

V.2. Evolución da situación financeira autonómica.

V.2.1. Evolución orzamentaria

Neste apartado realizamos un breve análise da evolución do orzamento consolidado homoxeneizado ca comunidade autónoma dende 2006. Por ser o período 2006-2007 o máis próximo en termos de recursos non financeiros ao exercicio actual.

Ingresos

Como pode verse os ingresos non financeiros acadan os 8.741 millóns de euros no orzamento de 2017, un 1,4% superior ao exercicio precedente, o exercicio do cadro con unha contía máis próxima é o 2006.

Cadro LVI. .evolución dos ingresos non financeiros consolidados

	millóns de euros											
	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011	2.012	2.013	2.014	2.015	2.016	2.017
INGRESOS												
I Impostos directos	1.075	1.168	1.364	1.516	1.374	2.031	2.030	1.913	1.937	2.020	2.194	2.236
II Impostos indirectos	2.413	2.636	2.689	2.399	1.897	2.856	2.959	2.944	3.133	3.118	3.243	3.226
III Taxas, prezos e outros ingresos	246	265	253	286	271	174	180	205	166	177	179	169
IV Transferencias correntes	4.022	4.487	5.064	4.949	4.497	2.760	2.616	2.312	1.953	2.168	2.394	2.483
V Ingresos patrimoniais	13	15	24	54	20	16	22	23	24	19	16	9
Total operacións correntes	7.769	8.570	9.395	9.205	8.058	7.836	7.806	7.397	7.214	7.501	8.026	8.124
VI Alieamento de investimentos reais	72	91	99	111	49	27	32	30	13	10	13	7
VII Transferencias de capital	825	794	758	787	729	658	635	562	528	564	582	610
Total ingresos de capital	897	885	857	898	779	684	667	592	541	575	595	617
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	8.667	9.455	10.252	10.103	8.837	8.521	8.474	7.988	7.754	8.076	8.621	8.741
VIII Activos financeiros	1	1	1	1	1	10	11	20	20	14	32	30
IX Pasivos financeiros	514	551	474	851	2.048	1.340	1.373	1.476	2.507	1.700	1.657	2.031
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	515	552	474	852	2.049	1.349	1.384	1.496	2.527	1.714	1.690	2.061
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	9.182	10.007	10.726	10.955	10.885	9.870	9.858	9.484	10.281	9.790	10.310	10.801


Dentro do ingreso corrente, compre salientar que a diferente porcentaxe de participación nos tributos cedidos a partires de 2011, dimanante da aplicación do novo sistema de financiamento no cálculo das entregas a conta do devandito sistema dificulta a comparación en toda a serie temporal.

Malia a anterior aclaración pode observarse o efecto nos ingresos correntes da comunidade autónoma da burbulla inmobiliaria disparando os ingresos a partires de 2005, a caída dos ingresos tributarios a partires do 2009 sería aínda maior de contar coa mesma

porcentaxe de participación nos tributos cedidos no período 11-14 e no anterior, porén esta reflíctese nas transferencias correntes e no montante total de ingresos correntes.


Respecto a 2017, prosigue a lixeira pero continúa mellora do ingreso corrente así como a evolución positiva do aforo corrente, que se contrae lixeiramente polo moderado crecemento dos ingresos e o aumento do gasto social, intensivo en gasto corrente.

Gráfico XLIX. Evolución 2006-2017 en millóns de euros.




O gráfico inferior reflicte a evolución do gasto corrente, en boa parte de carácter ríxido, pola natureza dos servizos públicos competencia da comunidade autónoma (xustiza, educación, sanidade e servizos sociais), o que derivou nun forte deterioro do aforo corrente perante a baixa dos ingresos a partir de 2009. Como pode verse se o nivel de ingresos correntes máis próximo en contía era o de 2006/2007 o nivel de gastos correntes do que estamos máis preto é o de 2009.

Gráfico L. Evolución 2006-2017 en millóns de euros.




O seguinte gráfico enfronta a evolución dos dous gráficos mostrando como dende 2009 o axuste no ingreso corrente opera como un límite ao gasto corrente, tamén se pode ollar como no orzamento do 2016 esta limitación cesa o que posibilita a xeración de aforro corrente e polo tanto o aumento da posibilidade de financiar investimentos.

Gráfico LI. Gasto corrente vs ingreso corrente no orzamento consolidado. Millóns de euros



Respecto os ingresos de capital, se consolida o cambio de tendencia iniciado nos pasados orzamentos no financiamento finalista para investimentos despois de cinco exercicios á baixa dende 2009.

Gráfico LII. Evolución ingresos de capital no orzamento consolidado 2006-2017. Millóns de euros




Sumando os ingresos correntes e os ingresos de capital obtemos o total de ingresos non financeiros do orzamento consolidado, a estas contías se engaden os ingresos financeiros (endebedamento e activos financeiros) para pechar o financiamento dos gastos da comunidade autónoma.

O seguinte cadro mostra a capacidade de financiamento de gastos orzamentarios (capítulos I a VIII de gastos), a partires dos ingresos non financeiros e ingresos de capítulo VIII, que chamamos ingresos orzamentarios neste gráfico e do endebedamento neto de cada período.

Como pode verse a comunidade autónoma precisou recorrer ao endebedamento para suavizar o axuste preciso a partires do 2009, pola forte merma dos ingresos. Dentro da senda de consolidación fiscal este recurso á débeda vaise reducindo paseniñamente garantindo unha financiación total estable en torno aos 8.800 millóns de euros, o que sitúa a nosa capacidade de gasto consolidado preto da de 2007.

Gráfico LIII. Capacidad de gasto total agás amortización débeda. 2006-2017. Millóns de euros



Gastos

De seguido recóllese o orzamento consolidado de gastos en millóns de euros, compare sinalar a efectos comparativos que a contía que ata 2010 figuraba no capítulo catro como participación dos concellos nos tributos do estado pasa a ter nese ano carácter extraorzamentario polo que resulta axustada no orzamento dos anos 2006-2009 para facilitar unha visión homoxenea da evolución do gasto en termos consolidados.

Como pode apreciarse, atendendo ao gasto non financeiro poden apreciarse claramente dúas etapas na evolución do gasto unha crecente, correspondente á fase expansiva ata 2009 no que o orzamento consolidado non financeiro acada os 10.600 millóns de euros, e outra fase decrecente que mostra un axuste á baixa no período 2010-2014, ata acadar un gasto non financeiro duns 8.400 millóns de euros, este medra ata os 9.045 no 2017, atopándose os niveis de gasto do orzamento consolidado nun nivel semellante a 2006/2007.

Na medida en que foi preciso recorrer ao endebedamento para suavizar o impacto do axuste no gasto consolidado, o capítulo de operacións financeiras e o capítulo de gasto financeiro mostran unha evolución crecente a partires do 2010, (non o fixeron dende 2008 por uns pagos a conta do sistema de financiamento anormalmente altos que logo derivaron en liquidacións negativas), porén no 2015 invertese a tendencia, sendo o primeiro exercicio dende o comezo da crise no que suben os gastos non financeiros e baixan os financeiros, no 2016 e 2017 consolidase esta tendencia diminuindo o gasto financeiro en preto de 117 millóns de euros dende 2014 (36 millóns menos no 2017).

Cadro LVI. Galicia. Orzamento consolidado de gastos.


	millóns de euros											
	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011	2.012	2.013	2.014	2.015	2.016	2.017
GASTOS												
I Gastos de Personal	2.932	3.175	3.444	3.692	3.773	3.627	3.609	3.391	3.367	3.382	3.567	3.615
II Gastos en bens correntes e servizos	1.167	1.242	1.348	1.416	1.381	1.353	1.384	1.376	1.364	1.388	1.483	1.571
III Gastos financeiros	142	147	146	148	157	198	295	299	352	336	271	235
IV Transferencias correntes	1.949	2.118	2.359	2.430	2.471	2.322	2.239	1.970	1.941	1.960	2.015	2.117
Total operacións correntes	6.191	6.682	7.297	7.686	7.782	7.500	7.527	7.036	7.024	7.066	7.335	7.538
V Fondo de Continxencia	58	62	65	99	62	78	76	85	105	125	52	36
Total fondo de continxencia	58	62	65	99	62	78	76	85	105	125	52	36
VI Investimentos Reais	1.206	1.333	1.382	1.439	1.251	805	782	711	666	700	777	806
VII Transferencias de Capital	1.241	1.355	1.386	1.365	1.156	764	750	652	596	544	640	666
Total operacións de capital	2.447	2.687	2.768	2.804	2.407	1.569	1.532	1.363	1.262	1.244	1.417	1.472
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANZEIRAS	8.696	9.431	10.130	10.589	10.251	9.147	9.135	8.484	8.391	8.435	8.804	9.045
VIII Activos Financeiros	112	118	122	120	118	307	176	166	140	147	153	148
IX Pasivos Financeiros	374	457	474	246	516	417	548	834	1.750	1.208	1.353	1.608
TOTAL OPERACIÓNS FINANZEIRAS	486	575	595	366	634	723	723	1.000	1.890	1.355	1.506	1.756
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	9.182	10.007	10.726	10.955	10.885	9.870	9.858	9.484	10.281	9.790	10.310	10.801

O cadro inferior mostra a evolución dos pesos das diferentes partidas de gasto non financeiro nos orzamentos consolidados de 2017 respecto ás do 2006, como pode verse a natureza dos servizos públicos prestados pola comunidade autónoma, (xustiza, educación, sanidade, servizos sociais), implica unha composición do gasto intensa no gasto corrente (persoal, gastos de funcionamento e consumos dos centros). Por elo os capítulos I e II de gasto aumentan o seu peso co paso do tempo dada a forte rixidez dos mesmos.

En efecto, referindo ao total do gasto non financeiro e ao ano con orzamento de gastos máis próximo ao actual (2006), o peso dos gastos de persoal pasa do 34% ao 40% no 2017, o peso dos gastos de funcionamento pasa do 13 ao 17,4%, entre estes dous capítulos se explica máis da metade do orzamento consolidado.

As políticas expansivas no eido monetario e a disciplina financeira mostrada pola comunidade autónoma reflíctense na baixa do custo do endebedamento, a evolución do stock de débeda está a mesetar no 2016 para comezar a decrecer en termos ratio débeda / PIB a partires do vindeiro exercicio.


Gráfico LIV. Evolución dos gastos financeiros 2006-2017. Millóns de euros



O peso do capítulo de transferencias correntes sube lixeiramente (23,4%) a pesar de mudar radicalmente a súa composición, o resultado é que se no ano 2006 o peso do gasto corrente acadaba un 71% do gasto non financeiro do orzamento consolidado e no 2017 este supera o 83%.

Pola contra, os capítulos que sofren a maior parte do axuste son os capítulos de gasto de capital 6 e 7, se ben grazas ao aumento do aforro corrente nos orzamentos que se presentan a partires de 2015, o seu peso medra máis do 10% ata o 16,3%, o que permite invertir unha tendencia continua a perda de peso iniciada no ano 2008.

Gráfico LV. Evolución do peso dos compoñentes do gasto non financeiro do orzamento consolidado por natureza.




A gráfica superior mostra dun xeito claro esta variación da composición do gasto por natureza. O gasto corrente mostra un peso estable no período 2005-2008, experimentar un forte crecemento no período 2009-2011 e estabilizarse logo ata o 2015.

Isto é así porque na fase de crecemento a maior parte dos novos recursos financeiros consolidáronse como gasto corrente, así do crecemento dun 46% do gasto non financeiro no período 2004-2009, consolidouse en gasto corrente un 48%, con crecementos medios anuais durante o período superiores ao 7% no gasto de persoal e ao 9% nos gastos de funcionamento e transferencias correntes.

Dado o carácter ríxido de este tipo de gasto, no período 2009-2015, fronte a unha baixa do gasto non financeiro do 20%, o gasto corrente baixa menos dun 8% no período. Esta evolución pode apreciarse gráficamente no cadro seguinte.

A partires do 2015 o total de operacións non financeiras medra máis que o total de operacións correntes por vez primeira dende 2009.

Gráfico LVI. Evolución do gasto non financeiro vs gasto corrente. Orzamentos consolidados 2005-2017



O resto das partidas do orzamento, ven condicionado pola rixidez do gasto corrente, así a capacidade de financiamento de investimentos de capital ven dada pola suma do aforro bruto, os ingresos de capital e a capacidade de endebedamento libre da financiación de activos.

Como se acreditou nos puntos anteriores a forte baixa dos ingresos correntes e a consolidación de importantes contías de gasto corrente no período 05-09, fai baixar a mínimos o aforro corrente, principal fonte de financiamento de investimentos ata entón. Se ben o axuste do gasto minora o seu impacto no 2010 grazas a un importante aumento do endebedamento, esta fonte de financiamento non pode ser permanente polo que vai minorando pouco a pouco e deberá seguir facendoo ata desaparecer.

É por iso que calquer pulo ao investimento debe acadar financiamento vía aforro corrente, para o que será preciso aumentar os ingresos ou minorar o gasto corrente.

Isto aconteceu xa no 2015 e repítese con dobre intensidade no 2016 e 2017, orzamentos no que o ingreso corrente adicional xera aforro financeiro e permite moderar o recurso á débeda incrementando o gasto de capital en porcentaxes de dous díxitos nos dous anos.

Evolución do gasto real

De seguido procederase a analizar a evolución das principais magnitudes e saldos orzamentarios da comunidade autónoma partindo dos ingresos e gastos consolidados realizados correspondentes ao período 2006-2015. Compre salientar que os datos co-

respondentes ao exercicio 2015 son os correspondentes á conta xeral da comunidade autónoma.


A distribución por capítulos dos gastos durante o período 2006- 2015 foi a seguinte:

Cadro LVII: Gastos Consolidados non financeiros en millóns de euros (Obrigas Recoñecidas). Datos en Millóns de euros

CAPITULO	EXERCICIO	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011	2.012	2.013	2.014	2.015
GASTOS											
GASTO DE PERSOAL	I	3.004	3.276	3.576	3.899	3.823	3.725	3.439	3.447	3.451	3.560
GASTO EN BENS CORRENTES E S II	II	1.214	1.280	1.409	1.414	1.357	1.321	1.594	1.541	1.567	1.646
GASTO FINANCEIRO	III	137	150	135	111	122	214	257	302	365	308
TRANSFERENCIAS CORRENTES	IV	2.157	2.263	2.430	2.609	2.559	2.273	2.179	2.059	1.993	1.957
Total correntes		6.513	6.970	7.550	8.033	7.861	7.533	7.469	7.349	7.376	7.470
Fondo de continxencia	V										
INVESTIMENTO REAIS	VI	1.131	1.264	1.362	1.258	882	681	654	627	526	750
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	VII	1.170	1.211	1.389	1.185	948	729	733	646	596	654
Total capital		2.301	2.475	2.751	2.442	1.831	1.411	1.387	1.274	1.122	1.404
Gastos non financeiros		8.813	9.444	10.301	10.475	9.692	8.944	8.856	8.623	8.498	8.875
ACTIVOS FINANCEIROS	VIII	184	170	136	134	132	113	196	130	168	141
PASIVOS FINANCEIROS	IX	378	457	348	246	520	420	508	1.026	1.461	1.306
Total financeiros		562	627	484	380	652	532	704	1.155	1.629	1.447
Total Gastos		9.375	10.071	10.786	10.855	10.344	9.476	9.560	9.778	10.127	10.321


En canto aos gastos correntes, a súa execución no 2015 representou o 84,2% do gasto non financeiro total, dende o ano 2009, ano no que acadou o seu máximo, o gasto corrente reduciuse en 563 millóns de euros, un 7%. No exercicio 2015 se consolida con forza o tímido inicio do crecemento do gasto corrente de 2014. Dende o ano 2006 ata o 2015 o incremento foi de 957 millóns de euros, un 15% máis.

Gráfico LVII. Evolución do gasto corrente liquidado 2006-2015. Orzamento consolidado e millóns de euros.



En canto aos gastos de capital, a súa execución no 2015 representou o 15,8% do gasto non financeiro total, o que mellora de xeito substancial o desempeño financeiro neste eido. E permite dar a volta á evolución decrecente deste gasto por vez primeira dende 2008.

Gráfico LVIII. Evolución do gasto de capital liquidado. Orzamento consolidado e millóns de euros.



No que atinxe ao financiamento do gasto materializado en investimentos, máis da metade do mesmo procede de fondos propios xerados con recursos procedentes ben do aforo corrente, ben do endebedamento e marxinalmente dos ingresos de capital. Entre un 20% e un 30% procede das actuacións financiadas con fondos europeos e o resto de transferencias da AXE, ben do FCI ben específicas para proxectos determinados.

Cadro LVIII. Fontes de financiamento dos investimentos do orzamento consolidado en %


Financiamento dos investimentos. Obrigas recoñecidas				
Ratio Investimento por fonte	2012	2013	2014	2015
% Financiamento FCI / Investimento Real	10,5%	8,1%	6,9%	12,5%
% Financiamento fondos propios / Investimento Real	65,6%	66,0%	77,8%	56,2%
% Financiamento finalistas do Estado/ Investimento Real	5,8%	5,0%	1,8%	1,7%
% Financiamento europeo / Investimento Real	17,6%	20,3%	13,2%	29,3%
Outros	0,6%	0,5%	0,3%	0,3%
	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

En canto a evolución do gasto non financeiro total, o seu máximo neste período (2006- 2015) acadouse no ano 2009 cando o seu importe ascendeu a case 10.475 millóns de euros. No ano 2010 prodúcese por primeira vez unha caída do gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia respecto o ano anterior o que se volve a producir no ano 2011, 2012, 2013 e 2014. Despois de reducirse consecutivamente ata 2014, chegan-

do a supor unha minoración respecto a 2009 de 1.977 millóns de euros, un 19% menos, o gasto non financeiro medra en case 400 millóns de euros, o que constitúe o inicio dunha senda de recuperación da capacidade de gasto orzamentario.

Gráfico LVIX. Evolución do gasto non financeiro consolidado 2006-2015. Orzamento consolidado e millóns de euros.

GASTO NON FINANCEIRO




No que atinxe aos ingresos, a súa distribución por capítulos durante o período 2006-2015 mostra unha evolución aínda mellor, tanto en termos absolutos como no seu contido ao basearse nun crecemento sólido do ingreso corrente, tal e como pode apreciarse no seguinte cadro:

Cadro LIX: Ingresos Consolidados (Dereitos Recoñecidos). Datos en Millóns de euros

CAPITULO	EXERCICIO	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011	2.012	2.013	2.014	2.015
INGRESOS											
INGRESOS DIRECTOS	I	1.241	1.444	1.651	1.737	1.385	2.050	2.013	2.023	1.998	2.094
INGRESOS INDIRECTOS	II	2.536	2.714	2.550	2.119	1.874	2.690	2.670	2.892	3.141	3.151
TAXAS E PREZOS	III	244	282	252	262	248	256	167	180	186	205
TRANSFERENCIAS CORRENTES	IV	4.005	4.324	4.644	5.019	4.364	2.460	2.473	2.290	1.935	2.209
INGRESOS PATRIMONIAIS	V	30	51	61	29	19	23	25	41	29	14
Total correntes		8.056	8.816	9.158	9.165	7.890	7.479	7.347	7.425	7.288	7.674
ALLEAMENTOS	VI	62	56	84	66	22	24	16	17	11	8
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	VII	782	818	858	908	818	748	642	636	553	770
Total capital		844	873	942	974	839	771	658	653	564	778
Ingresos non financeiros		8.900	9.689	10.100	10.139	8.730	8.250	8.005	8.078	7.852	8.452
	VIII	18	17	19	16	7	4	33	26	26	33
	IX	388	542	588	936	1.822	1.293	1.624	1.909	2.221	1.752
Total financeiros		406	559	607	953	1.830	1.298	1.657	1.935	2.247	1.785
Total Ingresos		9.306	10.249	10.707	11.092	10.559	9.547	9.662	10.013	10.099	10.237

Os ingresos correntes acadaron o seu máximo nos anos 2008 e 2009, reducíndose no 2014 respecto ao máximo de 2009 en 1.877 millóns de euros un 20,5% menos. Agora no 2015 recuperáñse ata acadar os 7.674 millóns de euros. Dende o 2011 esta masa financeira amosaba unha evolución estable en torno aos 7.400 millóns de euros, tras unha baixa anómala no 2014 (que explica a importante liquidación do sistema de financiamento no 2016), aumentan no 2015 en case 400 millóns de euros.


Gráfico LX. Evolución dos ingresos correntes 2006-2015. Conta Xeral consolidada e millóns de euros.



En canto aos ingresos de capital, a súa execución no 2015 representou o 9,2% dos ingresos non financeiros totais, o que supón unha importante recuperación que implica voltar a niveis de 2007, no que atinxe ao peso destes ingresos e de 2011 no que atinxe ao seu volume.


Gráfico LXI. Evolución dos ingresos de capital. Conta xeral consolidada 2006-2015

INGRESOS DE CAPITAL



No que refire á evolución dos ingresos non financeiros, o seu máximo durante o período 2005- 2015 acadouse nos anos 2008 e 2009, con valores practicamente similares, por en riba dos 10.000 millóns de euros. Nos dous anos seguintes, os ingresos non financeiros caen fortemente ata case 2.000 millóns de euros, un 18,6% menos. A recesión económica do 2012 fai deteriorarse novamente a recadación en 250 millóns de euros adicionais, deixando os ingresos non financeiros nos 8.000 millóns de euros, que voltan a baixar no 2014 ata os 7.852 millóns de euros.

Gráfico LXII. Ingresos non financeiros e PIBpm. Conta xeral 2006-2015. Milións de euros.



Despois dun 2013 onde se recuperara o aforro corrente, a abrupta caída dos ingresos do sistema de financiamento no 2014 provocan voltar ao aforro negativo que se recupera no 2015 e subirá con forza no 2016.

Porén, a Comunidade Autónoma de Galicia pasou de ter aforros brutos superiores aos 1.000 millóns de euros durante o período comprendido entre os anos 2005 e 2009 a ter un aforro no ano 2013 de 75 millóns de euros, despois de pechar con aforro negativo nos anos 2011, 2012 e 2014. No 2015 pasamos a un aforro corrente positivo de 204 millóns de euros.

A importancia de este saldo orzamentario radica en que foi, e debe ser nunhas finanzas saneadas, o principal provedor de financiamento de investimentos da comunidade autónoma. Polo que de non recuperarse os ingresos correntes, a capacidade de investir no futuro verase limitada ás disponibilidades de fondos finalistas.

É por elo polo que a Xunta de Galicia ven actuando de xeito continuado en diversas accións que tentan mellorar a capacidade de xerar aforro corrente, tanto pola vía dos ingresos que deben mellorar substancialmente ao ritmo da recuperación da economía e do emprego como pola vía do gasto corrente, mediante accións de racionalización administrativa e eliminación do gasto improdutivo.

Cadro LX: Aforro Bruto.

	2.005	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011	2.012	2.013	2.014	2.015
INGRESO CORRENTE	7.386,2	8.055,8	8.815,8	9.157,8	9.165,3	7.890,3	7.478,6	7.347,0	7.425,1	7.288,3	7.674,0
GASTO CORRENTE	6.088,8	6.512,9	6.969,6	7.550,3	8.033,0	7.861,2	7.533,2	7.469,1	7.349,4	7.375,6	7.470,4
Aforro bruto/Corrente	1.297,4	1.542,9	1.846,2	1.607,5	1.132,3	29,1	-54,6	-122,1	75,7	-87,3	203,6
taxa de aforro%	17,6%	19,2%	20,9%	17,6%	12,4%	0,4%	-0,7%	-1,7%	1,0%	-1,2%	2,7%

Finalmente, en canto á evolución do superávit ou déficit non financeiro, no período de referencia pódense extraer as seguintes conclusións: nos anos 2006 e 2007 conseguíuse pechar o exercicio cun superávit non financeiro e os anos seguintes remataron todos con déficit. O máis elevado produciuse no ano 2010 cando ascendeu a case 1.000 millóns de euros.

O resultado orzamentario de 2015 é o déficit máis baixo dende 2009, 422 millóns de euros en liña co obxectivo autorizado e 223 millóns menos que o ano anterior.

Esta foto final é a que explica o devenir das diferentes masas de gasto dos últimos anos e as decisións de axuste para acomodalas, Galicia en comparanza con 2010 tivo 278 millóns de euros menos de ingresos que tivo que compensar no gasto, xunto con unha redución de 540 millóns de euros do seu déficit, o que supuxo unha baixa no gasto non financeiro de 817,6 millóns de euros. (Se fixeramos a comparanza dende 2009 a baixa sería de 1.601 millóns de euros).

Cadro LXI Superávit (+) / Déficit (-) Non Financeiro.

	2.005	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011	2.012	2.013	2.014	2.015
INGRESO NON FINANCEIRO	8.286,5	8.900,1	9.689,2	10.099,9	10.139,4	8.729,6	8.249,9	8.004,9	8.078,2	7.852,3	8.452,0
GASTO NON FINANCEIRO	8.272,7	8.813,5	9.444,1	10.301,5	10.475,5	9.692,2	8.944,0	8.856,2	8.623,0	8.497,6	8.874,6
RESULTADO NON FINANCEIRO	13,8	86,6	245,1	-201,6	-336,1	-962,6	-694,1	-851,4	-544,8	-645,3	-422,6


V.3. Evolución do Endebedamento: posición relativa

O principal resultado da evolución dos ingresos e gastos consolidados dunha administración é o seu saldo non financeiro ou resultado orzamentario que acabamos de analizar e o seu corolario, o endebedamento preciso para financeiro.

O endebedamento da Comunidade Autónoma de Galicia incrementouse dende finais do 2012 ata o segundo trimestre de 2016, último dato dispoñible nun 28%, a porcentaxe máis pequena de tódalas comunidades autónomas.

Gráfico LXIII. Variación da ratio débeda / PIB 2012-2016

Porcentaxe de variación da débeda. 2012- 2016/II



A necesidade dunha evolución moderada do endebedamento non é un fin en si mesmo, máis é a garantía de sostibilidade das finanzas públicas, xa que permitirá cando sexa preciso acudir de xeito temporal a os ingresos e gastos públicos para reducir o endebedamento.

A seguinte gráfica mostra a situación da ratio débeda PIB de Galicia e do resto das comunidades autónomas, como se indicou ao principio da memoria, é de esperar que a evolución de este ratio se establezca neste exercicio para reducirse paulatinamente a medio prazo, tal e como evidencia a gráfica seguinte, neste senso o camiño que ten que percorrer a nosa comunidade autónoma ata acadar os niveis de débeda previstos na normativa de estabilidade orzamentaria en función do establecido no pacto de estabilidade e crecemento, é moito máis suave que o da media das ccaa.

Gráfico LXIV. Evolución da ratio débeda/PIB





Gráfico LXV. Evolución da débeda per cápita



Como se ten sinalado, a Lei Orgánica de Estabilidade Presupuestaria ademais de establecer obxectivos de estabilidade presupuestaria se fixan tamén obxectivos de débeda. Deste xeito o Consejo de Política Fiscal y Financiera aprobou a seguinte senda para o conxunto da débeda autonómica:

Cadro LXII, Ratio Débeda/Pib. Protocolo PDE Banco de España e SEC 2010.

	realizado			previsto			
	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Débeda/Pib	17,2	18,6	18,7	18,9	18,8	18,6	18,0

Tamén se estableceron os seguintes obxectivos para cada unha das CCAA para o trienio 2017, 2018 e 2019.

Cadro LXIII. Obxectivos de estabilidade orzamentaria das comunidades autónomas

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Comunidades Autónomas	-2,0	-2,9	-3,3	-1,8	-1,5	-1,7	-1,7	-0,7	-0,6	-0,3	0,0

V.4. Transparencia

A Lei 2/ 2011, de 16 de Xuño, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira dispón no seu artigo 19, adicado a instrumentación do principio de transparencia, apartado 5 que "Os orzamentos xerais recollerán información sobre a necesidade de financiamento da Comunidade Autónoma, os investimentos reais das empresas públicas en termos de contabilidade nacional, a ratio de gasto público da Comunidade Autónoma en relación co produto interior bruto rexional, o nivel de débeda pública no seguinte exercicio e a evolución das seguintes ratios e magnitudes: ratio débeda/PIB, ratio débeda/ingresos correntes, risco comprometido por avais e compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario".

As seguintes ratios elabóranse a partires do dato certo do último exercicio pechado, da previsión de cerramento de 2016 e, do orzamento que se presenta para 2017.

Cadro LXIV. Ratios orzamentario-financeiros

	2015	2016	2017
Necesidade de Financiamento (% PIB)	-0,70%	-0,60%	-0,50%
Necesidade de Financiamento (M€)	403	346	298
Investimentos reais das empresas pública:	127,9	92,7	101,0
Ratio Gasto Non Financeiro - PIB rexional	14,7%	15,2%	15,2%
Ratio Gasto Total - PIB rexional	17,6%	17,9%	18,1%
Ratio Investimento por habitante	255,9	285,9	297,5
Ratio gasto non financeiro por habitante	3.084,6	3.236,1	3.340,2
Débeda Pública (M€)	10.400	10.850	11.229
Ratio Débeda - PIB	18,7%	18,8%	18,8%
Ratio Débeda - Ingresos Correntes	139%	135%	138%
Débeda por Habitante	3.803,0	3.988,0	4.146,5
Risco comprometido por avais (M€)	138,2	108,0	86,5
Compromisos por emprego de fórmulas de	3.067,6	2.857,0	2.722,0


en euros e %

Neste sentido a Necesidade de Financiamento de Galicia no exercicio 2017 será dun 0,5% do PIB rexional cumprindo co obxectivo de estabilidade orzamentaria acordado polo Consello de Política Fiscal e Financeira o cal supón unha necesidade de financiamento de 298 millóns de euros.

A gráfica seguinte compara a senda de consolidación fiscal de Galicia e do total das comunidades autónomas, permite apreciar como os esforzos temperás na contención do déficit permiten unha senda máis suave no espazo temporal obxecto de análise, o que se traduce en máis estabilidade na dotación das diferentes políticas de gasto e menos medidas de axuste de ingresos e gastos.

Gráfico LXVI. Necesidade de financiamento das comunidades autónomas en % do PIBpm.

SENDA DE CONSOLIDACIÓN FISCAL



De seguido recóllese a mesma táboa para o conxunto do sector público (sen incluír a axuda ao sector financeiro).


Cadro LXV. Senda de consolidación fiscal das aapp

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Administración central	-8,7	-5,9	-5,1	-4,1	-4,5	-3,5	-2,6	-2,1	-1,5	-1,1	-0,9
Comunidades Autónomas	-2,0	-2,9	-3,3	-1,8	-1,5	-1,7	-1,7	-0,7	-0,6	-0,3	0,0
Corporacións Locais	-0,5	-0,5	-0,5	-0,2	0,5	0,5	0,4	0,0	0	0,0	0,0
Seguridade Social			-0,1	-1,0	-1,0	-1,1	-1,3	-1,8	-1	-0,8	-0,7
TOTAL	-11,2	-9,3	-9,0	-7,1	-6,5	-5,7	-5,2	-4,6	-3,1	-2,2	-1,6

A representación gráfica de esta senda das diferentes administracións mostra como xurde con forza un novo actor na determinación das necesidades de financiamento das administracións públicas, que xa no 2016 supera ás comunidades autónomas neste parámetro, é a administración da seguridade social, que é a administración pública que sofre un maior deterioro por mor da crise e que ven condicionando os repartos de obxectivos de déficit entre as diferentes administracións dende 2013.

O propio gráfico permite ollar como se unha reforma estrutural de calado dificilmente se cumprirá o obxectivo fixado para a seguridade social.

Gráfico LXVII. Senda consolidación fiscal aapp



En canto aos investimentos reais das entidades instrumentais da comunidade autónoma que non forman parte do orzamento administrativo no ano 2017 ascende a 92,8 101 millóns de euros 8un 8,8% máis que no 2016. O importe detallado de ditas inversións axúntase como anexo ao final do documento.

No que atinxe ás ratios de gasto, a ratio de gasto público da Comunidade en relación co PIB rexional, no ano 2017 a porcentaxe de gasto non financeiro en relación ao PIB de Galicia é dun 15,2% o mesmo que o do ano (14,7 %) como consecuencia de que o gasto non financeiro (comparando os créditos iniciais) medra a un ritmo semellante ao do o pib nominal.

Respecto ao gasto total, a súa ratio para o ano 2017 aumenta desde o 17,9 % ao 18,1 % debido ao aumento das amortizacións de débeda pública previstas que fan aumentar o gasto total ata o 4,8% sobre o do pasado exercicio (491 millóns de euros), un punto por riba do crecemento do PIB nominal.

En canto o nivel de Débeda Pública do ano 2016, estímase que a finais de dito ano a débeda pública calculada segundo o Procedemento de Déficit Excesivo acadará o importe de 10.850 millóns de euros e que a finais do ano 2017 sexa de 11.229 Millóns de euros, o que suporá un incremento da mesma de 379 Millóns de euros.

A Lei de Disciplina Orzamentaria esixe información sobre a evolución das seguintes ratios que teñen relación co nivel de débeda pública: a ratio débeda/PIB e a débeda en relación cos ingresos correntes.

No que respecta á evolución da débeda/PIB estímase que a finais do ano 2016 sexa dun 18,8 % e que a ratio aplane a súa evolución baixando algunhas centésimas, o que implica o mantemento da ratio a finais do ano 2017 no devandito 18,8 %.

Respecto a relación entre a débeda e os ingresos correntes no ano 2016 a débeda de Galicia constituirá o 135 % dos seus ingresos correntes e no ano 2017 dita relación sube ao 138 % como consecuencia dun maior aumento do stock de débeda previsto a finais de ano que dos ingresos correntes, medrando os ingresos correntes en 99 millóns de euros e o stock de débeda a finais de 2017, 382 millóns de euros.

De seguido refírese ao risco comprometido por avais, hai que ter en conta o disposto no Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en concreto nos seus artigos 40 a 45, dita Lei en canto ao límite máximo de avais que se poderán conceder durante cada ano remite a Lei de Orzamentos neste sentido a Lei de Orzamentos de Galicia do ano 2016 dispón que o importe máximo dos avais que a Xunta de Galicia poderá conceder durante o ano 2016 será de 30 millóns de euros e a continuación establece que o Instituto Galego de Promoción Económica poderá conceder, durante o ano 2017, avais en canto non se supere en ningún momento o saldo efectivo vixente de 500 millóns de euros.

Dende xuño de 2015, a concesión de avais está suxeita ao principio de prudencia financeira dacordo ao artigo 13 da Lei Orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de Financiación de Comunidades Autónomas (LOFCA).

As condicións de prudencia para avais tense desenvolvido por Resolución da Secretaría General Coordinación Autonómica y Local de 9 de setembro, que fixa un límite do importe total de avais autorizado por cada comunidade autónoma do 1,5% do seu PIB rexional, os límites recollidos na lei de orzamentos recollidos no parágrafo anterior respectan esta limitación.

Para a comunidade autónoma de Galicia este límite sitúase nos 820 millóns de euros, significativamente superior ao límite autorizado na Lei de presupostos (500 mill.€) y ao risco vivo por avais (108 mill.€).

A 30 de xuño de 2016 o IGAPE tiña un total comprometido por riscos asumidos por avais de 107,97 millóns de euros, a este risco vivo, que inclúe tanto as operacións da liña xeral de avais como do Plan Re-Brote, deber sumárselle os reavais ante SGR. Tendo en conta os reavais vivos comunicados polas SGR o risco máximo asumido ascendería a 4,11 millóns de euros adicionais.

Para o ano 2017 estímase que os avais comprometidos polo IGAPE alcanzarán o importe de 86,5 millóns de euros.

Por último a Lei de Disciplina Orzamentaria establece que os Orzamentos recollerán información dos compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto das xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario, esta información figura na memoria I.

En canto aos compromisos por emprego de formulas de pago adiado xa contratados son os establecidos na seguinte táboa:

Cadro LXVI. Compromisos de pago futuros en cpp e concesións de obra pública

Contratos celebrados colaboración público-privada e concesión de obra pública								
PROXECTOS	ADMINISTRACIÓN XERAL					SERGAS		
	AG-56 Santiago-Brión - As Galanas(N- 550)- Pardiñas	Vía rápida VRG-4.1 O Salnés	Vía Rápida do Barbanza. VRG- 1.1	A52 - Fronteira Portuguesa. VAC A-52	Autovía Costa da Morte	Conc Obra Púb Novo Hospital de Vigo	Contrato Alta Tecnoloxía	
IMPORTE DA INVERSIÓN DE ADXUDICACIÓN	103.340	43.960	93.830	95.920	199.413	315.228		
COMPROMISOS DE PAGO ANUAIS								
ANO	Investimento	Investimento	Investimento	Investimento	Investimento	Canons	Investimento	Canons
2017	11.337	5.056	11.989	8.918	22.531	23.843	41.936	9.325
2018	11.761	5.319	12.598	9.263	23.094	23.910	41.862	9.758
2019	12.238	5.589	13.231	9.622	23.672	26.264	39.273	9.668
2020	12.735	5.891	11.169	10.022	24.264	26.347	39.181	9.668
2021	13.278	6.168	10.824	10.339	24.870	28.124	37.227	9.901
2022	13.771	6.467	11.366	10.609	25.492	27.652	37.746	10.125
2023	14.324	6.785	11.952	10.876	26.129	27.740	37.650	8.675
2024	14.900	7.130	12.557	11.170	26.782	27.828	37.553	
2025	15.543	7.456	13.183	11.375	27.452	26.563	38.945	
2026	16.126	7.747	13.855	12.068	28.138	26.650	38.848	
2027	16.777	8.045	14.551	12.302	28.842	31.230	33.811	
2028	17.452	8.383	15.299	12.443	29.563	31.333	33.697	
2029	18.206	8.683	16.072	12.386	30.302	29.235	36.005	
2030	18.885	9.025	16.899	12.453	31.059	29.332	35.898	
2031	19.643	9.375	17.756	12.644	31.836	29.429	35.792	
2032	20.430	9.760	18.638	12.865	32.632	29.526	35.684	
2033	21.313	10.110	19.584	6.328	33.448	24.596	41.108	
2034	21.959	10.497	20.560	6.423	34.284	23.582	42.223	
2035	15.987	7.708	21.600	6.515	35.141	17.309	30.884	
2036			8.213	6.627	36.019			
2037				6.702	36.920			
2038				7.067	10.368			
2039				7.166				
2040				2.130				

(Miles de Euros)

Dita táboa reflicte que ata o ano 2040 a Xunta de Galicia ten comprometidos a través das colaboracións público privadas 2.857 millóns de euros. No ano 2017 non está previsto dispor de máis gasto a través destas fórmulas de pago adiado, polo que o importe comprometido ao final do ano 2017 será de 2.722 millóns de euros.

Gráfico LIII :ANEXO: Investimentos reais das empresas públicas. Euros

	ENTIDADES	INVESTIMENTOS REAIS 2017
406	Portos de Galicia	6.855.585
412	Augas de Galicia	53.397.737
109	Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	2.070.000
502	Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	4.536.047
512	Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	22.000
513	Consortio de Bibliotecas Universitarias de Galicia	5.000
515	Consortio extensión universitaria e divulgación ambiental	12.000
517	Consortio Casco Vello de Vigo	1.979.914
413	Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	76.500
415	Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	3.692.011
418	Instituto Galego de Medicina Xenómica	177.362
604	Fundación Galicia Europa	10.480
606	Fundación Galega para a Tutela de Persoas Adultas	4.670
608	Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	3.000
609	Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia	486.984
612	Fundación Feiras e Exposición de Ourense	40.800
650	Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	180.249
651	Fundación ROF Codina	745.000
652	Fundación Deporte Galego	20.000
656	Fundación Galega de Formación para o Traballo	38.700
661	Fundación Axencia Enerxética Provincial de A Coruña	3.121
702	Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	500.000
706	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia	4.282.690
707	SODIGA Galicia, Sociedade de Capital Risco	4.878.966
708	XESGALICIA, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco, S.A.	135.000
709	Galicia Calidade, S.A.	15.000
710	Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	40.000
714	Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos	40.828
717	Xenética Fontao, S.A.	368.500
718	Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios	3.400.600
719	Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	2.090.070
727	Xestión do solo de Galicia, XESTUR, S.A.	6.469.299
729	Corporación Radio Televisión , S.A.	4.407.578
	TOTAL	100.985.691

